

**DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO  
DO CONCELLO DE  
FORNELOS DE MONTES**

Xaneiro de 2006

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	5
1.1. Metodoloxía .....	5
1.2. Apuntamento histórico .....	6
2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO .....	7
2.1. Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra .....	7
2.2. Estrutura parroquial.....	8
2.3. Entidades de poboación .....	8
3. RECURSOS NATURAIS .....	9
3.1. Solo .....	9
3.2. Características climáticas.....	11
A) Precipitacións.....	12
B) Temperaturas .....	13
C) Amplitude térmica .....	14
3.3. Vexetación.....	15
3.4. Relevo .....	17
3.5. Ríos .....	18
3.6. Zonas de interese natural .....	20
4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO .....	21
4.1. Patrimonio histórico e arqueolóxico.....	21
4.2. Patrimonio arquitectónico .....	22
4.3. Patrimonio etnográfico .....	24
4.4. Recursos turísticos.....	26
5. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS.....	28
5.1. Planeamento urbanístico vixente .....	28
5.2. Infraestruturas de comunicación.....	29
5.3. Centros educativos .....	30
5.4. Servizos sociais.....	30
6. POBOACION E VIVENDA .....	31
6.1. Efectivos poboacionais.....	32
A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial.....	32
B) Densidade demográfica .....	33
C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia.....	33
D) Poboación segundo nacionalidade .....	34
E) Evolución demográfica .....	35
6.2. Estrutura da poboación.....	36



A)	Pirámide de poboación .....	36
B)	Distribución da poboación por grandes grupos de idade .....	38
C)	Idade media da poboación .....	39
D)	Índice de feminidade .....	40
E)	Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil .....	40
F)	Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento .....	41
6.3.	Movemento natural da poboación.....	43
A)	Nacementos, casamentos e defuncións.....	43
B)	Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade .....	44
C)	Saldo vexetativo.....	46
6.4.	Movements migratorios .....	47
A)	Emigración.....	47
B)	Inmigración.....	49
C)	Saldo migratorio .....	51
6.5.	Nivel de formación da poboación .....	53
A)	Nivel de estudos da poboación.....	53
B)	Taxa de analfabetismo .....	55
C)	Tipo de estudos da poboación.....	56
D)	Lugar de estudo da poboación .....	56
E)	Educación non universitaria .....	57
6.6.	Vivenda.....	57
A)	Tipo de vivenda.....	58
B)	Réxime de tenza da vivenda.....	58
C)	Principais problemas da vivenda e do contorno.....	59
D)	Residentes e tamaño medio da vivenda .....	60
7.	MERCADO DE TRABALLO.....	61
7.1.	Actividade .....	63
7.2.	Ocupación.....	65
7.3.	Desemprego .....	71
7.4.	Promoción do Emprego .....	75
A)	Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego.....	76
B)	Axudas e subvencións para a creación de emprego.....	77
C)	Accións de desenvolvemento rural .....	78
8.	ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS .....	79
8.1.	Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento .....	80
A)	Nivel de renda .....	80
B)	Outros parámetros de desenvolvemento .....	81
8.2.	Sectores produtivos e actividade económica .....	84



A) Sector primario .....	86
B) Sector secundario .....	89
C) Sector terciario .....	91
8.3. Análise dunha actividade económica de Fornelos de Montes: O Kiriko .....	94
A) Localización .....	95
B) Instalacións .....	95
C) Persoal .....	95
D) Actividades .....	96
9. TERCEIRO SECTOR .....	97
10. DAFO DE FORNELOS DE MONTES.....	98
10.1. Encadre territorial.....	98
10.2. Recursos naturais .....	99
10.3. Recursos culturais e patrimonio.....	102
10.4. Organización do territorio, infraestruturas e equipamento .....	104
10.5. Poboación e vivenda .....	106
10.6. Mercado de traballo.....	108
10.7. Economía.....	110
10.8. Terceiro sector.....	112
10.9. Análise DAFO xeral .....	113



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. Metodoloxía

O presente documento de traballo inclúese dentro da medida “Desenvolvemento do territorio” que integra o actual proxecto de UPD. O obxectivo desta medida é poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio. As accións relacionadas con esta medida están dirixidas a obtención de información, investigación e análise do contorno de cara a definición de proxectos.

Este traballo é unha desas accións e ten como obxectivo servir de instrumento que fundamente calquera estratexia de actuación no territorio e tomar decisións en materia de desenvolvemento e emprego a raíz da análise pormenorizada do espazo socioxeográfico. Para acadalo definiuse a realización dunha Análise e Diagnóstico do Territorio (no sucesivo, ADT) de cada un dos concellos da MAIV, nos que a través de diferentes fases se obteña unha visión o máis axustada posible sobre as potencialidades do territorio, e neste caso, do concello de Fornelos de Montes.

A través das seguintes páxinas descríbense os resultados da primeira das fases do diagnóstico que se inclúen nos ADT, correspondente co inventario de recursos e elementos valorizables existentes no concello. Esta é unha análise detallada do territorio a través dos elementos que integran o sistema social, cultural, natural, e económico, permitindo ver os usos que del se fan.

A sistematización da información agrúpase en 10 temáticas, que inclúen una serie de indicadores. As 10 áreas nas que agrupamos a información son:

- ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO
- RECURSOS NATURAIS
- RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO
- ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS
- POBOACIÓN E VIVENDA
- MERCADO DO TRABALLO
- ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS. ANÁLISE DUNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA CARACTERÍSTICA DO CONCELLO
- TERCEIRO SECTOR
- ANÁLISE DAFO
- PROPOSTAS DE DESENVOLVEMENTO E ACTUACIÓNS NO EIDO DO EMPREGO

Os datos obtivéronse do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Instituto Nacional de Estadística (INE), de diversas fontes públicas e privadas e do propio concello de Fornelos de Montes. A partir desa información, creáronse bases de datos e obtivéronse indicadores que facilitan o coñecemento



do territorio no seu conxunto. Así mesmo a análise complementábase coa comparación dos datos obtidos para Fornelos de Montes cos da AMV, Pontevedra e Galicia, de xeito que se comprenda mellor a evolución histórica, o momento actual e o futuro do concello.

A segunda fase do presente ADT, consistirá nunha análise cualitativa a partir da consulta aos técnicos dos concellos e doutras persoas representantes do territorio nos seus diferentes ámbitos. O obxectivo é ampliar a información existente nas fontes consultadas e sistematizada neste documento coas percepcións dos axentes socioeconómicos que actúan no territorio. Para acadar esa información, deseñáronse ferramentas para a recollida de datos, dirixidas ás persoas que se identifiquen relevantes para a análise.

O inventario de recursos complementábase cunha análise DAFO e cunha primeira achega de propostas de desenvolvemento e actuacións concretas no ámbito do emprego.

Por último, e para completar o ADT do concello de Fornelos de Montes, os axentes implicados no seu desenvolvemento, revisarán o traballo realizado, de xeito que, ao incorporar as súas achegas ao documento e baseándose no seu coñecemento e implicación co territorio, as propostas e conclusións obtidas resulten mais axustadas á realidade do concello.

## 1.2. Apuntamento histórico

Durante o antigo réxime as parroquias que integran o actual concello de Fornelos de Montes pertencían á xurisdición de Soutomaior, tiña o seu señorío o duque de Soutomaior e estaba integrada na provincia de Tui. En 1813 segundo as disposicións emanadas da constitución de Cádiz substituíuse o réxime señorial por unha administración municipal, feito que supuxo a creación do concello de Fornelos de Montes. Non obstante, en 1814 o rei Fernando VII derogou a constitución e restaurou o réxime señorial. As vicisitudes propiciaron un segundo período de vixencia do concello (1820-1823), unha vez que triunfou o pronunciamento do Coronel Riego en Cabezas de San Juan e se recuperou o sistema constitucional. Neste intervalo, concretamente en 1822, o concello pasou a depender da provincia de Vigo.

A definitiva implantación do municipalismo produciuse en 1835: daquela o que fora concello de Fornelos de Montes, integrouse no concello de Soutomaior, no que permaneceu ata 1870, cando se consumou a segregación da que resultou a actual formación do concello. Antes disto, en 1854 rexistrouse un efémero traslado da capitalidade deste municipio de Soutomaior, que conservou a súa denominación, á parroquia de Fornelos de Montes. Non obstante, malia que o traslado fora aprobado polas autoridades da provincia, no verán dese mesmo ano a capitalidade regresou a Soutomaior. Posteriormente, en 1870 produciuse a segregación do concello de Fornelos de Montes do concello de Soutomaior, quedando o concello cos límites e parroquias que ten hoxe en día.



## 2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO

### 2.1. Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra




O concello de Fornelos de Montes localízase no suroeste da comunidade Autónoma de Galicia entre as coordenadas xeográficas 42° 22' 25'' Norte, 42° 17' 07'' Sur, 8° 19' 00'' Leste e 8° 31' 20'' Oeste.

Administrativamente pertence á provincia de Pontevedra, situándose no Centro-Leste da mesma. Pertence ao Partido Xudicial de Redondela e á Diocese de Tui.

Limita ao Norte cos concellos de Ponte Caldelas e A Lama, ao Sur cos de O Covelo e Mondariz, ao Leste con Leiro e ao Oeste cos de Pazos de Borbén e Soutomaior.


A súa superficie é de 83,1 km<sup>2</sup> ao longo da que se distribúen un total de 31 entidades menores de poboamento dentro de sete parroquias.

É o concello situado máis ao interior da Área Metropolitana viguesa, presentando altitudes que oscilan entre un mínimo de 90 metros no Oeste, na parroquia de Calvos ao pe do curso do río Oitavén, e os 1.059 metros que se acadan no Leste no couto Minuto, na parroquia de A Laxe.



## 2.2. Estrutura parroquial

A superficie do concello de Fornelos de Montes estrutúrase en torno a sete parroquias que albergan un total de trinta e unha entidades menores de poboación. Segundo a extensión que presentan, a parroquia máis grande é a de San Xosé de A Laxe, na que recollen un total de catro núcleos de poboación. Séguena, segundo o tamaño, San Miguel de Ventín con dúas entidades de poboación, Santa Mariña de Traspielas con catro, San Lourenzo de Fornelos con dez, San Adrián de Calvos con cinco, San Vicente de Oitaven con dúas e Santa María de As Estacas con catro entidade de poboación.



Segundo o número de habitantes, sobresaen as parroquias situadas ao Oeste do concello como as máis poboadas, namentres que as menos se sitúan cara o Leste. Así, Fornelos de Montes, Calvos e Traspíelas son, por este orden, as parroquias máis poboadas, mentres que A Laxe, As Estacas e Ventín son as que posúen un menor número de habitantes.

## 2.3. Entidades de poboación


Das trinta e unha entidades menores que se recollen dentro do termo municipal de Fornelos de Montes, no lugar de A Igrexa é onde reside a capitalidade municipal, sendo este núcleo o máis importante en canto a número de habitantes e actividade económica e comercial se refire.

Os núcleos situados máis cara o Oeste do concello son nos que residen un maior número de persoas. Así, despois do de A Igrexa, seguen os de Alén, na parroquia de Calvos, Fondo de Vila na de Fornelos de Montes, Ventín de Arriba na de Ventín, A Curuxeira na de Calvos e Freaza na de Traspíelas. Pola contra, a medida que imos penetrando cara o interior do concello, cara o Leste, os núcleos teñen cada vez menos poboación. Así, de entre o menos poboados están os de O Couso, O Casal e





Entrerriós na parroquia de A Laxe e Bustelos e As Estacas na parroquia de As Estacas. Chama a atención o lugar de Soutosico, na parroquia de Fornelos de Montes, como un dos núcleos menos poboados debido á proximidade do encoro de Eiras e que inflúe na habitabilidade deste lugar.




### 3. RECURSOS NATURAIS


#### 3.1. Solo

A práctica totalidade do concello de Fornelos de Montes presenta un solo no que dominan os granitoides de dúas micas, material que presenta unha composición similar a do granito pero que se caracteriza pola súa fácil exfoliación en láminas delgadas e flexibles. Soamente existe unha pequena zona no Norte do concello dedicada a encoros, debido á presenza do encoro de Eiras neste punto.





O afloramento ao exterior en forma de batolitos (penedos), constitúe un elemento característico da paisaxe da zona. A existencia de numerosas fallas e diaclasas, así como o nivel elevado de precipitacións, condicionou o modelado do relevo.




No que se refire aos usos do solo, Fornelos de Montes presenta unha ampla extensión dedicada a mato e pasteiros sobre rocha e que ocupa máis da metade da superficie do concello. Destaca a maior presenza deste uso nas zonas onde o terreo presenta as súas máximas elevacións e en zonas de pendentes, tal e como se pode apreciar por todo o centro e Leste do municipio así como nunha franxa central que atravesa este espazo de Norte a Sur e próxima ao Oeste. Ségueno en importancia a superficie ocupada por masas arbóreas mixtas (eucaliptos, piñeiros e frondosas), que se reparten ao longo de toda a superficie municipal pero que presentan a súa maior extensión na parte central e Oeste do concello nas parroquias de Vertín, As Estacas, Fornelos de Montes e Calvos. Localízanse principalmente nas partes altas das ladeiras dos vales que conforman os distintos ríos e regatos que bañan este espazo. Os usos dedicados a mato e especies madeireiras tamén presentan especial



relevancia, localizándose principalmente no Sur, nas parroquias de Traspuelas e Ventín, así como no centro da parroquia de As Estacas. No Norte a penas se atopa este tipo de uso agás unha pequena superficie entre as parroquias de Fornelos de Montes e Oitaven. A presenza de solos dedicados a prados en maioría e cultivos anuais tamén é destacable. Atópanse repartidos en pequenas superficies ao longo de todo o concello e no entorno dos núcleos de poboación, sendo máis frecuente a súa presenza e maior extensión nas parroquias do Oeste. As características do clima e do relevo no Leste fai que a presenza desta clase de uso sexa menos frecuente, reducíndose considerablemente a súa extensión nas parroquias de A Laxe, As Estacas e Ventín. Tamén se pode destacar a superficie que ocupan as especies autóctonas caducifolias, que unicamente se localizan no Oeste nunha franxa que atravesa o concello de Norte a Sur e que transcorre paralela ao río Barragán pola súa vertente Leste, constituíndo un espazo de importante valor paisaxístico e ecolóxico. Unha extensión inferior presenta a superficie dedicada a mato, que soe estar vinculada ou asociada a outras especies arbóreas. Menor importancia, no canto a extensión se refire, presentan outra clase de usos do solo como pode ser o dedicado a eucalipto e piñeiro, que se localizan nas parroquias de Calvos, As Estacas e Ventín; o dedicado a mato-pasteiro, que se localiza en exclusividade no Oeste do municipio e coincidindo coas zonas máis chairas do mesmo, sendo a parroquia de Calvos a que presenta unha maior extensión, localizándose os outros puntos no Norte da parroquia de Fornelos de Montes e no Sur da de Traspuelas; o dedicado a prados en maioría, cultivos anuais e viñedos que unicamente se localiza no Sur da parroquia de Traspuelas; mentres que os prados en maioría, cultivos anuais e caducifolias presentan unha extensión moi reducida estando presentes só no Norte da parroquia de Ventín.

### 3.2. Características climáticas

A localización xeográfica que presenta o concello de Fornelos de Montes xunto coas súas características topográficas fan que esteamos diante dun territorio cunhas características climáticas diferentes segundo o punto no que nos atopemos.



A zona situada no extremo Oeste do territorio, concretamente a parroquia de Calvos, o extremo oeste da de Oitaven e a metade Oeste de Traspuelas, está englobado dentro dun dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival, caracterizado por invernos chuviosos onde se recollen preto de 500 mm., e verán secos nos que a precipitación recollida é de preto de 200 mm., mentres que a temperatura oscila entre os 8-10°C de media no inverno e os pouco máis de 18°C no verán.

O extremo Leste do concello, sector oriental da parroquia de A Laxe, está enmarcado dentro dun dominio climático de montaña, caracterizándose por unhas precipitacións abundosas durante todo o ano, que recollen preto de 700 mm. no inverno mentres que no verán poden chegar a recollese ata 400 mm., e temperaturas baixas nos meses de inverno (4°C) e suaves nos de verán (16-18°C).

A maior parte do territorio está enclavado dentro dunha área de transición entre o dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival e o oceánico de montaña. O primeiro caracterízase pola temperaturas altas en verán e suaves no inverno con precipitacións estacionais e torrenciais, concentradas no outono e inverno, sendo frecuentes as xeadas a medida que entramos no interior do territorio. Como consecuencia da escaseza de precipitacións e o aumento das temperaturas se produce a conseguinte seca estival. Pola contra, o oceánico de montaña caracterízase por ter unhas temperaturas máis baixas e as precipitacións frecuentes e abundosas, sobre todo nas vertentes orientais.


As áreas de transición danse con frecuencia. As fronteiras non son exactas pero o cambio dun dominio a outro vaise facendo paulatinamente.

#### A) Precipitacións

A localización xeográfica e as características topográficas do concello de Fornelos de Montes provocan que as precipitacións sexan frecuentes e abundosas ao longo do ano. A época de maior pluviosidade concéntrase nos meses de outono e inverno, namentres que o verán é a estación na que se recolle unha menor cantidade de auga. Os meses de novembro, decembro e xaneiro son nos que se producen as maiores precipitacións, namentres que os niveis máis baixos se acadan nos meses de xuño e sobre todo xullo e agosto.

As precipitacións totais que se recollen dentro do municipio de Fornelos de Montes experimentan un aumento das mesmas de Oeste a Leste e a medida que aumenta a altitude do relevo. En xeral, a auga de choiva que se recolle no concello durante un ano está en torno aos 1.600 mm./ano.






Na parroquia de Calvos é na que se recolle unha menor cantidade de auga de choiva, arredor dos 1.500 l./m<sup>2</sup> ao ano, sendo a súa parte máis occidental a menos chuviosa do concello con 1.200-1.400 mm ao ano. Dende este punto e cunha dirección NO.-SL. a cantidade de auga recollida aumenta ata os 1.400-1.600 mm. por ano, debido á progresivo elevación do terreo, chegando a recollerse entre 1.600 e 1.800 mm. no Sur da parroquia, onde se atopa o punto máis elevado da mesma. Pola contra, a parroquia de A Laxe, situada no extremo oriental do concello, é a que presenta un maior nivel de precipitación acumulada, cun total anual que chega a superar os 2.000 mm./ano. As choivas aumentan de Oeste a Leste neste espazo, ao igual que no conxunto do concello, á par que vai aumentando a elevación do terreo. Na metade occidental da parroquia recóllense entre 1.800 e 2.000 mm. ao ano, agás nunha pequena área situada no extremo Oeste onde a cantidade acadada é de entre 1.600 e 1.800 mm. Na metade oriental, coincidindo coas máximas elevación do concello, é onde se recollen os maiores niveis de auga de choiva, superando os 2.000 mm. ao ano.

Na metade centro-occidental do municipio a precipitación total anual varía entre os 1.400-1.600 mm., afectando á totalidade das parroquias de Fornelos de Montes e Oitaven así como a maior parte da de Traspelias. Na parte central do concello, entre as parroquias de Ventín e As Estacas, e a medida que vai aumentando a altitude do terreo, se vai producindo unha gradación ascendente das precipitacións pasando de 1.400 - 1.600 mm. na zona Norte aos 1.800 - 2.000 mm. na zona Sur.

## B) Temperaturas

A temperatura media obtense ao dividir a temperatura media de cada mes entre o número de meses de ano. No concello de Fornelos de Montes, ao igual que ocorre coas precipitacións, vai diminuindo o seu valor de Oeste a Leste froito da progresiva elevación do terreo nesta mesma dirección, pasando dos preto de 15°C de media que se rexistran no Oeste aos pouco máis de 10°C que se chegan a rexistrar no extremo oriental.





A temperatura media máis elevada rexístrase nos meses de verán e primavera, nos que esta oscila entre os 16°C e os 20°C, e os 10°C e os 14°C respectivamente. Pola contra, os meses de inverno son nos que se rexistran as temperaturas máis baixas, variando estas entre os 4°C e os 10 °C. No outono a temperatura media varía dos 8°C no sector máis oriental aos pouco máis de 13°C que se acadan no Oeste.

Os meses máis calurosos son os de xullo e agosto, nos que se acada unha temperatura media de entre 16°C e 20°C, namentres que os de meses de xaneiro e febreiro son os mais fríos cunha temperatura media e oscila entre os 4°C e os 8°C.


A zona onde se rexistran as temperaturas máis elevadas é nas parroquias situadas no Oeste e Norte do concello (Calvos e Fornelos de Montes), onde a temperatura media que se acada é de preto de 15°C. Na parte central do concello a temperatura media é de 13-14°C, reducíndose ata os 12-13°C a medida que nos achegamos cara o Sur da parroquia de Ventín, como consecuencia da continua elevación do terreo. Esta temperatura prolóngase cara o NL. do territorio afectando á parte central da parroquia de As Estacas e ao Oeste da de A Laxe, rexistrándose aproximadamente nunha franxa que vai entre os 500 e os 750 m. de altitude. O sector máis oriental do municipio, na parroquia de A Laxe, é no que se dan as temperaturas máis baixas sendo a media anual de 10-11°C na parte centro oriental da parroquia, mentres que na parte occidental son de 11-12°C. No extremo Leste da parroquia, onde o concello presenta as súas máximas elevacións, é onde se acada a temperatura máis baixa do municipio, cunha media anual que varía entre os 10 e os 11°C, valores que se acadan unha vez se superan os 950 metros de altitude.

### C) Amplitude térmica

A amplitude térmica anual ven a indicar a diferenza existente entre a temperatura media máxima e a temperatura media mínima acadada ao longo dun ano.



A elevación do terreo eríxese como o factor primordial á hora de avaliar os contrastes de temperatura, xa que provoca o aumento da oscilación térmica a medida que se vai aumentando en altitude.




Tal e como se pode apreciar no mapa anexo, diferéncianse tres sectores dentro do municipio de Fornelos de Montes, producíndose un aumento da oscilación de Oeste a Leste. No primeiro sector estarían os extremos occidental e setentrional, coincidindo coas elevacións máis baixas do concello, onde a amplitude térmica acadada é máis suave oscilando entre os 12,5°C e os 13,5°C, agás nun pequeno sector situado no SO. da parroquia de Calvos onde se acadan os 13,5-14,5°C e que coincide, á súa vez, coas máximas elevacións desta parroquia. Na parte central do territorio a oscilación aumenta ata acadar unha media de 13,5-14,5°C, agás nunha pequena extensión ao Sur onde se produce un aumento desta ata os 14,5-15,5°C. O sector situado máis ao Leste deste territorio así como unha pequena franxa que se estende cara o Sur ao longo do límite municipal é o que presenta unha amplitude térmica máis elevada, podendo acadar os 15,5°C, polo que as condicións climáticas neste punto son máis severas que, xunto coa intensa pluviosidade e as características do relevo, complican as condicións de habitabilidade do mesmo.

### 3.3. Vexetación

A superficie de bosque que presenta o concello de Fornelos de Montes está preto de acadar as tres hectáreas por habitante. Destaca a extensión que o monte desarborado presenta no concello, ocupando preto de dous terzos da súa superficie. A maior parte deste uso localízase por toda a metade oriental así como polo centro sur do concello. No resto da superficie atopamos todo un conxunto de especies que poden aparecer illadas ou mesturadas con outras. Segue en extensión a superficie dedicada a plantacións de eucaliptos, aínda que unha distancia moi grande, e que se concentra na súa maior extensión na metade Leste da parroquia de Fornelos de Montes.





As masas de bosque mixto, composto por carballos, eucaliptos e frondosas atópanse dispersas en extensións moi pequenas por todo o concello, estando presentes, na súa maior parte, no centro da parroquia de As Estacas formando unha liña que atravesa esta zona de Norte a Sur, no centro da de Ventín e entre o límite das parroquias de Calvos e Fornelos de Montes. Os bosques mixtos de piñeiro e eucalipto podémoslos atopar en pequenas extensións espalladas polo Sur do concello, sobre todo na parroquia de Traspuelas e en menor medida na de Ventín, parroquia na que atopamos a única superficie dedicada a piñeiros exclusivamente e que apenas presenta relevancia a nivel municipal.

Os bosques de carballos tamén teñen unha presenza moi reducida localizándose nos extremos Leste e Oeste do concello nas vertentes orientadas ao Sur dos vales que conforman os cursos fluviais. Así, existe unha pequena extensión dedicada a carballo ao Leste do concello, no NO. da parroquia de A Laxe, entorno ao val que conforma o río Parada. Tamén podemos atopar unha pequena extensión de carballos no centro da parroquia de As Estacas no val do río Couñago. As carballeiras máis extensas pódense atopar no Oeste do municipio no val que conforma o río Barragán, na parroquia de Traspuelas, así como no Norte de Calvos no val do río Oitavén. Tamén podemos atopar algunha zona de especies mixtas de eucaliptos, piñeiros e carballos pero cunha extensión de escasa importancia, destacando unha pequena área existente no Oeste da parroquia de Traspuelas e que se atopa asociada ás extensións de carballos.

A vexetación de ribeira redúcese a pequenas áreas nos vales que conforman os ríos Parada e Oitaven cunha extensión moi reducida. A superficie dedicada a uso agrícola tamén se atopa repartida por todo o termo municipal. Localízanse en zonas de val onde a pendente do relevo non é moi forte, sendo esta superficie máis extensa nas parroquias do Oeste (Calvos, Traspuelas, Fornelos de Montes e Oitavén) que nas do Leste, polo que se aprecia un descenso desta nesta mesma dirección.

Con todo, a nivel xeral podemos observar como o 80% do territorio é ocupado por superficie forestal, mentres que preto do 18% está dedicado a cultivos de entre os que destacan os cultivos herbáceos cun 53% seguidos dos prados cun 45%, os viñedos e árbores






froiteiras ocupan o resto do terreo de cultivo. O resto do territorio municipal está ocupado por servizos básicos (estradas, centros deportivos, culturais, etc.).

### 3.4. Relevo

O concello de Fornelos de Montes localízase nun espazo situado a medio camiño entre a ría de Vigo e a serra do Suido, atopándose ao pé desta na súa vertente suroccidental. Isto da como resultado que as máximas elevacións do concello se atopan na seu extremo máis oriental, producíndose unha gradación descendente do relevo cara o Oeste, caracterizándose neste punto pola presenza de vales fluviais así como da presa do encoro de Eiras. Así mesmo, na parte Sur podemos atopar o Coto de Eiras, outeiro no que se acadan os 900 m. de altitude.

Os valores máis baixos rexístranse no extremo occidental do concello. Os vales que conforman os ríos Oitavén e Barragán son os que articulan esta parte do territorio, atopándose no entorno destes as cotas altimétricas máis baixas. Así, o río Oitavén rega a parroquia de Calvos polo Norte, lugar onde se atopan os puntos máis baixos de todo o concello. Cara a vertente Sur do val a altitude do terreo vai aumentando ata acadar preto dos 450 m. Máis cara o Leste e no centro Norte do municipio, na parroquia de Fornelos de Montes, o río Oitaven atravesa esta parroquia pola súa parte central, por onde se rexistra unha altitude entorno aos 250 metros. A altitude do relevo neste punto vai aumentando cara os seus rebordes conformando un val amplo, aberto e disimétrico, onde as maiores altitudes se atopan no Sur do mesmo. O val do río Barragán, que atravesa as parroquias de Traspelias e Oitaven polo seu Oeste, presenta neste caso unha dirección S.-N. ata desembocar no encoro de Eiras, sendo outro dos puntos máis baixos do concello cunha altitude que oscila entre os 250 e os 300 metros.



A parte central do concello presenta unha altitude superior froito desa evolución ascendente do relevo cara o Leste, e onde se localizan as parroquias de As Estacas e Ventín. Esta zona presenta




unha liña de cumes cunha dirección NL.-SO. onde podemos atopar ao Sur o coto de Erbededa que acada os 897 m. Cara os rebordes desta liña de cumes o relevo comeza a descender cara o NO., ata chegar aos pes do val do Oitaven e do encoro de Eiras, e cara o SL. Ata entrar no concello de Mondariz.

A parte Leste é a que presenta os valores máis elevados de todo o municipio, xa que se atopa aos pes da serra do Suido. Esta zona, na que se localiza a parroquia de A Laxe, vai aumentando a súa elevación a medida que nos achegamos cara o seu extremo oriental, onde acada os valores máximos. Así a altitude chega a superar os 1.000 metros en determinados puntos, como é o caso dos 1.059 m. do Couto Minuto, os 1.055 do Pena Redonda ou os 1.007 do Outeiro Vello. Tamén destacan os 911 m. en Pena Aranda, e os 802 m. do Couto do Corno.

### 3.5. Ríos

Se por algo destaca o concello de Fornelos de Montes é pola amplísima rede hidrográfica que cubre a meirande parte do seu territorio. A localización do concello preto da serra do Suido e a súa altitude no sector oriental fai que se localicen numerosas fontes que conforman a cabeceira dos diferentes cursos fluviais.

A rede hidrográfica está articulada en torno á cunca do río Oitavén, principal curso de auga que rega o concello polo Norte e ao que van verter as súas augas a meirande parte dos pequenos regos e regatos que atravesan o resto do territorio. O río entra no concello polo Norte, na parroquia de Fornelos de Montes, cunha dirección NL.-SO. para logo tomar unha dirección L.-O. Na maior parte do seu percorrido por este espazo serve de fronteira natural co concello de Ponte Caldelas, situado ao Norte. No seu treito localízase o Encoro de Eiras.



Os principais afluentes do Oitavén son os ríos Barragán e Parada, ademais de outros pequenos cursos fluviais de menor importancia e que tamén verter as súas augas de maneira directa a el como poden ser o regueiro de Casero cunha dirección S.-NO., o rego de Porto das Vacas, S.-NO., ou o da Espadaneira cunha dirección S.-N., todos eles na parroquia de Fornelos de Montes.

O río Barragán ten a súa cabeceira no Sur da parroquia da Traspielas. Neste punto o río leva unha dirección L.-O. para logo pegar un cambio circular de Sur a Norte ata a súa desembocadura no Oitavén, regando as terras do Sur e Leste do concello afectando principalmente á parroquia de Traspielas, aínda que tamén atravesa á de Oitaven polo Leste e á de Calvos polo Oeste. Ao longo do seu transcorrer por Traspielas, o río exerce de límite natural cos concellos de Mondariz polo Surlleste e Pazos de Borbén polo Leste. A el van verter as augas outros cursos fluviais de menor importancia como son os regatos de Costeiras, de Porta Pielas ou o das Freixas, todos cunha dirección SL.-NO.-SO. froito das características orográficas. Polo Norte recibe as augas do rego das Arrouzas, na parroquia de Ventín, e que presenta unha dirección SO.-NL. Preto da súa desembocadura ao Norte, nas parroquias de Oitaven e Ventín, o río vese afectado pola presenza do encoro de Eiras, aumentando a súa anchura e profundidade debido o estancamento das augas.

O río Parada ten a súa cabeceira no Leste do concello, ao pé da serra do Suído, na parroquia de A Laxe. Neste punto recibe a auga, tanto polo Norte como polo Sur, de numerosos afluentes que teñen as súas fontes neste mesmo punto do territorio. De entre eles destacan os ríos Barbado, Val do Home e o regueiro das Ortigas, que verter as súas augas no Parada dende o Norte, mentres que polo Sur destacan o Río do Ceño da Reixa, o Regueiro das Murallas e a Barranqueira de Fonte Uceira. O trazado que presenta ao longo do seu percorrido polo Norte do concello é bastante irregular, froito da característica do terreo mais, a nivel xeral, presenta unha dirección Leste-Oeste e que o leva a verter as súas augas ao río Oitaven na parroquia de Fornelos de Montes. O seu paso polo Norte da parroquia de As Estacas, exerce de límite natural co concello de A Lama, recibindo as augas do Río Couñago polo Sur. Ao entrar na parroquia de Fornelos de Montes o río toma unha dirección SL.-NO. ata desembocar no Oitaven, na metade Norte da parroquia.

En xeral, o concello amosa unha gran riqueza hidrolóxica coa existencia de numerosas fontes que conforman a cabeceira dos ríos regos e regatos, e que se espallan por todo o territorio. Os ríos máis importantes localízanse no Norte do municipio, presentando unha dirección Leste-Oeste, agás o río Barragán que se localiza no Oeste e presenta unha dirección Sur-Norte. No resto do territorio a rede hidrográfica está composta por pequenos cursos fluviais e escaso caudal e lonxitude.


Pódese observar, segundo a trama hidrográfica que nos amosa o mapa, a existencia dunha liña de cumes que exerce de divisoria de augas e que se localiza no Sur do concello, cunha dirección SO.-NL., a partires da que a maior parte dos cursos fluviais leva unha dirección Norte e Leste, mentres que os ríos que presentan unha dirección Sur son moi escasos, localizándose a totalidade deles nas parroquias de Ventín e Traspielas.



Destaca a complexidade da trama que esta rede presenta na parroquia de A Laxe, onde a localización da mesma ao pé da serra do Suído e a altitude que presenta fai que afloren numerosas fontes de auga que acaban conformando cursos fluviais de pequeno tamaño que van desembocando uns noutros ata verter finalmente as súas augas ao río Parada, polo que presentan a maioría deles unha dirección Sur-Norte, a excepción dos pequenos cursos localizados ao NL. municipal e que presenta unha dirección N.-S. No Leste e no Sur do concello teñen as súas fontes a meirande parte cursos fluviais. A medida que nos imos achegando cara o Oeste o número de afluentes vai diminuindo presentando unha dirección L.-O. aqueles que van verter as súas augas ao río Barragán.

### 3.6. Zonas de interese natural

No concello de Fornelos de Montes podemos atopar diferentes lugares cunha gran importancia natural e que se atopan protexidos a través de diferentes figuras normativas. Destaca a extensión que presenta a serra do Suído e que afecta a case dúas terceiras partes da parroquia de A Laxe. Esta serra presenta un relevo suave aínda que chega a acadar os 1.000 metros de altitude. Forma así unha primeira barreira orográfica que fai que se recollan un gran volume de precipitacións procedentes do Atlántico. Nela podemos atopar unha serie de construcións robustas e feitas en granito chamadas chouzos ou chouzazas, que servían para gardar o gando de pastoreo. De entre a fauna predomina a presenza coellos, perdices, lebres e lobos mentres que entre os de caza maior destacan os xabaris. Entre as especies vexetais dominan as do xénero “ulex”, “ericas” e “brezos”, alternándose con pequenos bosques de frondosas en zonas húmidas. A dificultade de acceder a esta zona do territorio, dada a escaseza de vías de comunicación, facilita a tranquilidade e supervivencia no seu hábitat natural da flora e fauna.



O Encoro de Eiras está protexido polas Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Pontevedra. Neste espazo podemos atopar unha importante colonia de árbores autóctonas como os carballos (*Quercus robur*), acebos (*Ilex aquifolium*), castiñeiros (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*), sobreiras (*Quercus suber*) e algúns cerquiños (*Quercus pyrenaica*). Das especies animais destacan a presenza de falcóns ("*Falco peregrinus*"), que están en perigo de extinción e que na actualidade se atopa protexido polo Real Decreto 4/89 e polas convencións de Berna e Bonn. Tamén destaca a presenza de merlos ribeiros, andoriñas dos penedos, tartarañas, aguias albelas, gabiáns, azores, furóns e gatos bravos, todos eles protexidos.

O Río Tea ten as súas fontes no concello de Fornelos de Montes entre as parroquias de Ventín e As Estacas. Atópase protexido baixo a figura de Espazo Natural e Réxime de Protección Xeral. As súas beiras podemos atopar vexetación autóctona e de ribeira ben conservada. Ao longo do seu curto percorrido por este concello desenvólvense bosques aluviaais de amieiros ("*Alnus glutinosa*") ou freixos de río ("*Fraxinus excelsior*"), aos que se incorporan as carballeiras con "*Quercus robur*" e "*Quercus pyrenaica*". Cara a parte alta do val que conforma a cabeceira deste río destaca a presenza de especies foráneas como os piñeiros e os eucaliptos. Entre a fauna máis destacada podemos atopar o rato de almisce ("*Galemys pyrenaicus*"), a lontra ("*Lutra lutra*"), o gabilán ("*Accipiter nisus*"), o merlo rieiro ("*Cinclus cinclus*"), o ouriolo ("*Oriolus oriolus*"), a andoriña brava ("*Riparia riparia*") ou a libélula ("*Gomphus graslini*").

Tamén podemos atopar outros dous espazos que se atopan protexidos baixos a normativa urbanística municipal como son a Fraga do Couñago, na aldea de As Estacas e a Carballeira do Couso en A Laxe. Ambos espazos destacan pola importante superficie ocupada polos carballos ("*Quercus robur*"), xunto con outras especies de frondosas, e que lle confiren un importante valor paisaxístico, ecolóxico e patrimonial.

#### 4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO


##### 4.1. Patrimonio histórico e arqueolóxico

As características do terreo que presenta o concello de Fornelos de Montes, xunto coas características climáticas, eríxense como un dos principais condicionantes para xustificar a escaseza de patrimonio histórico dentro deste territorio. Todos os tipos de bens que conforman a cultura material dun lugar é froito das accións humanas sobre o medio, constituíndo ao mesmo tempo o seu principal sinal de identidade.

A escaseza de poboamento que dende sempre se rexistrou no concello de Fornelos de Montes deixou consigo un escaso patrimonio arqueolóxico. Aínda así, podemos atopar dende mámoas, petróglifos e un sarcófago antropoide enclavado nunha rocha no lugar de Vilán, onde tamén se conservan os restos do castelo-fortaleza de Alemparte, ata xacementos castrexos como o do Monte da Cidade en Oitaven, o de Castrove en A Laxe ou o do Monte Castelo en Calvos.



Os petróglifos de Cerdeiras, ao Norte da parroquia de Ventín, representan diversos gravados rupestres da Idade de Bronce. A mámoa de Borraxeiros, que se sitúa no límite das parroquias de A laxe e San Bernabé da Graña do concello de O Covelo, é un túmulo megalítico de período Neolítico.



Os restos da fortaleza de Alemparte teñen detrás un importante contido histórico. Xa no século XV a torre da fortaleza foi asolada polos irmandiños (1467) durante a segunda revolta. Esta mesma torre, quince anos máis tarde, foi cercada polo bispo de Tui e os seus cabaleiros sen que finalmente puidese ser tomada. O único que conseguiu apoderarse dela foi D. Pedro de Soutomaior. No 1893 os restos que quedaban da fortaleza foron desfeitos definitivamente.

Destaca a conservación que presenta a chamada “Cidadela” do Monte da Cidade. Nela podemos atopar erguidos os restos das pequenas edificacións, feitas en granito. A maioría delas conservan erguida parte da súa estrutura externa, consistente nunha parede de pedra de granito, podendo adiviñarse algúns elementos como as portas de entrada ou detalles do interior das vivendas. As edificacións atópanse, en liñas xerais, agrupadas nun único núcleo agás no comezo da Cidadela onde as primeiras casas aparecen diseminadas respecto ás do resto. Bordeando a Cidadela atopamos un camiño cuberto con pedras de formas irregulares e que unha vez deixadas atrás as vivendas nos conduce cara un acueduto do último terzo do século XVIII e que se atopa en perfecto estado de conservación a pesares de atoparse colonizado polos restos da vexetación autóctona. A edificación está realizada en pedra e na súa parte central presenta un arco de tipo oxival, a través do que cruza o sendeiro, que ben puido servir antigamente como entrada á cidade.

#### 4.2. Patrimonio arquitectónico


Cando nos referimos ao patrimonio debemos facer unha distinción segundo o tipo e ben que nos atopamos. Así dentro dun concello podemos atopar bens de patrimonio relixioso (capelas, igrexas,



mosteiros, catedrais e santuarios), de patrimonio civil (casas grandes, pazos, faros, murallas, castelos, torres, pontes...), e de patrimonio popular (cruceiros, dolmens, pallozas, petos, xacementos, fontes, etc.).

No que se refire ao concello e Fornelos de Montes, as características físicas do concello foron un factor determinante na creación de patrimonio arquitectónico de tipo popular. A abundancia de cursos de auga favoreceu a creación de muíños de auga por todo o territorio. Destaca sobre todas a parroquia de Fornelos de Montes, onde se localizan ata nove destas edificacións, seguida da de Traspíelas con seis. As parroquias de A Laxe e Ventín son as que presentan un menor número de muíños con dous e un respectivamente. Así mesmo, co fin de salvar o paso dos ríos existentes, destaca tamén a presenza de pontes de pedra, de entre as que destacan a ponte de A Laxe e a de Berducido, aínda que podemos atopar outras como a Ponte Grande, a de Portorriño ou a do Barbado. Sen embargo, o abandono das mesmas e o paso do tempo fai que o seu estado de conservación non sexa o desexado. Outro dato que indica a importancia dos cursos fluviais na presenza de patrimonio arquitectónico é a existencia de máis de 30 fontes de auga e 15 lavadoiros repartidos por todo o concello.

No referido ás edificacións, destaca a existencia na parroquia de Fornelos de Montes de dúas casas grandes como son a de Marrán, en Vilán, e a dos Alemparte. O estado da primeira é aceptable, presentando unha planta con forma de L, destacando a balconada corrida no interior e unha notable cheminea. Pola contra, a casa dos Alemparte, que data do século XV, presenta un estado bastante malo de conservación, destacando no seu conxunto a gran balconada sobre pilastras rústicas orientada cara a solaina, que é o que se atopa mellor conservado de toda a edificación, así como a robusta escaleira e un arco nunha porta con forma semicircular e que contén un escudo de armas.



Pero se algún tipo de patrimonio ten presenza e importancia dentro do termo municipal é o relixioso. En todo Fornelos atopamos sete igrexas, unha en cada parroquia, así como tres capelas, a de San Caetano en As Estacas, a de San Amaro en Traspielas e a de Santa Cruz en Fornelos de Montes. Todas estes edificios relixiosos están en uso e presentan un bo estado de conservación á par que presentan unhas características singulares. De entre todos eles destaca a igrexa parroquial de San Lourenzo de Fornelos que data do século XVI.

En conxunto, a parroquia de Fornelos de Montes é na que se acumula un maior número de patrimonio arquitectónico, froito do seu maior poboamento ao longo do tempo e que levou a unha maior construción de edificacións. Destaca a presenza de muíños de auga ao longo dos ríos Oitaven e Parada así como dúas casas grandes. Séguena en importancia as parroquias de Traspielas, na que se poden atopar ademais dos muíños, a igrexa parroquial e dúas capelas, e a de A Laxe, na que se atopan de forma concentrada toda unha variedade de construcións de entre as que destacan as pontes de A Laxe e do Couso, ademais da igrexa parroquial.

Segundo o tipo de patrimonio, destaca a masiva presenza de inmóbeis vinculados á presenza de cursos fluviais, como son os muíños de auga, as fontes e os lavadoiros. Ségueno os edificios relixiosos, mentres que o resto do patrimonio civil, como son as casas grandes ou as pontes de pedra, teñen unha presenza mínima.


#### 4.3. Patrimonio etnográfico

O patrimonio etnográfico comprende un conxunto de elementos, materiais e inmateriais, produto da actividade humana desenvolvida ao longo do tempo dentro do concello de Fornelos de Montes.

A paisaxe do concello é semellante a de calquera espazo típico do rural de Galicia. A influencia relixiosa neste concello tamén deixou outros elementos patrimoniais como son as numerosas cruces de pedra e os petos de ánimas, que son frecuentes atopar na metade Leste do concello. As cruces de pedra, que se localizan nos cruces de camiños ou en lugares onde se produciu unha morte accidentada de algunha persoa. De entre todas, a máis destacada é o cruceiro de San Xosé de A Laxe.







Os petos de ánimas tamén se soen atopar en camiños e encrucilladas, e son unha das manifestacións materiais do culto aos mortos, da devoción polas ánimas. En Fornelos podemos atopar un total de 5 petos de ánimas, dous en Ventín e un en Fornelos, As Estacas e A Laxe.

Na parroquia de Calvos atópase un forno panadeiro tradicional, que co paso do tempo e a conseguinte modernización da sociedade foi quedando en desuso. Asemade, tamén se pode atopar no concello outra serie de edificacións que completan o tipo de patrimonio existente como son pombais, alpendres, hórreos ou adegas.

A maior parte deste patrimonio atópase nun estado malo debido ao seu desuso e abandono e que levou a que o seu estado de conservación non sexa o máis axeitado.

Outro tipo de patrimonio etnográfico que se recolle neste territorio son construcións vinculadas ao uso do monte. De entre elas destacan os *chouzos* e *parideiras* que se atopan no NL. do concello, ao pe da serra do Suido, así como os foxos de lobos. O *chouzo* é unha construción menor feita en pedra que daba cobizo aos pastores da serra ao longo do ano. As *parideiras* eran construcións en pedra facendo en forma de cercado e que servían para gardar o gando. Soen estar vinculadas aos *chouzos*. Os foxos de lobos son recintos moi elementais e primitivos destinados á cazo do lobo. Todas elas se atopan localizadas na parroquia de A Laxe, nas súas partes máis elevadas que coinciden coas estribacións da serra do Suido.

Entre os aspectos etnográficos non materiais débense destacar as festas e romarías que se celebran nas distintas parroquias, así como as peculiaridades culinarias. Non se realiza ningunha feira dentro do concello, tendo que acudir os veciños ás que se celebran en Ponte Caldelas, os días 5 e 20 de cada mes, e en Moscoso (Pazos de Borbén) os días 13 e 18 de cada mes.

No que se refire as festas populares, no concello celébranse un total de 20 festas, sendo a parroquia de Fornelos de Montes a que realiza un maior número de festexos, mentres que a de Ventín non



conmemora ningún tipo de festividade. Das vinte festas, cinco delas son na honra ao patrón parroquial sendo estas as de San Lourenzo, o 10 de agosto en Fornelos; San Bieito, o 21 de marzo en Oitaven; Santa Ana e San Xoaquín, o 26 de xullo en Calvos; San Miguel, o 29 de setembro en As Estacas; e o Rosario o 8 de setembro en Traspielas.

O resto de festas populares que se celebran en cada parroquia son as seguintes:

Fornelos de Montes	Santo Antonio o 13 de xuño en A Portela O Carme o 13 de xuño no Fondo da Vila Os Milagres o 2 de setembro en Vilán Os Dolores o 24 de setembro na Praza Santa Bárbara o 4 de setembro en Soutosico
Oitaven	San Bieito o 11 de xullo na Carballeira San Vicente o 22 de xaneiro na Carballeira Santo Antón o 12 de xullo
Calvos	O Pilar o 12 de outubro
As Estacas	A Saúde o 23 de maio Santo Antonio o 28 de setembro
Traspielas	As Neves o 5 de agosto San Mauro o 15 de xaneiro San Bartolomé o 24 de agosto

A gastronomía típica de Fornelos de Montes caracterízase pola elaboración a partires de produtos típicos da zona. Así, destaca o cocido, a empanada feita en forno de cociña de ferro, as costeletas e a vincha de porco, o pastel de rixóns e as troitas. Da repostería destacan os roscóns de reis con forma de cilindro.

#### 4.4. Recursos turísticos


A actividade turística e chegada de visitantes apenas ten relevancia no conxunto do concello de Fornelos de Montes. A escaseza de recursos e o mal estado de conservación, a orientación do mercado cara o turismo de sol e praia e a maior dedicación e explotación deste sector por parte doutros concellos da Área Metropolitana e a escasa oferta de aloxamento que presenta, fan que a influencia do turismo dentro deste territorio sexa moi limitada.



Na actualidade, esta actividade apenas repercute na riqueza que xera no territorio sen embargo, o concello presenta un grande potencial paisaxístico, ambiental e etnográfico que cunha explotación racional e non lesiva co medio rural ben podería aumentar o fluxo de visitantes cara este espazo. A localización do concello dentro dun área de media montaña e a existencia de numerosos paraxes de interese natural podería favorecer a orientación de Fornelos cara un turismo verde, de goce da natureza, que se vería beneficiado pola proximidade aos grandes centros de atracción turística como son O Salnés, Vigo, Baiona ou Pontevedra.

Para conformar este apartado e poder elaborar o que sería un posible mapa de recursos turísticos, podemos agrupar nun só plano todo aquel patrimonio que cunha conservación axeitada, e que debido ás súas características e entorno no que se localiza, pode ser considerado como unha fonte de recursos para atraer o turismo e potenciar esta actividade no futuro.

Un dos principais problemas que se presenta no concello, ademais do estado de conservación do seu patrimonio, é a practicamente inexistente oferta de aloxamento existente. Soamente hai unha casa de turismo rural en todo o territorio con 16 prazas de aloxamento, e que se atopa na parroquia de



As Estacas. Non existe ningún hotel, hostel, pensión ou campamento.

Respecto á oferta gastronómica, o concello destaca pola calidade dos seus produtos empregados, elaborados na súa meirande parte neste territorio e que son a base da súa cociña. Sen embargo, o número de restaurantes tamén é escaso podendo atopar so dous, un en Fornelos de Montes e outro en As Estacas.

O que chama principalmente ao turista é a existencia de un ou varios recursos que poden ser convertidos en produtos turísticos, atraendo de por si a numerosos visitantes. Neste senso, o concello de Fornelos de Montes presenta unha ampla variedade de recursos patrimoniais paisaxísticos e etnográficos como para promover o turismo verde dentro do territorio e que,



debidamente coidado, podería repercutir de maneira positiva na economía local. Así, en fornelos de Montes pódense atopar numeroso patrimonio etnográfico como muíños fariñeiros de pedra, pontes de pedra que cruzan pequenos regatos, numerosas fontes e lavadoiros ou mesmo restos de casas grandes como as de Alemparte ou Marrán. Tamén garda restos arqueolóxicos como a Cidadela do Monte da Cidade, o Sarcófago en Vilán (Fornelos), gravados rupestres ou os chozos e parideiras en A Laxe. De influencia relixiosa están as igrexas parroquiais, sete en total, e capelas, tres; os cruceiros e os petos de ánimas.

Tamén se poden atopar zonas de importante valor ecolóxico e paisaxístico como son a Serra do Suído ao Leste, a Carballeira de Couso, a Fraga de Couñago, a cabeceira do río Tea ou o Encoro de Eiras. Lugares que, en conxunto, ocupan unha ampla superficie do concello e que se poden aproveitar para levar adiante proxectos e programas que atraian ao turista.

Outras das características que presenta Fornelos son os numerosos camiños existentes, que comunican distintos puntos do concello, e que son aproveitables a maioría deles para facer rutas de sendeirismo. Por aquí ademais atravesa parte do Sendeiro das Greas, que percorre o concello pola metade Oeste pasando por todas as parroquias, agás pola de A Laxe, sendo Traspuelas e Calvos as de entrada e saída. Dada a existencia deste sendeiro, poderíanse aproveitar os numerosos camiños para enlazar esta ruta cos diferentes recursos co fin de que os visitantes poidan acceder a todos de forma natural.

A existencia dunha praia fluvial á beira do río Oitaven, na parroquia de Fornelos de Montes, favorecida polo entorno no que se localiza e cunha dotación de servizos axeitada, tamén podería favorecer a chegada de visitantes cara este municipio nos meses de verán.

Un dos principais motivos que pode levar visitantes cara o concello de Fornelos de Monte é a promoción do turismo verde e de interior, aspectos nos que este territorio xunta un grande potencial e coas actuacións axeitadas podería motivar e atraer ao turista cara esta zona. Ás características ecolóxicas e paisaxísticas habería que unir a gastronomía, a tranquilidade que presenta esta zona, as tradicións e festas populares e o carácter aberto e amable das súas xentes, factores que poden ser considerados como as principais sinais de identidade do concello e que axudarían a promover este sector.

## 5. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

### 5.1. Planeamento urbanístico vixente

Ata o ano 2003 o concello de Fornelos de Montes non tiña ningún tipo de documento que regulara a ordenación interna do seu territorio, tendo que rexerse de maneira obrigada polas Normas Subsidiarias Provinciais. Foi neste mesmo ano cando se aprobou o Plan Xeral de Ordenación




Municipal (PXOM) do concello, sendo publicado o 23 de setembro de 2003 no BOP a partir do que entrou en vigor e permanece na actualidade.

Para realizar calquera clase de consulta, o concello pon a disposición dos veciños e interesados un aparelador que atende nas dependencias da casa consistorial todos os xoves do ano.

## 5.2. Infraestruturas de comunicación

A posición periférica e exterior do concello de Fornelos de Montes, fai que non dispoña de ningunha autoestrada, vía de alta capacidade ou estrada de rango nacional. Un dos factores que influíu na formación da rede viaria é a característica do relevo, así como o asentamento humano. Así, a rede de estradas caracterízase pola falta de vías transversais que conecten todo o territorio entre si e cos municipios veciños. O firme que presentan moitas delas, sobre todo as locais, está defectuoso. Os trazados a penas foron modificados no tempo, caracterizándose por seren sinuosos, con continuas subidas e baixadas, cun ancho de vía inadecuado e constantes curvas.



A estrada principal, que atravesa o concello de Norte a Sur pola parroquia de As Estacas, é unha Autonómica de 2ª orden (C-531) e que conecta a este con A Lama polo Norte e con Covelo polo Sur. Tamén dispón dunha rede de estradas de 3ª orden que se concentran na metade Oeste do territorio destacando a PO-250 e a PO-251 que se unen no lugar de A Igrexa e que conectan o municipio con concello de Ponte Caldelas polo Norte e Pazos de Borbén polo Sur. Destas estradas saen outras, de terceiro orden tamén, que percorren o resto do territorio, atravesando unha delas o concello de Norte a Sur polas parroquias de Oitaven e Traspíelas e conectando co concello de Mondariz, mentres que o resto se enlaza co resto da rede que ocupa o concello.

Fornelos de Montes, dada a súa condición de concello montañoso, dispón dunha importante rede de camiños e pistas que se expanden por todo o termo municipal, sendo estas especialmente extensas nas parroquias de Ventín e Traspíelas.



O proxecto máis importante en materia de estradas que se ten pensado levar adiante limitase ao paso por este termo municipal dunha autovía que atravesará de Norte a Sur un pequeno espazo no extremo Oeste, pola parroquia de Calvos, así como a mellora da estrada que conecta este concello co de Pazos de Borbén.

### 5.3. Centros educativos

A escaseza de poboación e o avellentamento do mesmo fai que a taxa e natalidade sexa baixa e por conseguinte, o número de rapaces moi baixo. Isto provoca que a oferta de centros educativos sexa moi baixa no conxunto do municipio.

No concello de Fornelos de Montes existe soamente un centro educativo, o CEIP Doutor Suárez, na parroquia de Fornelos de Montes e no que se imparten clases de Educación Infantil e Educación Primaria. As garderías, inicio do sistema educativo e primeiro centro de socialización, a parte da familia, non existen neste concello, ao igual que tampouco hai ningún centro de formación, instituto e centro de ensino superior vinculado á universidade.

Ademais, no centro educativo que hai na capital do concello hai tres grupos de educación infantil que van dende os 3 anos ata os 5 anos, cun total de 25 alumnos. Esta oferta resulta insuficiente por que non hai ningún servizo de gardería que atenda á poboación de 0 a 3 anos, cando no concello hai 44 rapaces e rapazas de 0 a 4 anos, segundo datos do Padrón municipal de habitantes do ano 2005.

Sinalar a existencia dunha escola de música xestionada polo concello e que comparte as instalacións co CEIP Doutor Suárez.

### 5.4. Servizos sociais

Os servizos sociais teñen como obxectivo servir aos diferentes grupos sociais que presentan problemáticas específicas e que requiren un tratamento axeitado.

En Fornelos de Montes os equipamentos existentes atenden a 2 problemas: á iniciativa social, á que se dedican dúas entidades, e a familia, infancia e menores, habendo para este grupo unha soa entidade.

No referente ás residencias da Terceira Idade, non existe ningunha dentro deste concello. En Fornelos había, no ano 2005, 532 persoas maiores de 65 anos das que o 48,87% pasaba de 75 anos.

Ademais, para avaliar a demanda de servizos sociais no concellos faise necesario coñecer o número de posibles usuarios, entre os que están as persoas que perciben a RISGA e a AES.

- A RISGA (renda de integración social de Galicia) é unha axuda económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns de entre 25 e 65 anos,



que aínda que teñen idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. No ano 2003 había no concello 4 persoas percibindo esta renda.

- A AES (Axudas de Emerxencia Social) é unha prestación económica, non contributiva, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. No ano 2003 había en Fornelos 5 persoas beneficiarias da axuda.

## 6. POBOACION E VIVENDA

A continuación analizaranse os principais datos relacionados coa poboación e a vivenda en Fornelos de Montes, nalgúns casos, faranse comparacións cos datos relativos á AMV, coa finalidade de coñecer a representatividade do concello e as súas diferenzas ou similitudes con respecto aos outros concellos que a integran. Noutros casos as comparacións faranse tamén con respecto á provincia de Pontevedra e a Galicia.

Os datos utilizados para a análise proveñen dos publicados polo INE e o IGE, a partir dos que se elaboraron todas as operacións estatísticas incluídas neste estudo socioeconómico. Os datos están estruturados nos seguintes apartados:

- Efectivos poboacionais e evolución demográfica, no que se pretende obter unha visión da actual composición da poboación do concello, tendo en conta o número e súa distribución por sexo, a súa procedencia, así como a súa traxectoria dende o inicio do século 20.
- Estrutura da poboación, atende aos grupos de poboación segundo a idade vendo como o peso destes grupos pode estar determinando o desenvolvemento económico e social, a través da obtención dunha serie de índices.
- Movemento natural da poboación, fixándose nos tres principais fenómenos demográficos: os nacementos, as defuncións e os casamentos, e a súa evolución.
- Movements migratorios, tendo en conta a procedencia e o destino das poboacións migrantes, analizando tamén a súa evolución ao longo do século ata a actualidade.
- Nivel formativo da poboación do concello a partir dos datos publicados no censo de poboación e vivendas do ano 2001, referidos a poboación de 16 e mais anos de idade. E, tomando os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, verase os últimos datos de matriculación, en ensino non universitario no concello.



- Por último, o apartado 6, no que se estuda a composición e principais características da Vivenda no concello.

## 6.1. Efectivos poboacionais

### A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial

Segundo o último dato publicado polo INE, a poboación de Fornelos de Montes a 1 de xaneiro de 2005 é de 2.057 persoas, distribuídas segundo sexo en 1.105 mulleres e 952 homes. Os datos mais recentes relativos á poboación segundo sexo en cada parroquia do concello pertencen ao ano 2004, a poboación total nese ano era de 2.092 persoas, 965 homes e 1.127 mulleres, repartíndose entre as 7 parroquias que integran o concello do seguinte xeito:

Distribución da poboación de Fornelos de Montes por parroquias, segundo sexo. Ano 2004.


Parroquia	Poboación total	Homes	Mulleres
Calvos, (San Adrián)	398	174	224
As Estacas (Sta. María)	166	72	94
Fornelos de Montes, (San Lorenzo)	657	305	352
A Laxe, (San Xosé)	116	53	63
Oitaven, (San Vicente)	189	93	96
Traspielas (Santa María)	324	154	170
Ventín (San Miguel)	242	144	128
Total	2.092	965	1.127

Fonte: Padrón municipal de habitantes 2004. IGE

A maior concentración de poboación tópase na parroquia de San Lorenzo de Fornelos de Montes con 657 persoas, 305 homes e 352 mulleres, o que ben representar o 31.41 % sobre o total da poboación do concello. Nesta parroquia encóntranse as principais infraestruturas e establecementos comerciais do concello. As menos poboadas son as parroquias de Santa María de As Estacas, con 166 habitantes, sendo a distribución segundo sexo de 72 homes e 94 mulleres e a de San Xosé de A Laxe con 116 persoas, 53 homes e 63 mulleres.








En relación á AMV, a poboación de Fornelos de Montes representa o 0,44%, sendo o concello con menos poboación dos que integran este territorio, feito que ben determinado principalmente pola súa situación xeográfica, no interior da provincia, e as súas características rurais, que determinan a saída por parte da poboación do concello na busca de alternativas de emprego ao agro.

### B) Densidade demográfica




A densidade de poboación no concello de Fornelos de Montes no ano 2005 era de 24,75 habitantes/km.<sup>2</sup> a mais baixa dos concellos que compoñen a AMV, cuxa densidade é de 621,59 habitantes/ km.<sup>2</sup>, o que ven indicar novamente o seu carácter rural fronte outros concellos da AMV que concentran a poboación urbana e as actividades económicas con maior demanda de man de obra. A densidade de Fornelos contrasta coa do concello de Vigo que é de 2.692,25 habitantes/ km.<sup>2</sup>.

### C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia

Tendo en conta a poboación do concello de Fornelos segundo o seu lugar nacemento e residencia, obsérvase que segundo datos do Padrón Municipal de Habitantes correspondentes ao ano 2005, o



69,52% da poboación residente nacera no concello, o 15,75% noutro concello pontevedrés, o 1,75% noutro concello das restantes provincias galegas, o 2,38% noutra comunidade autónoma e o 10,60% no estranxeiro.



O mais salientable en relación ao lugar de nacemento da poboación residente en Fornelos con respecto ao conxunto da poboación da AMV é o feito de que mentres que neste concello o 10,60% da poboación do ano 2005 nacera no estranxeiro, na AMV un 6,78% das persoas residentes cumprían esta condición, o que ben sinala a importancia da emigración no concello, que agora está a recibir a poboación nacida no estranxeiro e que estes últimos anos está a retornar para residir no mesmo. A proporción de poboación nacida no estranxeiro tamén é superior en Fornelos de Montes con respecto ao que representa en Pontevedra, 6,18% e en Galicia, 5,80%.

É significativo o feito de que soamente o 4,13% da poboación residente en Fornelos de Montes naceu noutra provincia galega ou noutra comunidade autónoma, fronte ao 15,18% do conxunto da poboación da AMV, indicador que dá conta da atracción que exercen algúns dos concellos da AMV, onde se concentra a actividade económica da rexión, sobre outras áreas menos dinámicas como pode ser o concello de Fornelos de Montes e os territorios con características socioeconómicas similares. Na provincia de Pontevedra, a proporción de persoas nadas noutra provincia e noutra comunidade autónoma é de 11,77%, así mesmo, a Galicia correspóndelle unha porcentaxe moi similar 11,12%.

#### D) Poboación segundo nacionalidade


En canto á poboación do concello segundo a súa nacionalidade, no ano 2001 o 99,13% da poboación de Fornelos de Montes era de nacionalidade española, unicamente 0,7 puntos por riba da taxa correspondente á AMV, 0,54 mais que Pontevedra e 0,43 mais que o conxunto galego. A porcentaxe de poboación con nacionalidade estranxeira era de 0,87%, o que en termos absolutos supón 18 persoas nesta situación, delas, 10 son homes e 8 mulleres. A procedencia desta poboación é europea, 6 homes e 2 mulleres e tamén de América do Sur, repartíndose entre 4 homes e 6



mulleres. A porcentaxe de poboación con nacionalidade estranxeira na AMV era de 1,57%. Estes indicadores demostran a baixa incidencia da poboación inmigrante doutras nacionalidades tanto no concello de Fornelos de Montes como no conxunto do territorio metropolitano.

### E) Evolución demográfica

Segundo os datos da evolución demográfica publicados polo INE e que recollen cifras de poboación de feito dende 1900 ata 1991, aos que lle engadimos os referidos ao Censo do ano 2001<sup>1</sup>, obsérvase como no concello se produciu un marcado descenso da poboación durante este século, a excepción dos aumentos producidos entre os anos 1900 e 1910, no que o número de persoas pasou de ser de 2.795 a 3.047, e o producido entre os anos de 1970 e 1981, onde a poboación pasou de 2.340 a 2.377 persoas, a poboación do concello foi diminuindo, ata alcanzar no ano 2001 a cifra de 2.066 persoas. En termos absolutos o descenso producido entre o censo correspondente ao ano 1900 e o do 2001 foi de 729 persoas, o que supón unha variación de -26,08%. Se temos en conta as oscilacións producidas entre os diferentes períodos intercensais, a mais significativa é a que se produciu entre os censos de 1960 e 1970, acadando un valor de -8.74%, e que historicamente coincide co período emigratorio de maior magnitude cara Europa por parte da poboación galega, e en especial, daqueles concellos cunhas características socioeconómicas semellantes ás do concello de Fornelos de Montes.



Fonte: censos de poboación e vivenda. INE

No últimos datos de poboación, prodúcese pequena variación no total da poboación do concello, producindo, como se observa na gráfica, un pequeno estancamento ou un descenso mais moderado da poboación. Así, no ano 2001 a poboación do concello era de 2.066 persoas, 946 homes e 1.120

<sup>1</sup> Segundo nota do INE, Os datos referidos á evolución da poboación dende 1900 a 1991 publicados polo INE son refírense a poboación de feito, proceden dos censos de poboación elaborados cada 10 anos. Para o período 1986 a 1995 os datos corresponden a poboación de dereito, son anuais e derivanse das renovacións padroais, e das rectificacións padroais para os demais anos. A partir do ano 1996 prodúcese un cambio lexislativo que elimina a distribución entre poboacións de feito e poboacións de dereito. Dende 1996 en diante as cifras de poboación teñen carácter oficial e se refíren ao 1 de xaneiro de cada ano. Nesta análise do concello de Fornelos, engádesse á evolución publicada polo INE os datos de poboación referidos ao ano 2001 e 2004.




mulleres, mentres que no ano 2004 o total de poboación aumentou ata 2.092 persoas, sendo o número de homes de 965 e o de mulleres de 1.127. No último dato publicado polo INE obtido da revisión do Padrón, observase un novo descenso na poboación total do concello en 35 persoas, chegando aos 2.057 persoas.

Comparando a evolución demográfica do concello co conxunto dos que compoñen a AMV, obsérvase graficamente a grande diferenza na traxectoria poboacional entre ambos territorios, onde como xa se comentou, Fornelos de Montes experimentou una variación negativa entre o 1900 e o 2001, cun valor de -26,08%, e contrariamente, no caso da AMV, o aumento poboacional en termos relativos foi do 342,46, o que en número de persoas supón un aumento de 336.191 persoas no 2001 con respecto ao ano 1900.

## 6.2. Estrutura da poboación

### A) Pirámide de poboación

A estrutura da poboación por sexo e idade no concello de Fornelos de Montes no ano 2005 exprésase graficamente na pirámide de poboación que se inclúe a seguir e que deixa ver os principais comportamentos poboacionais que están a caracterizar ao concello, como son o seu progresivo avellentamento, expresado polo estreitamento na súa base, debido ao descenso nas taxas de natalidade, e ao aumento da esperanza de vida das poboacións con máis idade. En xeral, este é o proceso que se está a vivir na maioría dos concellos galegos, se ven, nos concellos rurais esta tendencia é moito máis marcada que nos urbanos.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE



Os 952 homes e as 1105 mulleres fornелenses distribúense segundo a súa idade nos grupos quinquenais reflectidos na pirámide. Os efectivos masculinos son maioría nos grupos de poboación de entre 0 e 4 anos, 10 e 14 anos, os comprendidos entre os 30 e 49 anos, e os que posúen entre 60 e 64 anos de idade. No resto dos grupos de idade, son maioría as mulleres. As mulleres son maioría nos grupos de maior idade, debido a súa maior esperanza de vida. Entre as mulleres, as que representan o grupo máis numeroso son as que posúen entre 70 e 74 anos de idade, cunha porcentaxe do 9,05%, seguidas do grupo de 55 a 59 anos de idade, que supón o 8,51% do total de mulleres. O grupo feminino minoritario é o de menor idade, de 0 a 4 anos, que representa o 1,54%. No caso dos homes, o grupo de idade con maior peso é o de 55 a 59 anos, cunha porcentaxe do 8,5%, seguido do grupo de 30 a 34 anos, que ten un peso no conxunto dos homes do 8,09%. Contrariamente ao que acontece no caso das mulleres, onde o grupo minoritario é o de menor idade, o grupo con menor peso no conxunto masculino é o que agrupa á poboación de 85 e máis anos de idade, representando o 1,37% do total de homes.

Ao comparar a pirámide de poboación de Fornelos de Montes coa correspondente ao conxunto da AMV, obsérvase que á poboación de Fornelos segue unha dinámica de envellecemento máis marcada que a da AMV, en concreto, polo menor peso dos grupos máis novos de idade, na base da pirámide, e polo aumento dos grupos de poboación de maior idade, tanto no caso dos homes como das mulleres. Así, o peso do grupo de poboación de 0 a 19 anos de idade representa en Fornelos de Montes o 28,83%, fronte ao 36,63% que supón na AMV. Máis significativa aínda é a diferenza de peso entre estes dous espazos no que respecta á poboación de maior idade, así, en Fornelos a poboación de 70 anos en diante supón o 39,89% do conxunto da poboación, mentres que na AMV esta porcentaxe é do 23,09% da poboación da área metropolitana.


Pirámide de poboación da Área Metropolitana de Vigo.  
Ano 2005



## B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade

En canto á distribución por grandes grupos de idade no ano 2005, o porcentaxe de poboación con menos de 16 anos representaba o 11,25%, a poboación entre 16 a 64 anos representaba o 62,64% e as persoas con mais de 65 e mais anos o 26,11%. En comparación, a AMV, onde os concellos urbanos teñen maior peso poboacional que os concellos rurais, a poboación atópase lixeiramente menos envellecida, xa que o conxunto de persoas de menos de 16 anos representa o 13,88%, 2,63 puntos mais que a de Fornelos de Montes, e con respecto á poboación potencialmente activa, a comprendida entre os 16 e os 64 anos na AMV representa o 69,83%, sendo 7,19 puntos superior á de Fornelos de Montes. No caso da poboación maior de 64 anos, na AMV ven representar o 16,30%, un 9,81% menos que no caso do concello. Pontevedra posúe valores similares aos da AMV, así, a porcentaxe de poboación menor de 16 anos é de 13,76%, 2,51 puntos por riba de Fornelos de Montes. O grupo de poboación de 16 a 64 anos tamén ten maior representación en Pontevedra que en Fornelos, con 68,13% e no caso do grupo de mais idade, de 65 e mais anos, a porcentaxe de Pontevedra é 8 puntos menor que no concello. Os valores correspondentes a Galicia sitúanse entre os do concello e os da AMV e Pontevedra, así, as persoas de menos de 16 anos son o 12,21%, un 66,12% as de 16 a 64 anos e un 21,67% as de 65 e mais.

Distribución da poboación con nacionalidade española en grandes grupos de idade. Ano 2005



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE


En canto a distribución da poboación estranxeira por grandes grupos de idade en Fornelos de Montes no anos 2005, das 31 persoas nesta situación, so dúas persoas tiñan menos de 16 anos, repartidas igualitariamente entre sexos, 26 persoas tiñan entre 16 e 64 anos de idade, sendo a distribución segundo sexo de 11 homes e 15 mulleres, e con mais de 64 anos o concello contaba con 3 persoas, repartíndose segundo o sexo entre 2 homes e unha muller.

Na gráfica móstrase a distribución da poboación estranxeira por grandes grupos de idade no concello, na AMV, na provincia de Pontevedra i en Galicia, obsérvase como a distribución é moi similar en tódolos territorios, aínda que no caso de Fornelos de Montes, a poboación menor de 16 anos representa unha porcentaxe menor que no caso dos outros tres territorios, 6,45%, fronte ao



14,13% da AMV, o 14,43% de Pontevedra e o 13,90% de Galicia. A poboación entre 16 a 64 anos representa unha porcentaxe superior aos dos outros tres territorios, sendo de 83,33%, mentres que no caso da AMV, Pontevedra e Galicia, a porcentaxe está moi igualada en torno ao 80% . O grupo de poboación de maior idade, maior de 64 anos, representa en Fornelos de Montes o 9,68% da poboación estranxeira, sendo superior ás porcentaxes da AMV, de Pontevedra e Galicia, que teñen valores moi similares, de 4,88%, 4,92% e 5,14% respectivamente.

Distribución da poboación con nacionalidade estranxeira en grandes grupos de idade. Ano 2005



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE


A diferenza máis salientable ao comparar a distribución en grandes grupos de idade da poboación con nacionalidade española e a estranxeira é o feito de que no caso da poboación estranxeira a poboación de entre 16 e 64 anos e idade, a que potencialmente se considera activa, ten un peso maior que o que ese mesmo grupo representa no caso da poboación con nacionalidade española. Isto prodúcese nos catro espazos comparados, sendo significativamente máis alta a distancia no caso do concello, así, a porcentaxe de poboación española de entre e 16 e 64 anos de idade en Fornelos é de 62,64%, sendo a porcentaxe de poboación estranxeira con esa idade de 83,87%. No caso da AMV a porcentaxe de poboación con nacionalidade española de entre 16 e 64 anos de idade é de 69,83%, e de 80,99%, no caso da poboación estranxeira. En Pontevedra as porcentaxes respectivas son de 68,13% e 80,55% e en Galicia de 66,12% e 80,96%. O maior peso da poboación en idade de traballar entre a poboación estranxeira ten o seu reflexo nos outros dous grupos, sendo menor a porcentaxe de poboación con menos de 16 anos no caso da poboación estranxeira que no caso da fornelense. Coa poboación maior experimentase unha situación similar.

### C) Idade media da poboación

O envellecemento que estamos a sinalar na poboación de Fornelos de Montes, reflíctese na idade media da poboación. No gráfico de evolución que se inclúe a seguir, observase un aumento no valor dese indicador demográfico dende o ano 1998 ata o 2002. Así, a idade media da poboación do concello naquel ano era de 42,9 anos, mentres que no 2002, a idade media chegou a 44,8 anos. Se



temos en conta a idade media segundo sexo, tanto no caso dos homes como das mulleres a tendencia é ao aumento, se ven no caso dos homes, pártese de valores menores, sendo no ano 1998 de 39,9 anos e no 2002 de 42,3. No caso das mulleres, no ano 1998, a idade media no concello era de 45,3 anos mentres que no ano 2002, a idade media pasou a ser de 47 anos.



Na gráfica compárase a tendencia deste indicador en Fornelos de Montes con respecto á AMV, á provincia de Pontevedra e Galicia. No caso dos catros territorios, a idade media aumentou, sendo o incremento mais forte o de Fornelos de Montes, de 1,90 anos no conxunto da poboación. A idade media da poboación de Fornelos seméllase mais á de Galicia, que é de 43,10 anos no ano 2002, sendo o valor mais baixo o que corresponde á da AMV, 40,3 anos. Cabe sinalar que aínda que a idade media da poboación na AMV e en Pontevedra son mais baixas que en Galicia, os aumentos producidos nestes dous territorios, foron maiores, 1,8 e 1,7 anos respectivamente, que o que se produciu en Galicia, entre os anos 1998 e o 2002, que foi de 1,5 anos.

#### D) Índice de feminidade

No caso do Índice de feminidade, que reflexa o número de mulleres de tódalas idades por cada 100 homes no mesmo ano de referencia, no caso de Fornelos de Montes, o valor deste índice no ano 2004 era de 116,8 mulleres por cada 100 homes, o que reflexa o peso da poboación feminina no conxunto da poboación do concello, que é mais significativo que no caso da poboación da AMV, xa que lle corresponde un índice de feminidade de 107,5 mulleres por cada 100 homes, sendo este moi semellante ao correspondentes a Pontevedra e Galicia, de 107,3 e 107,6 respectivamente.

#### E) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil


En relación ao Índice de dependencia global (IDG), que pon en relación aos grupos de poboación dependentes economicamente co grupo de poboación potencialmente activa, é dicir, as persoas de menos de 16 anos e as de mais de 64 co grupo de poboación con idade comprendida entre 16 e 64 anos, no caso de Fornelos de Montes, o IDG era no ano 2004 de 78,17, o que quere dicir que por cada 100 persoas potencialmente activas, hai 78,17 persoas dependentes economicamente. No caso





do concello, estase producindo unha tendencia crecente neste índice, que pasou do 74,38 correspondente ao ano 1991, ata o 78,17 xa sinalado, no ano 2004. No caso da AMV, o IDG parte no ano 2001 dun valor mais baixo, 71,19, para descender no ano 2004 ata o 61,50, o que reflicta o maior peso da poboación economicamente activa con respecto aos grupos dependentes na AMV.

Evolución dos índices de dependencia xuvenil e senil  
1996-2004



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O Índice de Dependencia Xuvenil (IDX), que relaciona a poboación menor de 16 anos con a poboación potencialmente activa, decreceu no período comprendido entre o ano 1996 e o ano 2004, producido polo descenso da poboación menor de 16 anos e o aumento da poboación con idades comprendidas entre os 16 e os 64 anos, así no ano 1991 o IDX era de 42,93 mozos por cada 100 persoas entre 16 e 64 anos e no ano 2004 acadaba o valor de 29,22. A mesma tendencia aconteceu na AMV, onde o valor da IDX do ano 1991 era de 51,68, mentres que no ano 2004 decreceu ata o 32,95. O decrecemento nos valores do IDX ven determinado polo descenso da natalidade.


O Índice de Dependencia Senil (IDS), que compara os pesos do grupo de poboación maior de 64 anos co de 16 e 64 anos de idade, como se observa no gráfico, a tendencia é a contraria á do IDX, xa que no ano 1991 o IDS era de 31,46 para chegar no ano 2004 ata o 48,95. Neste caso o crecemento no valor do IDS produciuse por un aumento na poboación maior de 64 anos, 447 persoas en 1991 e 536 en 2004 e polo decese no número de persoas potencialmente activas, 1.421 persoas en 1991 e 1.095 en 2004. No caso da AMV, tamén se produciu un aumento no IDS, xerado polo aumento da poboación maior de 64 anos e o descenso grupo poboacional de 16 a 64 anos, aínda que non tan significativo como o de Fornelos de Montes, xa que o Índice variou de 19,50 no ano 1991 ata o 28,55 no 2004.

#### F) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento

O Índice de Recambio da Poboación Activa (IRPA), indicador que relaciona a poboación entre 60 e 64 anos e a comprendida entre os 20 e os 24 anos, e que explica a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que abandonan o mercado de traballo por motivo da xubilación, experimentou un aumento no concello de Fornelos de Montes no período comprendido entre os anos 1991 e 2004, así o ano 1991 o IRPA era de 78,50, é dicir que por cada 100 persoas de 20 a 24 anos,




había 78,5 que tiñan entre 60 e 64 anos de idade. Este Índice experimentou unha baixada no ano 2001, ata acadar o valor de 69,54, aínda que no ano 2004 xa superara o valor do ano 1991 en 10,73 puntos, chegando ao valor de 89,23. Comparando a evolución do IRPA coa AMV vese como tamén experimentou un aumento dende o ano 1991 ata o 2004, aínda que o valor do que partía nese ano, 53,69, como o acadado no ano 2004, 62,79, son significativamente menores que no caso de Fornelos de Montes. Isto débese a que neste concello produciuse un decrecemento tanto no número de persoas de 20 a 24 anos, 200 a 168, como no de persoas entre 60 a 64 anos, de 157 a 117, entre os dous anos de referencia, mentres que no caso da AMV, o número de persoas de 20 a 24 anos incrementouse, pasando de 37.425 no ano 1991 a 40.582 no ano 2004, feito que compensa o aumento producido no número de persoas de 60 a 64 anos, que pasou de 20.063 persoas no ano 1991 a 20.178 no 2004.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Outro dos indicadores sobre a estrutura da poboación é o Índice de sobreenvellecemento, que explica a relación entre a poboación menor de 20 anos e a maior de 64. Como se mostra no gráfica, este Índice aumentou significativamente entre os anos 1991 e 2001, pasando de haber 73,28 persoas maiores de 64 anos por cada 100 persoas menores de 20 a 153,33, o que supón unha variación no indicador de 80,05 puntos. Na gráfica inclúese os datos correspondentes á AMV, a Pontevedra e a Galicia, como se observa, en tódolos territorios aumentou a proporción de poboación maior con respecto á poboación nova, aínda que o aumento na AMV é o menos significativo, de 41,24, moi similar ao de Pontevedra, de 43,73. No caso de Galicia, a variación foi de 56,72 puntos.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




O Índice de sobreenvellecemento é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. A gráfica mostra tamén para os anos 1991 e 2001, como se produciu un lixeiro aumento, 0,36 puntos, neste índice no concello de Fornelos de Montes, de xeito que no ano 1991 había 10,51 persoas maiores de 84 anos por cada 100 maiores de 64 anos e no ano 2001 era de 10,87. Os valores de Fornelos son moi similares aos de Pontevedra e Galicia, 10,84 e 11,49 respectivamente, no ano 2001, aínda que nestes dous territorios se partía de valores mais baixos que os de Fornelos de Montes no ano 1991, 8,73 e 9,20 respectivamente, pola que as variacións son maiores, de 2,11 en Pontevedra e de 2,29 en Galicia. No caso da AMV a variación foi de 2,06 puntos, pasando do 7,90 no ano 1991 ao 9,95 no ano 2001, por debaixo de Fornelos de Montes, debido, como acontece noutros indicadores xa comentados pola poboación menos envellecida dalgúns dos concellos que conforman a área metropolitana.

### 6.3. Movemento natural da poboación

#### A) Nacementos, casamentos e defuncións.

O estudio do movemento natural da poboación nun territorio basease na análise dos nacementos, dos casamentos e das defuncións. Na gráfica que se inclúe a continuación, obsérvase a evolución destes tres fenómenos demográficos no concello de Fornelos entre os anos 1997 e o 2002. No caso dos nacementos, produciuse un descenso significativo dende o ano 1997, onde se rexistraron 16 nacementos ata o ano 2000, que foi o ano no que menos nacementos se produciron, chegando ata 9. Os últimos anos, estase incrementando paulatinamente o número de nacementos, xa que no ano 2001 rexistráronse 11 e 12 no ano 2002.

Evolución no número de nacementos, casamentos e defuncións  
1997-2002



Fonte: movemento natural da poboación. IGE e INE

En relación aos casamentos, prodúcese o descenso mais significativo. Desde o ano 1997, no que se inscribiron 10 casamentos, chegouse no ano 2000 a non se rexistrar ningún, ata o 2002, onde o número de casamentos foi de 3.


As defuncións é o fenómeno que máis ten variado no concello entre ditos anos de referencia. Se ben o máis significativo é o seu aumento nese período, producido pola estrutura envellecida da súa



poboación, así no ano 1997 o número de mortes rexistradas foi de 24 mentres que no ano 2002 creceu ata 27. O ano 2000 prodúcese un forte incremento deste fenómeno, como se observa na gráfica, chegando a rexístrase 36 defuncións.

## B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade

A análise das taxas correspondentes a este tres fenómenos permiten dimensionar a súa incidencia no concello ademais de realizar comparacións con respecto os valores correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia.




A Taxa Bruta de Natalidade (TBN), que mide o número de nacementos por cada mil habitantes, foi no ano 1998 en Fornelos de Montes de 8,54%, diminuindo no ano 2000 ata o 3,96%. Os seguintes dous anos a taxa foise incrementando ata chegar ao 5,50% no ano 2002 e ao 5,62% no 2003. No caso da TBN na AMV, aínda que no ano 1998, partíase dun valor lixeiramente mais baixo que á do concello, 8 nacementos por mil habitantes, a tendencia nestes anos foi de crecemento constante, chegando no ano 2003 ata o valor de 8,98. Esta taxa é a mais alta dos territorios que estamos a tomar como referencia, por riba de Pontevedra, cuxa TBN no ano 1998 era de 7,81 para acadar no ano 2003 o valor de 8,59. No caso de Galicia, tamén se experimenta un crecemento na TBN, aínda que os valores son mais baixos, ao ter en conta o peso do conxunto de poboación envellecida da comunidade, así no ano 1998 correspondíalle unha TBN de 6,8% e no ano 2003 de 7,37%.



Evolución da Taxa Bruta de Nupcialidade  
1998-2002

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A evolución nos casamentos no concello de Fornelos de Montes, medida pola Taxa Bruta de Nupcialidade (TBNup) sofre maiores variacións, como no caso da TBN no concello de Fornelos que nos outros tres territorios de referencia. Esta variación reflíctese na gráfica, onde se observa que dende o ano 1998, no que a TBNup era de 2,56%, chegouse a unha taxa de 0,00% no ano 2000 recuperando no ano 2002 ata chegar ao valor de 1,38%. O envellecemento da poboación no concello, inflúe no feito de que os valores correspondentes a Fornelos de Montes sexan máis baixos que na AMV, Pontevedra e Galicia. Así, na AMV a TBNup no 1998 era de 5,05%, en Pontevedra de 4,87% e en Galicia de 4,37%. Nestes tres territorios produciuse un descenso na TBNup ata o ano 2002, aínda que non moi significativos en ningún dos casos, correspondéndolle os seguintes valores respectivamente, 4,69%, 4,58% e 4,21%.

Evolución da Taxa Bruta de Mortalidade  
1998-2002

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Na Taxa Bruta de Mortalidade (TBM), que reflexa o número de mortes por cada mil habitantes, obsérvase como novamente a poboación de Fornelos de Montes sofre unha variación moito máis marcada que nos outros tres territorios de referencia e o ano 2000 volta a ser un ano crítico onde se produce un marcado aumento na mortalidade no concello, en contraste á evolución constante que é unha característica nos outros tres territorios. O valor da TBM no concello no ano 1998 era de 11,95%, valor máis alto que o correspondente a AMV, de 7,60% onde a poboación é máis nova,



como no caso de Pontevedra, cuxa taxa era de 8,69%. A taxa de Fornelos Montes seméllase mais á de Galicia, que era no ano 1998 de 10,31%. A gráfica mostra o aumento na TBM no concello no ano 2000 chegando ata o 15,85%, para descender no ano 2002 ata o 12,38%. Nos outros tres territorios produciuse un aumento na taxas aínda que moi lixeiros e como se observa no gráfico, o comportamento da mortalidade é similar ao dos outros fenómenos analizados, moi constante. No ano 2002, a TBM mantense en torno ao 8% na AMV e en Pontevedra e no caso de Galicia, o valor é de 10,36%.

### C) Saldo vexetativo

O saldo ou crecemento vexetativo da poboación é a diferenza entre os nacementos e as defuncións producidas nunha poboación nun período determinado, neste caso expresado por mil habitantes. Saldo con valores negativos, tradúcese en maior número de defuncións que nacementos, saldo positivos, polo tanto, responden a un maior número de nacementos en relación ás defuncións.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Como se desprende da análise nas taxas anteriores, os saldos correspondentes a Fornelos de Montes, son negativos dende o ano 1998 ata o 2002, a gráfica reflexa como dende o -3,41% correspondente o ano 1998, pasouse en 2000 a un saldo negativo de -11,89%, manténdose negativo no ano 2002, -6,88%. Na gráfica reflíctese como a partires do ano 1999 as diferenzas con respecto á AMV, Pontevedra e Galicia aumentan significativamente. Destes tres espazos de análise, AMV é a única que mantén saldos positivos neste período, aumentando entre os dous anos de referencia, así no ano 1998 o saldo era de 0,40%, incrementándose lixeiramente no ano 2002 ata ao valor de 0,62%. No caso de Pontevedra, presenta saldos negativos durante o período, que van do -0,88% do 1998 ao -0,49% do ano 2002. Os valores correspondentes a Galicia, mais baixos que os de Pontevedra, experimentan tamén un pequeno aumento neste período de análise, pasando do -3,50% do ano 1998 ao -3,30% do ano 2002. Nos catro territorios analizados, estase producindo un aumento positivo e suave do saldo vexetativo, xa que as taxas de natalidade están superando ás correspondentes a da mortalidade.



#### 6.4. Movements migratorios

O estudo das características dunha poboación e o seu comportamento ao longo do tempo, analízase a través do movemento natural do poboación, realizado no apartado anterior, xunto cos movementos migratorios. Tómase a Estatística de Movementos Migratorios que elabora o IGE a partir da Estatística de Variacións Residenciais elaborada polo INE tomando as altas e baixas nos padróns municipais. O concepto de migración, segundo o IGE é equivalente ao do cambio de concello de residencia.

##### A) Emigración



Comezando pola análise da emigración, que se refire, nun determinado ámbito xeográfico ás migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fora do mesmo. Dentro do concepto de emigración diferenciaremos ás emigracións internas e as externas. As primeiras son aquelas que teñen orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello da comunidade. As emigracións externas son aquelas que teñen destino fora da comunidade autónoma, diferenciando entre as que son cara o resto de España ou ao estranxeiro.

Analizando o fenómeno da emigración en Fornelos de Montes, no período 1990 a 2004, representado na gráfica, obsérvase cómo experimentou unha serie de variacións ao longo do período, aínda que como se observa no gráfico, a tendencia é ao aumento no número de persoas que deciden fixar a súa residencia fora do concello, como se observa na gráfica adxunta. Así, no ano 1990 a emigración total no concello foi de 40 persoas, descendendo no seguinte ano ata a cantidade de 18 persoas. A partir do ano 1992 o número de persoas emigrantes vai en aumento, con dous momentos nos que se producen pequenos descensos, como no ocorrido no entre os anos 1995 e 1996 que se pasou de 58 a 46 emigrantes respectivamente e entre os anos 1997 e 1999, no que o as persoas emigrantes pasaron de 58 a 38. A partir dese último ano as persoas emigrantes foron aumentando, ata acadar no ano 2004 a cantidade de 85 persoas.

A tendencia é similar á acontecida no conxunto da AMV para o mesmo período de análise, como tamén se observa na gráfica correspondente a este territorio. O número de persoas que mudaron a



súa residencia para outro concello na AMV no ano 1990 foi de 4.834 chegando no ano 2004 á cantidade de 11.853 persoas.

A continuación terase en conta o destino destas emigracións para diferenciar entre as internas, é dicir, as que teñen como destino outro concello galego, dentro ou fora da provincia de Pontevedra, e a emigración externa, a outra comunidade autónoma ou ao estranxeiro, neste caso, compararemos os valores de Fornelos cos da AMV, a provincia e Galicia.

Como se observa nas porcentaxes incluídas no cadro a seguir, a maioría da poboación emigrante en Fornelos de Montes o fai internamente, un 71,76% fronte ao 28,24% que o fai con destino fora de Galicia. As porcentaxes para os outros tres territorios de referencia son similares, sendo a emigración interna a maioritaria, aínda que no caso da AMV e Pontevedra, as porcentaxes son lixeiramente menores aos de Fornelos, representando o 67,76% e o 68,50% respectivamente. No caso de Galicia, correspóndelle un valor semellante ao de Fornelos, de 71,68%. A emigración interna cara a provincia representa en Fornelos o 90,16%, en torno os dez puntos superior ás da AMV, 82,30%, Pontevedra, 80,53% e Galicia, 81,84%. Isto supón que unicamente o 9,84% dos emigrantes de Fornelos o fan a outra provincia galega. A poboación que, polo tanto, decide emigrar a outra provincia galega no caso da AMV, Pontevedra e Galicia, representan porcentualmente en torno ao dobre do conxunto de emigrantes internos de Fornelos de Montes.

A emigración externa, que como xa se sinalou representa o 28,24% do total da emigración en Fornelos de Montes, desagregase entre a que ten como destino outra comunidade autónoma, 62,50%, e a que se dirixe ao estranxeiro, 37,50%. A análise da emigración externa en Fornelos en relación ao territorio da AMV, Pontevedra e Galicia, mostra a diferenza significativa entre o concello e os outros territorios, xa que no concello, as porcentaxes sinaladas difiren do que acontece na AMV, onde 9 de cada 10 persoas que deciden emigrar fora de Galicia, quédanse en España, mentres que so unha persoas de cada dez o fan ao estranxeiro. A relación entre a poboación que emigra a España e a que a fai ao estranxeiro é similar á da AMV no caso de Pontevedra e Galicia.

Emigración segundo tipo e porcentaxes de representación.  
Ano 2004

Orixe	Emigración interna			Emigración externa			Total
	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Total	A outra CCAA	AO Estranxeiro	Total	
Fornelos de Montes	55	6	61	15	9	24	85
	90,16%	9,84%	71,76%	62,50%	37,50%	28,24%	100%
AMV	6621	1424	8045	3456	352	3808	11873
	82,30%	17,70%	67,76%	90,76%	9,24%	32,07%	100%






Pontevedra	13323	3221	16544	6862	746	7608	24152
	80,53%	19,47%	68,50%	90,19%	9,81%	31,50%	100%
Galicia	46903	10409	57312	20208	2437	22645	79957
	81,84%	18,16%	71,68%	89,24%	10,76%	28,32%	100%

Fonte: Estatísticas de variacións residenciais. IGE

## B) Inmigración

A continuación analizaremos a inmigración seguindo o mesmo esquema que no caso da emigración. Tomando novamente a definición do IGE, as inmigracións para un ámbito xeográfico determinado son aquelas migracións con destino nese ámbito xeográfico e orixe fora do mesmo. Comezaremos pola análise da evolución da poboación inmigrante entre o período de 1990 a 2004. De forma semellante ao acontecido no caso da emigración, a inmigración experimentou variacións ao longo do período sinalado, como se observa na gráfica axunta, aínda que a tendencia experimentada foi dun pequeno aumento no número de persoas inmigrantes. No ano 1990 o número de persoas que procedentes doutro concello fixaron a súa residencia en Fornelos de Montes foi de 37, no final do período sinalado, ano 2004, o número de persoas inmigrantes rexistradas foi de 45. Ao longo do período producíronse descensos, como o producido no ano 1991, onde o número de inmigrantes descendeu ata 24, aumentando no ano 1992 ata 38 inmigrantes. Outro descenso produciuse no ano 2001, onde das 55 persoas inmigrantes do ano 2000, pasouse a 28, para volver á tendencia crecente no ano 2002, 49 persoas e a 68 no ano 2003, a cifra mais alta do período de referencia. No ano 2004, a inmigración rexistrada volve a descender, chegando a 45 persoas inmigrantes.

Evolución da poboación inmigrante  
1990-2004



Fonte: estatísticas de variacións residenciais. IGE

Comparando a evolución da inmigración no concello de Fornelos de Montes coa experimentada no conxunto de concellos de forman a AMV, vese como neste caso a tendencia segue un crecemento mais constante, como se ve na gráfica axunta. No ano 1990, o número de persoas que procedentes doutros concellos se rexistraron nalgún dos da AMV, foi de 6.119, ao final do período, ano 2004, o



número de persoas inmigrantes na AMV foi de 14.378 persoas. Ao longo do período hai dous momentos destacables polo cambio de tendencia, así, no ano 1991, o descenso con respecto ao ano anterior foi de 3182 persoas, chegando á cantidade de 2.937 persoas inmigrantes, e no ano 1996, onde se produciu un descenso con respecto ao ano 1995 de 2.226 persoas, rexistrándose 4.158 persoas inmigrantes. A pesares destes dous momentos de descenso no número de inmigrantes, no conxunto da AMV, o rexistro de poboación nos padróns municipais procedente doutros concellos é unha constante determinada, con seguridade, polo peso dos concellos máis dinámicos economicamente falando como é o caso de Vigo, O Porriño, Mos, etc., e que exercen unha forte atracción sobre a man de obra dos concellos con menos posibilidades no eido laboral no conxunto de Galicia.

A continuación analizarase a inmigración atendendo a súa procedencia, como no caso da emigración, estudarase a inmigración interna, diferenciando a que procede da mesma provincia daquela que ten orixe noutra provincia galega, e á inmigración externa, esta é a que procede doutra comunidade autónoma e do estranxeiro. Os datos son os correspondentes ao 2004.

Número de persoas inmigrantes e taxa de representación.  
Ano 2004

Orixe	Inmigración interna			Inmigración externa			Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Total	Doutra CCAA	Do Estranxeiro	Total	
Fornelos de Montes	28	0	28	13	4	17	45
	100,00%	0,00%	62,22%	76,47%	23,53%	37,88%	100%
AMV	5994	1635	7629	2778	3820	6598	14227
	78,57%	21,43%	53,62%	42,11%	57,89%	43,38%	100%
Pontevedra	13323	3314	16637	5966	7145	13111	29748
	80,08%	19,92%	55,93%	45,50%	54,50%	44,07%	100%
Galicia	46903	10409	57312	18331	19366	37697	95009
	81,84%	18,16%	60,32%	48,63%	51,37%	39,68%	100%

Fonte: estatísticas de variacións residenciais. IGE

A inmigración interna en Fornelos supón o 62,22% do total da inmigración, sendo o 37,88% a poboación que conforma a inmigración externa, proveniente doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro. As diferenzas con respecto á AMV e Pontevedra son salientables, xa que nestes dous territorios a proporción entre a inmigración interna e a externa está repartida de forma máis igualitaria, sendo a porcentaxe de inmigración interna na AMV do 53,62%, e de 55,93% en Pontevedra, e de 43,38% e do 44,07%, respectivamente, para a inmigración externa. Galicia ten un



comportamento semellante ao de Fornelos de Montes, sendo o total da inmigración interna do 60,32% e a externa é de 39,68%.

Analizando a inmigración interna, obsérvase como a maioría da poboación inmigrante o fai dende a mesma provincia de orixe, no caso de Fornelos a porcentaxe de poboación representa o 100%, mentres que a AMV, Pontevedra e Galicia, posúen porcentaxes semellantes, 78,57%, 80,08% e 81,84% respectivamente. No ano 2004 ningunha persoa fixou a súa residencia no concello de Fornelos procedendo doutra das provincias galegas, nos outros tres territorios, as porcentaxes que representan a inmigración interna procedente doutra provincia galega están en torno ao 20%.

En canto á inmigración externa, as diferenzas entre o concello de Fornelos de Montes e os outros tres territorios son máis significativas, comportándose estes dun xeito similar. Así, a inmigración externa en Fornelos divídese entre o 76,47% procedente doutra comunidade autónoma e o 23,53% que o fai dende o estranxeiro. Nos outros tres territorios a porcentaxe de poboación que inmigra dende o resto de España é menor que a que o fai dende o estranxeiro, aínda que a proporción é máis igualitaria que no caso de Fornelos, onde como vimos a maioría da poboación inmigra dende outra comunidade autónoma. Así, na AMV un 42,11% procede do resto de España e un 57,89% dende o estranxeiro. En Pontevedra estas porcentaxes representan o 45,50% e o 54,50% respectivamente. Pola súa parte, Galicia recibe a poboación inmigrante externa nun 48,63% procedente de España e dun 51,37% do estranxeiro.

### C) Saldo migratorio

Saldos Migratorios, internos e externos. Anos 1992 e 2003

Tipo de Saldo Migratorio	Fornelos de Montes		AMV		Pontevedra		Galicia	
	1992	2003	1992	2003	1992	2003	1992	2003
SM Total	-139	-343	3397	9751	30821	68402	-21916	-53092
SM Interno	-100	-245	1927	4456	18440	41944	-18209	-41888
SM Interno Intraprovincial	-38	-108	1283	3402	15024	34642	-15024	-34642
SM Interno con Galicia	-32	-137	644	1054	3416	7302	-3185	-7246
SM Externo	-39	-98	1470	5295	1759	4079	6915	11175
SM Externo con España	-39	-102	844	1518	-49	-1274	607	-3627
SM Externo co Estranxeiro	0	4	626	3777	1808	5353	6308	14802

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




De seguido, analizarase o saldo migratorio (no sucesivo, SM), que segundo o IGE, para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se o saldo migratorio posúe valores positivos indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo. Tomaranse como anos de análise o 1992 e o 2003 e atenderase ao saldo migratorio interno e externo, segundo o esquema seguido anteriormente no estudo da emigración e a inmigración, diferenciando entre o saldo interno na mesma dentro da provincia e o saldo migratorio interno co resto e Galicia. Tamén se considerará o saldo migratorio externo con outras comunidades autónomas e co estranxeiro.

Os valores incluídos no cadro anterior, mostran como en Fornelos de Montes, tanto no ano 1992 como no 2003, os saldos migratorios son negativos, producíndose un aumento entre ambos anos. Así, o saldo migratorio total no concello no ano 1992 era de -139 pasando no ano 2003 a -343. O saldo migratorio interno tamén ten aumentado entre estes dous anos, sendo o número de persoas emigrantes que superaron ás inmigrantes no 1992 de 100 e no 2003 de 245. O saldos migratorios internos coa provincia e con Galicia, tamén negativos e en aumento entre estes anos, son no 2003 de -108 e -137 respectivamente. O saldo migratorio externo no ano 1992 foi de -39, correspondendo á poboación que emigrou cara España que superou á que chegou ao concello dende ese mesmo territorio. No ano 2003, o saldo aumentou ata -102, o que reflexa a importancia da emigración na poboación fornelse. O saldo migratorio co estranxeiro no ano 1992 ten un valor igual a 0, mentres que no ano 2003, aparece o único saldo migratorio positivo, cun valor de 4, neste caso refírese ao maior número de emigrantes que marcharon cara ao estranxeiro que o número de inmigrantes que chegaron dende fora de España ao concello.

Como se recolle na táboa, o saldo migratorio na AMV e Pontevedra posúe valores positivos nestes dous anos de referencia, igualmente acontece en toda a tipoloxía de saldos migratorios reflectida na mesma. A única excepción corresponde a Pontevedra, que ten saldo migratorio positivo de tipo externo con España nos dous anos, é dicir, que o número de persoas que emigraron da provincia de Pontevedra cara España no ano 1992 foi maior que os que inmigraron en 49 persoas e no ano 2003 en 1274. No caso do conxunto galego a experiencia é similar a analizada en Fornelos de Montes, xa que nestes dous anos tódolos saldos migratorios recollidos teñen valores negativos, a excepción do saldo migratorio externo co estranxeiro, que tanto no ano 1992 como no ano 2003, foron positivos superando o número de inmigrantes ao de emigrantes, en 6308 e 14802 respectivamente. Este feito a nivel de Galicia ven determinado polo aumento da poboación emigrante retornada que está acadando nestes últimos anos un peso significativo na comunidade autónoma.





Para finalizar co estudo dos movementos migratorios en Fornelos de Montes, a continuación analizarase a taxa de crecemento migratorio, que se define como a diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes con respecto a poboación total nun período determinado por cada 1.000 habitantes, de xeito que os valores positivos implican que a inmigración é maior que a emigración, e ao contrario, valores negativos implican que a emigración é maior á inmigración. Tomando este indicador é posible comparar cal é o comportamento dos movementos migratorios no concello de Fornelos de Montes en relación a AMV, Pontevedra e Galicia. A gráfica representa que no ano 1991 o número de persoas inmigrantes era superior ao de emigrantes en Fornelos de Montes, cunha taxa de 2,42%. Nos seguintes dous anos a situación trócase pasando a taxas con valores negativos, é dicir, que a emigración supera á inmigración, con valores de -13,45% no 2001 e de -8,13% no ano 2004. Na AMV, os valores da taxa de crecemento migratorio posúe valores positivos constantes, no ano 1991 correspondíalle unha taxa de 1,39%, aumentando a 3,88% no ano 2001 e, cun lixeiro descenso no 2004, cun 3,20% por cada mil habitantes. En canto a Pontevedra, é significativo o aumento producido entre os anos 2001 e 2004, onde se pasou dunha taxa de 3,88% á de 72,96%. No caso de Galicia, as taxas pasan de valores positivos nos anos 1991 e 2001, 1,25% e 2,62%, respectivamente, a un valor negativo de -18,96 no ano 2004, o que supón que a emigración aumentou en case 19 persoas por cada mil habitantes.

#### 6.5. Nivel de formación da poboación

A seguir, analizarase o nivel de formación da poboación a través das estatísticas extraídas do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, publicado polo INE e explotada polo IGE. Ademais, para o ensino non universitario, tomaranse datos publicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

##### A) Nivel de estudos da poboación

En canto ao nivel de estudos da poboación, tómake a estatística do censo do 2001 que recolle a poboación de 16 e mais anos de idade en vivendas unifamiliares, segundo o sexo e o nivel de



estudos, o cadro a seguir, mostra as porcentaxes correspondentes, para o conxunto da poboación fornелense e como se reparte a mesma entre homes e mulleres.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo. Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Non saben ler nin escribir	3,6 %	25,37%	74,63%
Menos de 5 anos de escolarización	14,96%	30,66%	69,34%
Sen completar bacharelato elemental, ESO ou EXB	33,3 %	49,0 %	50,98%
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	36,70%	50,15%	49,85%
Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Bacharelato Superior BUP/LOXSE, COU/PREU	4,81	47,73	52,27
FPI, FP grao Medio, Oficialía industrial	2,13	38,46	61,54
FPII, FP Grao Superior, Mestría Industrial.	1,42	50,00	50,00
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	2,24	48,78	51,22
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	0,66	50,00	50,00
Doutoramento	0,20	100,00	0,00


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Os datos incluídos na táboa anterior, mostran cómo un 51,94% da poboación de Fornelos de Montes, non iniciou ou completou ningún nivel elemental de ensino, repartíndose esa porcentaxe entre un 3,66% que “Non sabe ler nin escribir”, que o IGE considera segundo a súa definición, como poboación analfabeta, un 14,96% que ten “Menos de 5 anos de escolarización” e un 33,32% que non rematou o bacharelato elemental, a ESO ou a EXB. A maior porcentaxe de poboación que acadou algún nivel académico, concéntrase na categoría “Bacharelato elemental, ESO ou EXB”, co 36,70%, desagregándose por sexo en 49,85% no caso das mulleres e de 50,15% no dos homes. O “Bacharelato superior, BUP,/LOXSE, COU/PREU” é o nivel que segue por concentración de poboación, aínda que con moita diferenza con respecto ao anterior, xa que so un 4,81% da poboación acadou este nivel de estudos. O resto das categorías incluídas na táboa mostran porcentaxes entre o 2,24% correspondente a poboación que acadou un nivel de formación de estudos universitarios medios e o 0,20% que posúe un doutoramento.



A análise do nivel formativo tendo en conta a súa distribución segundo o sexo, mostra como dato significativo o feito de que mentres que as mulleres son maioría nos niveis formativos máis baixos, a medida que o nivel formativo aumenta, a porcentaxe de mulleres vaise igualando con respecto aos homes, chegando nalgúns casos a superalos, como é no caso do nivel de “Diplomatura, arquitectura e enxeñería técnica” onde as mulleres representan o 51,22% fronte o 48,78% dos homes. É significativo salientar que do 3,66% da poboación analfabeta de Fornelos, un 74,63% son mulleres, fronte ao 25,37% de homes nesa situación.

## B) Taxa de analfabetismo




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Como xa se sinalou, o analfabetismo da poboación, mídese como a porcentaxe de poboación que sobre o total dun territorio determinado, non sabe ler nin escribir. Nesta ocasión analizarase o analfabetismo comparándoo coas porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, e tendo en conta a distribución entre sexos, neste caso sobre o total da poboación. No caso de Fornelos de Montes, a taxa total de analfabetismo no ano 2001 era de 3,66%, representando en termos absolutos a 67 persoas. A taxa sobre o total da poboación correspondente aos homes era de 2,04%, case tres puntos por baixo da correspondente ás mulleres, que era de 5,02%. O número absoluto de homes era de 17, e o das mulleres de 50. Ao comparar estas taxas cosas da AMV, observase como ao conxunto do territorio AMV correspóndelle unha taxa de analfabetismo total de 1,59%, mais de dous puntos inferior á de Fornelos de Montes. No caso dos homes da AMV, a taxa é tamén menor que a correspondente a Fornelos, sendo de 0,75%, e con respecto ás mulleres, tamén inferior ao que acontece no concello, xa que as mulleres que non saben ler nin escribir no conxunto de concellos da AMV é de 2,35%. As taxas correspondentes a Pontevedra e a Galicia, comparte valores similares aos da AMV, aínda que estes son sempre inferiores. Así, no caso de Pontevedra a taxa total é de 1,82 e en Galicia de 2,05%. No caso dos homes, á provincia correspóndelle un valor de 0,89% e a Galicia un valor lixeiramente superior, de 1,03%. As mulleres, como acontece en Fornelos e na AMV, posúen unha taxa máis alta de analfabetismo, que é de 2,35% na provincia e de 2,98% na comunidade autónoma.



C) Tipo de estudos da poboación



A gráfica anterior ofrece datos sobre a poboación de 16 anos e mais en vivendas familiares con nivel de estudos clasificables segundo tipo para o total da poboación do concello así como a súa distribución por sexo, no ano 2001. Os datos mostran como a maioría da poboación ten algún estudo dentro da categoría das “Ciencias Sociais”, sendo un total de 29 persoas, das cales, 21 son mulleres e 8 homes. Os outros tipos de estudos maioritarios son os de “Saúde, Servizos Sociais” con 19 persoas, delas, 14 son mulleres e 5 homes, o tipo “Maxisterio e Servizos Sociais” con 17 persoas, 10 mulleres e 7 homes, e o de “Formación Técnica e Industria” con 17 persoas, sendo 14 homes e 3 mulleres. Estes datos mostran a tendencia tradicional a que os homes se especialicen en actividades relacionadas con sectores da industria, sendo as mulleres as que se formen e dediquen laboralmente a actividades relacionadas cos servizos sociais. Así acontece no tipo de estudos “Enxeñerías”, onde das 8 persoas incluídas nese grupo, 6 son homes e 2 mulleres. É salientable o feito de que a pesares de que o concello rural, soamente 3 persoas teñen formación clasificada como de tipo “Agricultura, Gandería, Pesca; Veterinaria”, distribuíndose por sexo entre 2 homes e 1 muller.

D) Lugar de estudo da poboación

O seguinte cadro, amosa o lugar de estudo da poboación non ocupada de 16 anos e mais, tendo en conta o sexo no ano 2001. Os datos mostran como das 80 persoas incluídas na estatística, 72 estudaban noutro concello da provincia de Pontevedra, sendo a distribución entre sexos moi igualitaria, 39 mulleres e 33 homes. Noutra provincia galega o facían 5 persoas, todas elas mulleres. No mesmo concello soamente se contabiliza unha muller. No estranxeiro unicamente 2 persoas, 1 home e 1 muller.





Poboación estudante de 16 e mais anos, non ocupada,  
segundo sexo e lugar de estudo.

Ano 2001.

Lugar de estudo	Total	Homes	Mulleres
Mesmo concello	1	0	1
Outro concello da mesma provincia	72	33	39
Outra provincia de Galicia	5	0	5
Outra Comunidade Autónoma	0	0	0
O estranxeiro	2	1	1
<b>Total</b>	<b>80</b>	<b>34</b>	<b>46</b>

Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001. INE

## E) Educación non universitaria

Os dous centros educativos dos que dispón o concello son de titularidade pública, onde se imparte ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria. No curso académico 2003/2004, o total do alumnado matriculado nestes centros era 115, repartíndose entre 29 correspondentes a Educación Infantil e 86 a Educación Primaria, segundo datos obtidos do IGE e facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 6.6. Vivenda

Os datos referidos a situación da vivenda no concello de Fornelos de Montes foron obtidos do IGE e proveñen do Censo de Poboación e Vivenda do ano 2001, realizado polo INE. Segundo o IGE, considérase vivenda ao “recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas, ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén no momento censal”. Considérase edificio á “construción permanente, separada e independente, concibida para ser utilizada como vivenda ou para servir a fins agrarios, para a prestación de servizos ou, en xeral, para desenvolver calquera actividade” (administrativa, comercial, industrial, cultural, ...), e a definición de local que como a de vivenda, trátase dun “recinto estruturalmente separado e independente, que non está dedicado exclusivamente a vivenda e no que se levan ou se poden levar a cabo actividades económicas dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, total ou parcialmente”.




### A) Tipo de vivenda

O número total de vivendas no ano 2001 en Fornelos de Montes era 750, representando o 0,39% do total e vivendas da AMV. Delas, 663 era vivendas principais o que representa un 88,40%, o número de vivendas secundarias era de 55, o 7,33% do total. As vivendas baleiras eran 30, representado un 4% do total. O número de edificios era nese ano 728 e o número de locais 12.

Das 663 vivendas principais no concello, 13 dispoñen de segunda vivenda, o que ben representar o 1,96%. Na AMV a porcentaxe de vivendas principais que dispoñen de segunda vivenda é de 10,94% por riba de Pontevedra, 9,24% e de Galicia, 10,71%.

### B) Réxime de tenza da vivenda

En canto ao réxime de tenza da vivenda no concello, a forma maioritaria é o de propiedade por herdanza ou doazón, no que se atopan un total de 444 vivendas. O segundo réxime de tenza maioritario no concello é o clasificado como “outras formas”, contabilizándose 129 vivendas. Seguen as vivendas en propiedade totalmente pagadas, 77. As vivendas en propiedade pendentes de pagamento son 9 e as que se atopan en aluguer son soamente 4.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Na gráfica que segue comparamos as porcentaxes que representan cada un dos réximes de tenza no concello, na AMV, Pontevedra e Galicia. Destaca a porcentaxe de vivendas clasificadas como “En propiedade por herdanza ou doazón”, que en Fornelos representan o 66,97% sendo o principal, característico dos espazos rurais, mentres que na AMV ese réxime representa o 14,10%, ocupando a cuarta posición, en Pontevedra e Galicia, polo peso do rural, aumenta a 20,81% e 21,44% respectivamente. Como terceiro réxime de tenza en Fornelos atopamos a vivenda en propiedade, totalmente pagada, que ven representar o 11,61%, mentres que na AMV, Pontevedra e Galicia, é o réxime maioritario, cunhas porcentaxes respectivas de 44,31%, 45,01% e 43,51%. As vivendas en propiedade pendentes de pagamento non son representativas no concello, 1,36%, mentres que si o son na AMV, cun valor do 16,07%. No caso de Pontevedra e Galicia, onde ten máis peso o conxunto de concellos rurais, non é maioritario este réxime, como acontece en Fornelos, as porcentaxes



descenden lixeiramente, acadando os valores de 13,15% e 12,57% respectivamente. Por último, en Fornelos a vivenda en aluguer é un réxime de tenza moi minoritario, que ven representar o 0,60% fronte ao 14,49% da AMV, o 10,50% de Pontevedra e o 10,50% do conxunto galego.

### C) Principais problemas da vivenda e do contorno



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Seguidamente analízanse os datos que teñen que ver coa calidade da vivenda e do seu contorno, analizados a través dos principais problemas identificados. En xeral, a importancia destes problemas no concello de Fornelos teñen un peso menor que os identificados nos outros tres territorios, a excepción do das comunicacións que foi apuntado por un 28,05% das vivendas e que é superado unicamente pola AMV, cunha porcentaxe de 30,34%. O seguinte inconveniente sinalado en Fornelos é o da “pouca limpeza nas rúas”, cun 20,21%, moi por debaixo do manifestado na AMV, que foi do 48,86%, neste caso Fornelos tamén é superado por Pontevedra e Galicia. O problema da existencia de “poucas zonas verdes” é o terceiro dos mais sinalados no concello, representado unha porcentaxe do total das vivendas de 9,05%, esta é tamén un dos principais problemas da AMV, aínda que representa unha porcentaxe moito mais alta, 46,33%, igualmente acontece en Pontevedra, onde representa o 37,75% e en Galicia, 30,75%. Os outros inconvenientes sinalados na gráfica, non son significativos no concello de Fornelos, mentres que si teñen unha importancia significativa no caso do conxunto da área metropolitana, en Pontevedra ou Galicia, caso dos “Ruídos externos”, a contaminación ou a delincuencia e o vandalismo. O único dos indicadores no que Fornelos supera ao resto dos territorios incluídos é o da “falta de servizos de aseo na vivenda”, cun valor de 2,11%, mentres que na AMV representa o 1,01%, 1,27% en Pontevedra e un 1,48% en Galicia.

En xeral, estas porcentaxes poñen de manifesto o carácter rural do concello de Fornelos, en relación á AMV, onde as zonas urbanas do conxunto de concellos teñen mais peso na estatística, facendo que os problemas que adoitan caracterizar ás áreas urbanas se reflectan nos datos, estes son a pouca limpeza nas rúas, a falta de zonas verdes ou a existencia de ruídos externos. Este feito maniféstase no que ten que ver coa contaminación, onde unicamente un 0,45% das vivendas



fornelenses o identifica como tal, fronte o 20,21% da AMV, ao 18,15% de Pontevedra e un 14,00% en Galicia.

#### D) Residentes e tamaño medio da vivenda

Para finalizar a análise da vivenda no concello, terase en conta o número de residentes por vivenda así como tamaño medio do mesmo. Volvendo aos datos do censo do ano 2001, en Fornelos de Montes, a maioría das vivendas contabilizadas son de un residente, representando o 23,23%, por riba da AMV, Pontevedra e Galicia, con valores moi similares, en torno ao 17%. No caso das vivendas con 2 residentes, os valores de Fornelos e dos outros tres territorios son moi similares, sendo lixeiramente superior ao resto o do concello, con 22,02% e o mais baixo o de Pontevedra, de 20,94%. No caso das vivendas con 3 residentes, é Fornelos o que posúe o valor mais baixo, cun 17,35%, fronte os valores da AMV, 22,25%, de Pontevedra, 21,22% e Galicia, 21,76%. As vivendas de 4 residentes representan o 14,03% en Fornelos, mentres que na AMV é o tipo maioritario, correspondéndolle un 23,06%, o 22,15% en Pontevedra e o 19,74% en Galicia. As vivendas de 5 e 6 residentes en Fornelos son as menos comúns, cuns valores do 12,37% e 11,01%, respectivamente. Nos outros tres territorios tamén posúen os valores mais baixos, en torno a o 10% no caso das de 5 residentes e ao 7 % nas de 6.

Residentes por vivenda e tamaño medio do fogar.

Ano 2001.

Nº de residentes e tamaño medio do fogar		Fornelos de Montes	AMV	Pontevedra	Galicia
Total vivendas		663	143.593	285.623	900.376
1 residente	Nº	154	24.696	49.653	177.476
	%	23,23	17,20	17,38	19,71
2 residentes	Nº	146	30.901	59.815	210.529
	%	22,02	21,52	20,94	23,38
3 residentes	Nº	115	31.952	60.597	195.915
	%	17,35	22,25	21,22	21,76
4 residentes	Nº	93	33.115	63.271	177.737
	%	14,03	23,06	22,15	19,74
5 residentes	Nº	82	14.150	30.397	81.291
	%	12,37	9,85	10,64	9,03
6 ou máis residentes	Nº	73	8.779	21.890	57.428
	%	11,01	6,11	7,66	6,38
Tamaño medio do fogar		3,1	3,24	3,1	3,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




## 7. MERCADO DE TRABALLO

A continuación ofrecemos os datos do mercado de traballo correspondentes a Fornelos de Montes. Neste apartado analizaremos o comportamento das principais variables do mesmo, como son o nivel de actividade, ocupación e desemprego, contemplando a súa evolución e desagregación por sexo e sectores económicos.

Estes datos están sacados para o caso da actividade e ocupación, do Padrón municipal de habitantes de 1996 e do censo de poboación e vivenda do ano 2001, mentres que para o desemprego utilizáronse as estatísticas obtidas da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Fornelos de Montes é un concello cun marcado carácter rural que está a sufrir unha perda continua de poboación dende fai varias décadas e no que se observa un marcado avellentamento da poboación. Todas estas situacións están a influír dunha maneira especial no mercado de traballo, afectando ás súas taxas de actividade e ocupación.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

As taxas de actividade e ocupación do concello están moi por baixo dos valores medios da área metropolitana de Vigo, provinciais e autonómicos o que é debido ao grande peso que teñen os inactivos no cómputo total da poboación maior de 16 anos. Estas taxas estiveronse reducindo durante o período 1996-2001, o que produciu un incremento da diferenza cos valores metropolitanos, provinciais e autonómicos.

Ademais, tal e como podemos ver na seguinte táboa o colectivo de xubilados e pensionistas, representan o 32,17% da poboación maior de 16 anos do concello o que é indicativo deste avellentamento. Para o caso das mulleres o seu valor está por riba dos activos o que determina unha taxa de actividade feminina moi baixa.




Características da poboación maior de 16 anos  
Ano 2001

	Poboación maior de 16 anos	Activos	Ocupados	Inactivos					
				Total	Xubilados	Pensionistas	Estudantes	Tarefas do fogar	Outra situación
Homes	834	470	338	364	199	48	30	4	83
Mulleres	997	229	132	768	208	134	47	243	136
Total	1.831	699	470	1.132	407	182	77	247	219

Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Outro aspecto que determina a baixa actividade para o caso das mulleres é o feito de que haxa un número alto de persoas dedicadas ás tarefas do fogar, posto que representan o 24,37% das mulleres maiores de 16 anos e conforman o primeiro grupo por número de efectivos. As mulleres que se dedican a estas labores son consideradas como inactivas e polo tanto redunda nunha baixa taxa de actividade.

Poboación inactiva  
Ano 2001




Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Dentro do colectivo de inactivos do Concello de Fornelos de Montes cabe destacar o peso que teñen os xubilados no cómputo total dos mesmos. Estes supoñen o 35,95% dos inactivos, aínda que o seu peso é distinto entre sexos, sendo maior no caso dos homes (54,67%) que no das mulleres (27,08%).

O número de desempregados do concello estivo variando, durante o período de xaneiro 2003 a xaneiro 2005, entre os 180 (decembro 2003) e os 218 parados (xullo 2004). Durante este lapso de tempo puidéronse apreciar varias etapas: primeiro unha etapa expansiva na súa cifra de desemprego, que se prolongou de xullo do 2003 a xuño do 2004. E posteriormente unha recesiva que




ven durando dende xullo do 2004 ata xaneiro do 2003. Este último feito fai pensar nunha melloría no mercado laboral. Así en xaneiro do 2005 o volume de desempregados era un 7,87% máis baixo que no mesmo mes do ano 2004, pero aínda estaba un 19,71% por riba do valor de 2003.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

### 7.1. Actividade

A taxa de actividade do concello de Fornelos de Montes situouse no 2001 no 38,18%, o que supuxo unha regresión con respecto ao valor do 1996 de 3,17 puntos porcentuais. Isto fixo que se afondaran as diferenzas con respecto aos valores da área metropolitana de Vigo, da provincia de Pontevedra e de Galicia que para o ano 2001 presentaban uns valores do 54,38%, do 52,69% e do 50,68%, respectivamente.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Unha das causas desta cifra tan baixa hai que buscala no nivel de actividade feminino, posto que os seus valores están moi por debaixo dos da poboación masculina, chegando a representar menos da metade da taxa de actividade dos homes. Ademais, tal e como se observa na anterior gráfica, se comparamos este valor cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia, vese que a taxa de actividade feminina de Fornelos de Montes ten un valor moi inferior ao do resto, o que é



significativo do pouco nivel de incorporación da muller ao mercado de traballo do concello debido a unha deficiencia na oferta de postos de traballos dirixidos ao colectivo, ademais dun abandono das actividades agrarias tradicionais, onde se empregaba a maior parte das mulleres de Fornelos de Montes.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Durante o período 1996-2001 produciuse un descenso da taxa de actividade de 3,17 puntos porcentuais, pasando dun valor do 41,35% ao 38,18%. As causas deste descenso hai que buscalas en varios condicionantes como son:

- Á perda da poboación no concello de Fornelos. Entre o ano 1996 e 2001 os efectivos demográficos reducíronse en 180 persoas, o que supuxo unha caída dun 7,47% do número de persoas residentes.
- O avellentamento da poboación do concello, producido por unha caída da natalidade e unha maior esperanza de vida, así como por unha saída de poboación en idade de traballar cara outros sitios en busca de mellores oportunidades de emprego. No ano 1996 o grupo de persoas maiores de 65 anos da poboación representaba o 20,66%, mentres que no 2001 subira ata acadar a cifra do 23,45% da cifra total de poboación de Fornelos de Montes.
- Á caída da actividade masculina, que durante o período perdeu 5,34 puntos porcentuais.

No que se refire a distribución da actividade entre sexos, tal e como se pode apreciar na anterior gráfica, existe unha grande desigualdade no mercado de traballo de Fornelos de Montes, posto que a taxa feminina supón menos da metade que a masculina. Así, no ano 2001 a taxa masculina estaba situada no 56,35%, mentres que a feminina tan só era do 22,97%, sendo polo tanto o diferencial de 33,38 puntos.






Todas estas características conforman un mercado de traballo moi feble, onde se está a notar a crise das actividades agrarias tradicionais e a crise demográfica que está a sufrir o campo galego. Ademais tamén se aprecia unha elevada masculinización do mesmo, posto que as diferenzas de actividade entre sexos son notables, favorecendo á poboación masculina que ten moitas máis probabilidades de atopar un emprego, e tendo as mulleres que relegarse ao ámbito doméstico (tarefas do fogar), onde unha elevada porcentaxe das mesmas (24,37%) teñen que circunscribir a súa actividade.

## 7.2. Ocupación

A taxa de ocupación no concello de Fornelos, ao igual que a de actividade, experimentou unha caída no período 1996-2001. Así, mentres que en 1996 estaba situada na cifra do 29,94%, no 2001 pasou ao 25,67%, o que supuxo unha regresión de 4,27 puntos porcentuais.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Este feito fixo que se incrementase o diferencial coas medias metropolitana, provincial e galega, posto que as súas taxas experimentaron un crecemento durante o período. Deste xeito no 2001 a diferenza de taxas de ocupación era de 18,67 puntos con Galicia, 19,98 puntos con Pontevedra e 20,98 puntos coa área metropolitana de Vigo.


A nivel de sexos, tamén se reproducen as diferenzas anteriormente comentadas con respecto ao entorno, sendo esta máis acusada para o caso das mulleres. Así, a taxa de ocupación masculina acadaba no 2001 a cifra do 40,53%, mentres que a feminina tan só supuña o 13,24% da poboación de mulleres maiores de 16 anos. Isto evidencia unha gran diferenza entre sexos, o que reproduce o anteriormente comentado para a taxa de actividade e supón o reflexo dun mercado de traballo con poucas oportunidades de emprego para as mulleres.





Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Por outra banda, se analizamos a ocupación por sectores de actividade económica pódese observar como o sector que ten un maior peso no emprego é o dos servizos, que no ano 2001 supuña o 58,33%. Este valor era moi similar o que presentaban a Área Metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia.




Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

O segundo sector que emprega un maior número de persoas no concello é o da construción, que supón o 19,44% da poboación ocupada, estando moi próximo á porcentaxe que representa o sector industrial de Fornelos de Montes (19,02%). Sen embargo, a nivel de área metropolitana, Pontevedra e Galicia o segundo posto ocúpao claramente o sector industrial cuns valores do 25,35%, 22,03% e 18,70%, respectivamente. Mentres que a construción non supera en ningún caso o 13% dos ocupados.

Por último, as actividades agrogandeiras teñen un peso bastante reducido en Fornelos de Montes, posto que só representa o 2,99% dos ocupados, porcentaxe que está por baixo das medias provincial e autonómica, onde se acadan o 4,16% e o 7,66%, respectivamente. Na área metropolitana de Vigo a



agricultura e gandería, posúen un peso menor dos ocupados, posto que este tan só supuña ao 1,05% dos mesmos.




Pero esta situación é o froito dun proceso de varios anos nos que o concello estivo a mudar a súa estrutura produtiva, pasando dunha economía agraria ao que se pode considerar como un mercado do traballo terciarizado, onde as actividades relacionadas cos servizos teñen un peso moi importante no emprego. Así, durante o período 1996-2001 pódense observar dous profundos cambios na ocupación por sectores económicos do concello de Fornelos de Montes:

- En primeiro lugar, hai unha grande perda de peso das actividades agrarias, que pasan de representar o 20,13% dos ocupados a tan só 2,99%. Dous factores que determinaron este proceso, foron a crise da agricultura tradicional, que levou a que a poboación buscase traballo noutros sectores onde as retribucións son maiores, e a caída das cifras de poboación.
- En segundo lugar, o sector da industria e a construción foron os que absorberon á maior parte dos ocupados que proviñan da agricultura, posto que o seu crecemento conxunto equivale á redución do sector agrario. A industria pasou de dar emprego ao 9,17% dos traballadores ocupados de Fornelos, a empregar ao 19,02%, mentres que a construción pasou do 10,47% ao 19,44%. Este proceso foi debido á atracción que o sector industrial e da construción da zona de Vigo tivo sobre a poboación local, de xeito que máis do 60% dos traballadores desenvolven a súa actividade fora do seu concello de residencia, sendo Vigo e Porriño os principais polos de atracción da man de obra.

Non obstante, o sector servizos segue a ter un peso fundamental no emprego do concello, mantendo unha porcentaxe que supera o 58% do emprego total do concello, a pesar de perder efectivos en termos absolutos. Podemos falar entón de mercado do traballo terciarizado, xa que este sector é o pilar fundamental do emprego en Fornelos de Montes.




Poboación ocupada por sectores económicos e sexos.  
Ano 2001



Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001. IGE

No que se refire a distribución da poboación ocupada por sectores económicos e sexo, na anterior gráfica pódese ver como as diferenzas son bastante profundas entre homes e mulleres. Así, mentres que as mulleres case exclusivamente se ven relegadas as actividades de servizos (75,91%), a dos homes está máis repartida entre servizos (51,06%), construción (26,59%) e industria (19,03%).

Poboación ocupada por situación profesional  
Ano 2001



Fonte: Censo de poboación e Vivenda. IGE

Por outra banda, analizando a poboación ocupada por situación profesional, obsérvase que a maior parte teñen a condición de asalariados, posto que no ano 2001 o 82,9% dos mesmos realizaban un traballo por conta allea. Se comparamos esta cifra coas que presentan a área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia, observamos como o seu valor se atopa por debaixo do da área (84,57%), pero por riba do de Pontevedra (80,20%) e do de Galicia (76,80%), o que nos fala da importancia do traballo asalariado no concello de Fornelos de Montes.


Dentro do colectivo de asalariados hai un reparto bastante equitativo entre os traballadores fixos e os eventuais, inclinándose a balanza lixeiramente a favor dos últimos (52,32%) o que nos indica unha



elevada taxa de temporalidade no concello de Fornelos de Montes, posto que estes valores son moito máis baixos na AMV (32,45%), Pontevedra (37,75%) e Galicia (35,67%).

Por outra banda, o empresariado representa o 16,45% dos ocupados do concello, cifra que está por riba da mostrada pola AMV (14,90%), pero por debaixo dos valores de Pontevedra (18,82%) e Galicia (22,18%). Este empresariado adoita facer un traballo autónomo sen contratar persoal algún, posto que o 80,52% dos mesmos está dentro da categoría empresario que non emprega persoal, o que é indicativo dun tecido empresarial composto na súa maioría por microempresas. O resto, 19,48%, atópase dentro do colectivo de empresarios que teñen persoal asalariado.

Analizando a ocupación por situación profesional e sexo, podemos ver como o colectivo de ocupados homes é sempre maior en número o das mulleres, aínda que se nos fixamos na porcentaxe que representa cada unha das profesións dentro do colectivo, obsérvase como a proporción de mulleres empresarias é maior que a dos homes (17,52% fronte a 16,01%). Tamén se pode ver que as mulleres de Fornelos de Montes están sometidas a unha temporalidade moito maior que a dos homes, posto que no ano 2001 a porcentaxe de mulleres asalariadas que tiñan un contrato eventual era do 66,67%, mentres que a de homes era tan só do 46,57%.



Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001

No que se refire á poboación ocupada de Fornelos de Montes por profesión, podemos ver como, en liñas xerais, os ocupados tenden a estar en grupos profesionais de media-baixa cualificación. Así o primeiro lugar ocúpalo os *traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores*, que representan o 26,28% dos ocupados. En segundo lugar atópanse os *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería*, cun 23,26%, e por detrás sitúanse os traballadores non cualificados, cun 14,96%, e os operadores de instalacións de maquinaria e montadores, cun 12,18%. O resto das profesións, móvense nuns valores bastante discretos, sobre todo cando se trata de postos de dirección e técnicos, onde non se pasa do 6%.



Caso bastante curioso é o dos *traballadores cualificados na agricultura e na pesca*, posto que aínda que Fornelos de Montes é un concello cun marcado carácter rural, a agricultura non ten o peso que existe noutros espazos rurais de Galicia e ademais a cualificación desta man de obra é bastante reducida. De feito, este colectivo só representaba o 3,21% dos ocupados.

Se estudamos a profesión da poboación ocupada por sexos, podemos apreciar grandes diferenzas. Así, no caso dos homes as profesións están máis relacionadas coa industria e os servizos, mentres que a das mulleres estano cos servizos, os traballos non cualificados e os de tipo administrativo. Para os homes, no ano 2001, as tres profesións máis representativas eran as de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras*, cun 29,91% dos ocupados, os *traballadores de servizos de restauración*, cun 21,90%, e os *operadores de instalacións e maquinaria*, cun 13,60%. Mentres que para as mulleres as tres profesións que máis mulleres ocuparon no ano 2001 foron as *traballadoras de servizos de restauración*, cun 33,58% das ocupadas, as *traballadoras non cualificadas*, cun 21,90%, e as *empregadas de tipo administrativo*, cun 17,52%. Ademais, as mulleres teñen máis dificultades para chegar aos postos directivos, o chamado “teito de cristal”, posto que mentres que o 2,11% dos ocupados homes desempeñan traballos de *dirección das empresas e das administracións públicas*, tan só un 1,46% das ocupadas de Fornelos de Montes chegan a este tipo de postos. Esta diferenza entre sexos tamén se fai notar nos postos técnicos e de apoio ás labores de dirección.

Desta análise da ocupación despréndense varias conclusións, como son:

- O concello de Fornelos presenta unhas taxas de ocupación moi baixas que están relacionadas coa caída da actividade agraria, co avellentamento da poboación e coas dificultades para atopar un emprego, que se ven máis acusadas para as mulleres.
- A crise das actividades agrarias ademais de facer caer a taxa de ocupación está a provocar un cambio na redistribución sectorial dos traballadores, sendo a industria e a construción os novos sectores elixidos.
- A maior parte dos ocupados do concello traballan en concellos veciños, sendo Vigo e Porriño os que concentran unha maior cantidade de fornелenses.
- Os traballadores por conta allea de Fornelos de Montes soportan unha alta taxa de temporalidade o que vai determinar unhas cifras de paro moi inestables e cunha estacionalidade moi alta.
- As mulleres do concello son as que peor o teñen á hora de buscar un emprego, posto que as oportunidades son máis ben escasas e ademais están concentradas nos servizos, onde a temporalidade é maior.



### 7.3. Desemprego

Os valores do paro rexistrado obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc.

Estas estatísticas difiren das aportadas pola EPA debido a que mentres que estas resultan dunha estimación estatística, os primeiros son resultado dun rexistro no que por diversos motivos non todos os colectivos se inscriben (por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo), ou determinados desempregados non son computados como parados (os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos, demandantes dun emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego). Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego ou que xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar ao mundo laboral.

Tendo en conta isto, decantámonos por coller os datos do desemprego proporcionado polas oficinas de emprego da Xunta de Galicia debido á súa mellor accesibilidade é ao feito de que os datos da EPA ao seren o resultado dunha enquisa, non se poden obter a escala local. Así é todo, os datos cos que traballamos supoñen un bo indicador da composición e da evolución do desemprego no concello de Fornelos de Montes.

Para proceder ao análise do desemprego no concello imos estudar os datos dende varios puntos de vista:

- Dende un punto de vista temporal, no que se analizará a súa evolución ao longo dos anos 2003 e 2004, así como a súa porcentaxe de variación con respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Dende un punto de vista espacial, no que se compara a evolución da cifra de desemprego de Fornelos de Montes coas da área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia.
- Dende a perspectiva dos sexos e da idade dos demandantes.
- Dende un punto de vista sectorial, no que se estuda o sector de actividade de onde proveñen os desempregados.

No concello de Fornelos de Montes o desemprego experimentou numerosos altos e baixos durante os dous últimos anos, alcanzando o seu máximo absoluto en decembro do 2003, con 180 desempregados, e o seu valor mínimo en xullo de 2004, con 118 desempregados. Durante este período, o desemprego pasou por unha etapa fortemente alcista, como foron os 3 últimos meses do




ano 2003, para, posteriormente no 2004, volver aos valores semellantes do ano anterior e rematar o período con 27 desempregados máis que en xaneiro de 2003, pero por debaixo dos valores acadados no 2004.



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior podemos observar como a evolución do desemprego presenta unha marcada estacionalidade que fai que descenda o volume de anotados nas oficinas do INEM durante o período que vai de abril a setembro, tendo os seus mínimos nos meses de xullo e agosto, para volver a remontar nos meses do outono e inverno (de outubro a marzo) e acadando os seus máximos nos meses de xaneiro e decembro.




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Se comparamos os valores do desemprego nos anos 2003 e 2004, pódese comprobar o anteriormente comentado para a evolución. Así, durante o segundo semestre do ano 2003 apréciase unha tendencia alcista, que se mantivo na primeira metade do 2004. A partir de xuño do 2004 as cifras de desemprego comezaron a estar por debaixo das do ano anterior e non volveron a superar os valores do período anual precedente en todo o segundo semestre.








Fonte: informe mensula do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior represéntase a comparativa das evolución do desemprego coa área metropolitana, a provincia de Pontevedra e a comunidade autónoma de Galicia. Para iso tomouse como dato de referencia o do desemprego de xaneiro de 2003, co que se obtén a variación en termos relativos das cifras de desemprego nos catro territorios. Así podemos observar como o crecemento foi claramente maior no concello de Fornelos, mentres que nas outras zonas os valores estiveron fluando cunha variación que nunca excede do 10% en torno ao valor de xaneiro de 2003. En Fornelos o crecemento disparouse nos meses de decembro 2003 e xaneiro 2004, para caer en picado en xullo, agosto e setembro de 2004, e despois volver a subir a finais do 2004 e principios de 2005. Tamén se pode observar como os ciclos de actividade son moito máis marcados debido as altas taxas de temporalidade no emprego do concello.




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC


Se nos fixamos na distribución e evolución do desemprego do concello de Fornelos de Montes por sexos, pódese observar como en todo o período as cifras de paro femininas estiveron sempre por riba das masculinas. Ademais as diferenzas en número entre un e outro sexo estiveronse



incrementando dende marzo de 2003, para acadar o seu máximo en setembro de 2003, cando o paro feminino chegou a representar o 59% do total do desemprego. Así mesmo, o paro feminino foi o que máis aumentou o número de efectivos durante o período xaneiro 2003-xaneiro 2005, agás no mes de decembro de 2003, no que as cifras dos homes experimentaron un importante aumento.



No que atinxe á idade dos demandantes de emprego, temos que o colectivo de persoas maiores de 25 anos é o que presenta un maior número de desempregados, cousa bastante normal se temos en conta a dimensión do colectivo. Así no ano 2003 o grupo de persoas de entre 25 e 64 anos representaba o 52,69% da poboación total, mentres que a mocidade de entre 15 e 24 anos so supuña o 11,42%. Polo tanto se tivésemos en conta as taxas de paro por grupo de idades teríamos que estas son máis altas para os mozos e mozas de Fornelos que para o resto de idades, posto que o peso relativo do paro neste colectivo é maior.



Analizando a evolución do desemprego por sectores de actividade económica podemos ver como os parados que proveñen do sector servizos son os que teñen un maior peso dentro do global. Ademais na súa evolución pódese apreciar unha marcada estacionalidade, que tal e como se apreciou en



gráficas anteriores está producida polos ciclos de actividade dos servizos. Os desempregados que proviñan deste sector chegaron a representar o 62,25% en decembro do 2004.

O seguinte grupo de parados en importancia é dos cualificados como *sen emprego anterior*, no que se engloba a todas aquelas persoas que se incorporan por primeira vez ao mercado de traballo, así como aquelas outras que, habendo traballado algunha vez, fai tempo que non o fan e non teñen unha cualificación onde clasificalos á hora de solicitar un emprego. Este colectivo chegou a representar en maio do 2003 o 30% dos desempregados fornелenses, pero nos últimos meses do 2004 estase reducindo en número e en porcentaxe, de tal xeito que en xaneiro do 2005 só representaba o 15,9%.

A construción e a industria presentan uns valores bastante parellos, observándose unha maior variabilidade na cifra de desempregados que proveñen da construción, debido aos ciclos de actividade que soporta o sector. Os parados que proveñen da industria acadaron a porcentaxe máxima do 14,96% en agosto do 2004, mentres que os da construción facíano en marzo de 2003 cun 13,57% do total de desempregados.

Por último, a agricultura presenta os valores máis baixos oscilando entre os 4 e os 5 desempregados. Este feito débese a que xeralmente o traballo neste sector faise a través de explotacións de tipo familiar onde non se soe empregar traballadores por conta allea o que fai que o volume de desempregados sexa baixo e estable no tempo.

A modo de conclusións poderíamos resaltar dúas características da poboación desempregada do concello que axudan a comprender a súa composición e evolución:

- O grande peso que ten o sector servizos dentro do emprego e a temporalidade dos seus contratos fai que a evolución das cifras de paro estean marcadas por unha elevada estacionalidade.
- O problema do desemprego ten unha especial incidencia nas mulleres e na poboación madura, pero a poboación moza é a que soporta as taxas de paro máis altas.

#### 7.4. Promoción do Emprego

Nas últimas décadas, e motivado pola difícil situación do mercado do traballo, véñense desenvolvendo un conxunto de medidas para fomentar o emprego, dando prioridade ás medidas activas e preventivas sobre as pasivas e correctivas. Estas políticas activas concíbense como instrumentos para desenvolver a inserción laboral dos desempregados, a través de incrementar o nivel formativo da poboación activa, favorecer a adaptación da oferta de profesionais ás demandas de emprego existentes, fomentar a información e o asesoramento para a consecución de emprego e promover e incentivar a iniciativa empresarial e a contratación.



A nivel local, as directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia de “*implantar un dispositivo que axude a promover iniciativas e articular mecanismos para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego non explotados susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego*”.

#### A) Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego

No concello de Fornelos de Montes a figura encargada de levar a cabo as políticas activas de emprego é a *técnica de emprego*, que ten atribuídas unha serie de funcións establecidas na orde pola que se regula a súa contratación e funcionamento e, nese marco, ofrecen aos emprendedores un conxunto de servizos que se concentran ao redor das seguintes labores principais:

- Prospección dos recursos ociosos e infrautilizados no territorio, identificando novas actividades económicas susceptibles de xerar proxectos empresariais de promoción económica, así como iniciativas innovadoras que creen emprego.
- Elaboración e posta en práctica de plans de actuación que contribúan á dinamización socioeconómica no seu ámbito de influencia a prol da iniciativa emprendedora e da creación de emprego.
- Difusión e estímulo dos potenciais proxectos de creación de novas unidades produtivas entre desempregados, promotores e emprendedores, así como entre as posibles institucións colaboradoras.
- Acompañamento técnico dos proxectos emprendedores que xurdan no territorio na fase do seu lanzamento, así como dos promotores, durante as primeiras etapas de funcionamento das novas empresas, para facilita-la súa consolidación como negocios sostibles que xeren postos de traballo.
- Asesoramento aos desempregados, en estreita coordinación con outras unidades do Servicio Público de Emprego de Galicia, así como con outros organismos da Administración Autonómica, para propiciar un maior coñecemento dos servizos e instrumentos existentes en favor da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional.



Deste xeito, a técnica de emprego do concello viu realizando as seguintes actividades:

- Actividades de sensibilización, cuxo obxectivo é o de propagar a información sobre as políticas activas de emprego. Neste eido desenvolvéronse accións para publicitar o programa LABORA, as axudas e subvencións para a creación de empresas e a contratación, as axudas a emigrantes retornados e sobre cursos de formación dirixidos a diversos colectivos do territorio.
- Atender as peticións de información e asesoramento sobre temas como a formación profesional e as subvencións para a creacións de empresa.
- Realización de informes para a solicitude dos programas de cooperación local e para o desenvolvemento local.
- Tamén se participou noutros proxectos levados a cabo polo PRODER II da Mancomunidade de Vigo.

Ademais, no concello desenvolveuse un *obradoiro de emprego* que se encargou da rehabilitación dunha antiga escola unitaria, situada na ribeira do encoro do Eiras, na parroquia de Oitaven. Este Obradoiro foi promovido polo concello a través das subvencións da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, comezando a súa andaina en xuño do 2002 e alongando a súa duración ata xuño do 2003. A finalidade do mesmo era de mellorar as posibilidades de inserción laboral de 36 persoas desempregadas de vintecinco ou máis anos de idade, despois de ser formados nas especialidades de albanelería, axuda a domicilio e cantería.

## B) Axudas e subvencións para a creación de emprego

En canto a axudas e subvencións en materia de emprego, o concello de Fornelos non ten ningunha liña propia, pero a técnica de emprego asesora e xestiona as que ten a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, da Consellería de Traballo. Estas axudas están dentro das políticas activas encamiñadas a crear máis e mellores postos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego planifica, coordina e xestiona diversos programas nos seguintes ámbitos:

- Incentivos á contratación por conta allea.
- Apoio a emprendedores: autónomos, economía social e iniciativas de emprego.
- Programas de cooperación.
- Escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Programa Labora: Xuventude con experiencia.



- Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

### C) Accións de desenvolvemento rural

O concello de Fornelos de Montes está dentro do ámbito de actuación do PRODER II, que xestiona a Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade de Vigo (ADR). Este proxecto basease na nova política europea de desenvolvemento rural, que propón establecer un marco coherente e duradeiro que garanta o futuro sostible das zonas rurais e contribúa ao mantemento e creación de emprego. Polo que se estableceu unha estratexia de desenvolvemento que persigue no seu conxunto un equilibrio territorial, medioambiental e socioeconómico.

Para iso a ADR considerou oportuno apostar firmemente pola utilización de novos coñecementos e tecnoloxías no medio rural, xa que na actualidade nos atopamos no limiar dunha nova revolución industrial. Polo que a estrutura adoptada parte de tres liñas directrices, interrelacionadas entre si e desenvolvidas en cinco ámbitos de actuación que se materializan a través de 10 actuacións diferentes que dan finalmente lugar a 20 accións concretas:

- *Liña directriz 1* - “Rede rural para o desenvolvemento das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (NTICs)”
  - Fomento do uso destas NTICs entre a poboación en xeral e as empresas, facilitándolle instrumentos, medios e asistencia.
- *Liña directriz 2* - “Mellora da competitividade mediante o uso das NTICs”
  - Reforzo das actividades existentes, incidindo nos subsectores agroforestal, turístico e comercio.
  - A creación de novas actividades mediante a potenciación dos sectores que están emerxendo na sociedade debido aos cambios nos modos de vida (acceso da muller ao emprego, maior tempo de ocio, avellentamento da poboación, maior concienciación pola natureza, aparición de novos mecanismos de acceso ao traballo, etc.).
  - Reforzo da identidade do territorio, realizando accións de promoción e valorización dos recursos, debido á variedade de espazos naturais, tradicións e patrimonio que posúe a área e que aínda están sen explotar.



- *Liña directriz 3* - “Servizos de proximidade”
  - Un proxecto piloto baseado nos teleservizos económicos-administrativos, dando prioridade ao acceso á información pública, ás transaccións en liña coas administracións, aos procedementos de contratación dixital e aos servizos sociais e culturais.

O obxectivo principal é conseguir un desenvolvemento sostido dos espazos rurais da Área de Vigo a través dun enfoque global e integrador que evite as disparidades territoriais que se están producindo. Si ben, este obxectivo xeral se pode concretar nuns máis específicos que se detallan de seguido:

- Reducir o illamento que sofre a poboación do medio rural, así como axudar a diminuír os desequilibrios espaciais.
- Afianzar as relacións tanto económicas como sociais.
- Revalorizar os recursos endóxenos das distintas zonas que conforman a área de Vigo tendo en conta as especificidades de cada unha delas.

## 8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS

Neste apartado imos estudar a economía e os sectores de actividade económica do concello de Fornelos de Montes dende a perspectiva da renda dos seus habitantes e do número e tamaño das empresas que realizan a súa actividade no concello. Para iso empregouse a información estatística sacada do servidos estatístico do IGE, referida a número de empresas e tamaño das mesma (central de balances), así como ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os apartados nos que se estrutura esta sección son os seguintes:

- Nivel de renda, onde se analiza os principais indicadores de renda do concello, comparándoos cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Estes indicadores están sacados do imposto da renda das persoas físicas, do que se obtén o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramo de base imponible do imposto, o rendemento medio declarado e a procedencia das rendas declaradas.
- Sectores produtivos e actividades económica, no que se fai unha análise, sector por sector, das actividades empresariais máis características do concello.
- Análise dun sector característico do concello.



### 8.1. Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento


Para o nivel de renda do concello de Fornelos de Montes empregáronse as estatísticas do imposto da renda das persoas físicas subministradas polo IGE. Estas estatísticas correspóndense os exercicios fiscais que van do ano 1999 ao 2003 e nelas podemos observar o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramos renda, o rendemento medio declarado no concello e a procedencia das rendas obtidas (traballo, actividades empresariais, actividades profesionais e outros). Os datos obtidos son un indicador dunha porción da renda do concello (a que se declara no imposto da renda) e polo tanto permítenos ter unha referencia sobre o nivel de riqueza, ademais de poder facer comparacións coa AMV, Pontevedra e Galicia. Pero hai que ter en conta que dentro do imposto da renda hai importantes conceptos de renda que non están dentro do feito imponible e que polo tanto non están recollidos dentro da definición de base imponible, como son as pensións de invalidez, viuvez ou orfandade, entre outras.

En canto aos outros parámetros de desenvolvemento, aquí imos empregar os índices calculados polo servizo de estudos económicos de La Caixa, como son o nivel económico e os índices de actividade, entre os que están o índice turístico, o índice de restauración e bares, o índice industrial, o índice comercial e o índice de actividade económica.

#### A) Nivel de renda

O Concello de Fornelos de Montes tiña 422 declarantes no ano 2003 o que supuña o 0,23% das persoas declarantes da área metropolitana. Esta cifra estivo a medrar no último ano, pasando dos 358 do ano 1999, aos 422, anteriormente comentados, do ano 2001, o que supuxo unha medra de 64 persoas, é dicir, un 15,17%.

Porcentaxe de número de declarantes por tramos de base imponible  
Ano 2003



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Se analizamos a distribución por tramo de renda das persoas declarantes de Fornelos de Montes, podemos observar como a maior parte dos mesmos están nos tramos máis baixos de renda, o que é indicativo dun nivel de riqueza baixo. É dicir, o 75,83% das persoas que fixeron a súa declaración do





ano 2003 teñen unha base imponible inferior aos 12.000 €, feito que non pasa no territorio da AMV, nin en Pontevedra o Galicia, onde a porcentaxe de declarantes que están por debaixo desta renda non chega ao 60%. Deste xeito o rendimento medio declarado no concello de Fornelos de Montes está moi por debaixo da media da área metropolitana e de Galicia, situándose en 9.029 €, o que supón o 59,84% da AMV e o 67,90% da galega.

Porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa procedencia  
Ano 2003



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Por outra banda, se nos fixamos na procedencia das rendas fornelenses, tal e como se aprecia na gráfica anterior, podemos observar como máis do 80% das mesmas proceden do traballo, valor este que está moi parecido ao da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Por detrás del, pero xa a moita distancia, están os ingresos de actividades empresariais e os cualificados como outros, nos que se recollen os producidos pola cesión ou arrendamento de bens ou capitais, entre outros, e que supoñen o 5,91% e o 5,8% da renda declarada, respectivamente. Por último as rendas que proveñen de actividades profesionais non sobrepasan o 5% do total.

## B) Outros parámetros de desenvolvemento

Os parámetros de desenvolvemento do concello de Fornelos de Montes foron os seguintes:

Outros parámetros de desenvolvemento  
Ano 2003

Concello	Fornelos de Montes	Pontevedra	Galicia
Nivel económico	3	4	4
Índice industrial	1	1792	6159
Índice comercial	0	2085	6088
Índice comercial polo xunto	0	2294	6347
Índice comercial polo miúdo	1	1962	5936

Fonte: anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa



Outros parámetros de desenvolvemento  
Ano 2003

Concello	Fornelos de Montes	Pontevedra	Galicia
Índice de restauración e bares	2	2056	6499
Índice turístico 2003	1	1137	3095
Índice turístico 1998	0	1158	2959
Índice actividade económica 2003	1	1763	5484
Índice actividade económica 1998	1	1765	5679

Fonte: anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa

### Nivel económico

No anuario económico do 2005, o servizo de estudos económicos calcula o nivel económico por concello tendo en conta o nivel de renda do mesmo e outros parámetros de desenvolvemento (liñas telefónicas, liñas RDSI e ADSL por habitante, proporción de poboación con estudos superiores sobre, proporción de poboación en postos de traballo cualificados, taxa do total de demandas de emprego sobre a poboación de 15 e máis anos, distancia media de cada concello á súa cabeceira da área comercial ou prezo medio do metro cadrado da vivenda). Estes datos correspóndense co ano 2003.

Este índice ten 10 niveis diferentes:

Niveis	Renda familiar dispoñible por habitante, en euros
1	Ata 7.200
2	7.200 - 8.300
3	8.300 - 9.300
4	9.300 - 10.200
5	10.200 - 11.300
6	11.300 - 12.100
7	12.100 - 12.700
8	12.700 - 13.500
9	13.500 - 14.500
10	Máis de 14.500

O concello de Fornelos ten un nivel económico de 3, o que o sitúa no estrato de 8.300 a 9.300 euros, por debaixo do da provincia e da comunidade autónoma, que están no nivel 4.

### Índice turístico

Índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido a 2003. Obtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE), que se basea á súa vez na categoría dos



establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual (todo ou parte do ano); polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística.

O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades (total euros recadación imposto = 100.000).

Para o concello de Fornelos de Montes este índice acadou un valor de 1, o que indicativo do pouco peso que ten o turismo no concello, que por outro lado non conta apenas con infraestrutura no sector.

#### Índice de restauración e bares

A importancia das actividades de restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares, etc.) mídese tamén de xeito comparado (entre comunidades autónomas, provincias e concellos), a través de números índices. O índice de restauración e bares calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE para o ano 2003. A base do mesmo é total nacional equivalente a 100.000 unidades, de xeito que se reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) do concello dentro do global nacional.

Este índice acadou un valor de 2 no ano 2003, o que é indicativo da baixa actividade do sector. Ademais se comparamos este valor está cos de Pontevedra e Galicia, dámonos conta do pouco peso do concello no contexto, xa que sobrepasaron nestes dous territorios os 2000 e 6000 puntos, respectivamente.

#### Índice industrial

Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) referido a 2003. Calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE da industria (incluída a construción) e ten como base 100.000 unidades, de tal xeito que o valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria do concello dentro do total de España.

O valor deste índice no concello de Fornelos de Montes foi de 1, o que ven a representar a baixa actividade industrial que ten o concello e o pouco peso do mesmo a nivel provincial e autonómico, posto que para Pontevedra e Galicia, o índice superou os 1700 e 6000 puntos, respectivamente.

#### Índice comercial

O índice comercial subdivídese en dous índices:

- Índice do comercio polo xunto
- Índice do comercio polo miúdo



Estes índices calcúlanse en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE correspondente ao ano 2003 do comercio polo xunto (índice do comercio polo xunto), do comercio polo miúdo (índice do comercio polo miúdo) e do comercio polo xunto e polo miúdo conxuntamente (índice comercial). O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade comercial do concello con respecto ao global estatal.

O índice comercial do concello é de 0, tanto a nivel global como para o comercio polo xunto. No comercio polo miúdo é de 1. Este valor ven indicar a pouca importancia do mesmo no contexto provincial e autonómico, posto que en Pontevedra acadáronse valores que roldan o 2000 e en Galicia a cifra están en torno ao 6000.

### Índice de actividade económica

Índice comparativo da actividade económica municipal do ano 2003. Obtense en función do imposto correspondente (IAE) ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. O valor do índice expresa dita importancia da actividade económica sobre unha base nacional de 100.000 unidades, equivalente ao total de ditas cotas tributarias empresariais e profesionais.

En Fornelos de Montes o índice acadou no ano 2003 un valor de 1, moi lonxe dos presentados por Pontevedra e Galicia, que superaron os 1700 e 5600 puntos, respectivamente. Isto é indicativo do pouco peso relativo do sector industrial do concello dentro do contexto provincial e autonómico.

### 8.2. Sectores produtivos e actividade económica


Para estudar os sectores produtivo e a actividade económica do Concello de Fornelos botouse man das estatísticas do directorio de empresas do IGE, no que se recollen as empresas con sede social en Galicia ou fóra de Galicia que realizan algunha actividade económica no noso territorio. Para iso, as estatísticas recollen información do Imposto de actividades económicas (IAE), do Rexistro Mercantil e do rexistro de contas de cotización e autónomos da seguridade social. Polo tanto non se recolle información sobre determinados sectores ou actividades económicas, como son a agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e administración pública. Para analizar este sector empregáronse o censo agrario de 1999, onde se recolle información diversa sobre as explotacións que o integran.

A pesares diso, as estatísticas do IGE proporcionan unha información relevante sobre o número de empresas e o tamaño de cada unha delas por estrato de asalariados, o que nos vai dar un indicativo da importancia relativa de cada un dos sectores de actividade económica.

O Concello de Fornelos de Montes contaba no ano 2003 con 47 empresas, o que representa o 0,16% do número de empresas da AMV. Isto é bastante significativo do pouco peso que ten a economía do concello dentro da área. A pesares diso o número de empresas mantivo unha tendencia alcista




durante o período 1999-2003, incrementándose en 7 novas entidades, o que supón un crecemento do 17,5% e representa un pequeno reponte da actividade no concello.



Fonte: central de balances. IGE

A maior parte destas empresas están dentro do sector servizos, que aglutina ao 65,96% do total. Aínda así, esta proporción é inferior as manifestadas pola área metropolitana (81,16%), Pontevedra (78,42%) e Galicia (77,74%). Por detrás, está a construción, con 10 empresas o que supón o 21,28% das empresas do concello. E por último, a industria, que conta con 6 empresas e representa o 12,77% do empresariado.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Ademais do número de empresas tamén é importante determinar o tamaño das mesmas. Neste senso cabe dicir que, no ano 2003, a totalidade das entidades empresariais fornenses tiñan un tamaño que as podería catalogar como microempresas, posto que ningunha pasaba dos 5 empregados, e o 95,74% das mesmas estaban no tramo de 0 a 2 traballadores.



Por outra banda, se nos fixamos na forma xurídica das empresas, temos que os autónomos son maioría, representando o 87,23% do total. Mentres que as sociedades limitadas, que é a outra forma que adoita escoller o empresariado do concello, tan só supuña o 12,77%.

Resumindo, se queremos caracterizar á empresa tipo do concello de Fornelos de Montes, teríamos que dicir que se trata dun autónomo que realiza unha actividade englobada no sector servizos e que ademais a penas contrata traballadores. Isto trae como resultado un entramado empresarial de pequeno tamaño e cun mercado moi reducido, sendo a escala de actuación practicamente local.

#### A) Sector primario


O sector primario comprende as actividades de extracción directa de bens da natureza, sen transformacións. Normalmente, enténdese que forma parte do sector primario a minaría, a agricultura, a gandería, a silvicultura e a pesca.

Para analizar este sector empregáronse os datos do censo agrario de 1999, que aportaron información sobre número de explotacións, idade dos titulares e composición da cabana gandeira. Ademais, para a análise dos subsectores de forestais e da minaría tívose en conta os datos achegados polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Fornelos de Montes do ano 2003 e pola técnico local de emprego do concello.


#### Agricultura e gandería

No ano 1999, o censo agrario de Fornelos, indicaba que había unhas 515 explotacións dedicadas as labores agrogandeiras, empregando a 772 persoas entre titulares (505), cónxuxes (158) e axudas familiares (109). O 99,03% destas explotacións teñen terras para o desenvolvemento da súa actividade, e o 0,97% carecen de terras e polo tanto desenvolven a súa actividade en cortes (granxas avícolas e porcinas fundamentalmente). Este dato choca nun principio co aportado polo censo de poboación e vivenda do ano 2001, onde se dicía que había 14 persoas empregadas na agricultura, pero hai que ter en conta que estas dúas fontes empregan unha metodoloxía distinta e dentro do número que manexa o censo agrario hai moitas persoas que fan da agricultura unha fonte secundaria de ingresos ou que están xubiladas e aínda manteñen unha certa actividade agrogandeira.





En canto aos titulares das explotacións, cabe salientar que o 62,77% dos mesmos teñen unha idade superior aos 55 anos, sendo ademais o 37,03% persoas con máis de 65 anos. Se a isto lle sumamos o feito de que tan só o 6,33% dos titulares das explotacións teñen menos de 34 anos, obtense un panorama onde se está a producir un avellentamento da poboación dedicada ás labores agrarias, ademais do feito de que non existe un relevo xeracional da mesma, o que trae consigo unha situación de abandono das tarefas agrarias e un transvase de emprego cara outros sectores económicos como poden ser os servizos ou a construción. Este transvase vense producindo dende os anos 70 pero tivo especial incidencia na década dos 80 e 90, coincidindo coa crise demográfica do medio rural.



Fornelos de Montes conta cunha cabana gandeira de 1.134 cabezas, onde os bovinos teñen un peso moi importante, posto que o 69,05% do gando pertence a este grupo. A este séguenlle, a bastante distancia, os equinos cun 16,36% e os ovinos cun 8,14%. O resto das especies teñen unha importancia bastante residual e na maioría dos casos constitúense en actividades complementarias da explotación gandeira, é dicir, son unha fonte máis de autoabastecemento.



En conclusión poderíamos dicir que o sector agrogandeiro de Fornelos de Montes ten un marcado carácter de subsistencia, xa que as explotacións adoitan ter un tamaño pequeno e as súas producións non están orientadas cara o mercado, senón que o fan cara o mantemento da propia explotación.

### Forestal

Segundo os datos do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Fornelos de Montes, e seguindo a tónica de tódolos territorios rurais de montaña, a maioría da superficie do solo atópase dedicada a usos dos coñecidos como de monte, tanto arborado coma de mato, ou mesmo ás superficies onde só se dan os afloramentos rochosos. A extensión que acadan estes tipos de solos é de 7.335 ha., e dentro dela a maior parte está composta por vexetación arbustiva ou de mato (6.114 ha.), o que supón o 73,57% do total da superficie do concello. A presenza de bosques é reducida limitándose a cultivos forestais e vexetación natural de canles, onde as especies predominantes son o eucalipto e o piñeiro, podendo acadar en conxunto unhas 1.000 Ha (12,03% da superficie total).

No que se refire o réxime de propiedade da terra, hai que dicir que a fórmula maioritaria no concello é a de monte mancomunado, que ocupa o 77,24% da superficie total do concello.

Número e superficie das comunidades de montes veciñais en man común

Concello	Nº CMVMC	Superficie HA.	% respecto á súa superficie
Fornelos de Montes	7	6.411,00	77,24

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Medio Ambiente. Ano 2003

Todos estes datos veñen a por de relevancia o potencial que presenta o concello no tema forestal e como este potencial non se está a aproveitar na actualidade debido ao escaso aproveitamento que as comunidades de montes fan da superficie forestal.

### Minaría

Debido ás características do solo o concello de Fornelos de Montes non se caracteriza pola actividade mineira, de feito nestes momentos non existe ningunha explotación destas características. A única canteira que existiu no concello estaba situada na parroquia de A Laxe, pero tivo que ser abandonada por problemas entre a empresa concesionaria e os veciños da zona.


Hoxe en día existe un proxecto na parroquia de As Estacas que está situada nuns terreos particulares, pero aínda non hai nada definitivo.





## B) Sector secundario

O sector secundario refírese ás actividades que implican transformación de alimentos e materias primas a través dos máis variados procesos produtivos. Normalmente inclúense neste sector a siderurxia, a industria mecánica, a química, o téxtil, a produción de bens de consumo, etc., así como, a construción, aínda que, debido á súa importancia, se pode contabilizar aparte. Neste apartado imos facer unha análise do sector desagregando os datos polos subsectores da industria e da construción, e analizando o número de empresas, tamaño e emprego xerado.



Fonte: central de balances. IGE

En Fornelos de Montes as dúas actividades que compoñen o sector secundario, a construción e a industria, teñen un peso moi similar. No ano 2003 a industria contaba con 6 empresas, e a construción con 10. Ademais as dúas estiveron a medrar nos últimos 5 anos, de xeito que no período 1999-2003, o aumento foi de 2 empresas para o sector industrial e de 6 para a construción, o que supuxo un crecemento do 40% e do 150%, respectivamente.

### Industria

A industria do concello de Fornelos de Montes estaba conformada, no ano 2003, por 6 empresas que aglutinaban o 19,02% de emprego do concello e representaban o 12,77% do censo empresarial. Este subsector, como xa se comentou anteriormente, estivo medrando no que se refire ao número de empresas e emprego xerado, sendo a taxa de crecemento do 40% no período 1999-2003, no caso do número de entidades, e de 10,15 puntos porcentuais no período 1996-2001, para o emprego xerado polas mesmas.

Estas 6 empresas supoñen o 0,24% do censo de empresas industriais da área metropolitana, o que é significativo do pouco peso que ten a industria fornелense dentro do contexto da área. Ademais se o comparamos co peso demográfico do concello, pódese observar como aínda é menor, posto que a poboación do concello supuña o 0,44% da poboación da AMV, no ano 2005.



Se analizamos a composición deste sector, podemos ver como as actividades se reparten en:

Actividade	Nº de empresas
Fabricación doutros produtos alimenticios	1
Fabricación de elementos metálicos para a construción	2
Fabricación de artigos de coitelaría e cubertería, ferramentas e ferraxería	1
34.1 Fabricación de vehículos de motor	2

Fonte: central de balances. IGE

Tendo un maior peso por nº de empresas as actividades de *fabricación de elementos metálicos para a construción* e de *fabricación de vehículos a motor*. No caso desta última, correspóndese con dúas persoas autónomas que están desenvolvendo a súa actividade dentro dese sector, mentres que para a fabricación de elementos metálicos, trátase de dúas empresas de carpintería metálica.

As empresas que compoñen este sector teñen unha dimensión moi reducida posto que o 100% delas teñen menos de 6 empregados, podendo cualificarse como microempresas. Destas 6 empresas, 4 estaban no tramo de 0 a 2 empregados, mentres que tan só 2 tiñan entre 3 e 5 empregados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica das mesmas, podemos ver como os autónomos son maioría, con 4 empresas, mentres que a outra forma elixida, que é a de sociedade limitada, só conta con 2 empresas.

### Construción


O sector da construción do concello de Fornelos de Montes está composto por 10 empresas, que aglutinan ao 19,44% dos ocupados do concello e supoñen o 21,28% do censo empresarial. Ao igual que a industria, este sector estivo a medrar nos últimos anos tanto en emprego como en número de empresas. En emprego o crecemento foi do 9,93 puntos porcentuais no período 1996-2001, mentres que o incremento do censo empresarial foi do 150% entre o ano 1999 e o 2003.

As empresas de Fornelos de Montes que integran este sector dedícanse fundamentalmente a construción e reparación de edificios e teñen un tamaño bastante reducido, posto que ningunha contrata máis de 2 empregados, podendo cualificarse como microempresas. Ademais 8 destas empresas teñen a forma xurídica de autónomos, o que explica a pouca contratación do sector posto que normalmente se trata de autoemprego do propio empresario.



### C) Sector terciario

O sector terciario engloba as actividades que utilizan distintas clases de equipos e de traballo humano para atender as demandas de transporte, comunicacións e actividades financeiras como a banca, a bolsa, os seguros, etc. Para estudar este sector ímolo subdividir en 5 subsectores: hostalaría, comercio polo miúdo, comercio polo xunto, transporte e outros servizos (que inclúe actividades inmobiliarias, intermediación financeira, educación, sanidade e servizos prestados a comunidade).



Fonte: central de balances. IGE

Neste sector a actividade que conta cun maior número de empresas era no ano 2003 a da hostalaría con 12, seguida do comercio polo miúdo con 11, dos outros servizos (seguros, intermediación financeira, etc.) con 6 e do transporte con 2. Ademais, no concello de Fornelos de Montes non existe ningunha empresa dedicada ao comercio polo xunto.

En canto ao emprego, hai que dicir que no censo de poboación do 2001 a poboación ocupada nos servizos supuña o 58,33% do total, o que representa o primeiro sector de actividade do concello por volume de emprego. Pola contra o emprego no sector experimentou un descenso no período 1996-2001 tanto no número de ocupados como no seu peso relativo no mercado de traballo do concello, baixando en 86 persoas o número de ocupados e en 0,43 puntos porcentuais a súa representación no mercado de traballo do concello.

Se observamos a evolución do sector en número de empresas, podemos ver como durante o período 1999-2003 o número de empresas non variou, posto que segue en 31 empresas, pero si se produciron cambios dentro das actividades que compoñen o sector. Así, mentres que os outros servizos e a hostalaría medraban, o comercio polo miúdo vía como diminuía o número de empresas e os transportes mantiñan o seu nivel.

En canto ao tamaño das empresas do sector, podemos clasificar as empresas do sector como microempresas posto que ningunha delas pasa dos 2 traballadores contratados, o que configura un



panorama onde o autoemprego é a tónica dominante. Ademais a forma xurídica que predomina é a de autónomo con 29 empresas, o que representa o 93,55% do total, mentres que para as sociedades limitadas, que é a outra forma elixida, só existen dúas empresas.

### Hostalaría

No subsector da hostalaría están recollidos os hoteis, pensións, cámpings, restaurantes, establecementos de bebidas (bares e cafeterías), así como os comedores colectivos. Este subsector integra a 12 empresas, o que supón o 38,70% do censo de empresas de servizos do concello e fai que ocupe o primeiro posto por número de empresas. Ademais a hostalaría estivo crescendo en número de empresas durante o período 1999-2003, pasando de 11 a 12, o que supuxo unha medra do 9,09%, converténdose no segundo subsector que máis creceu dentro do terciario.

As empresas de Fornelos de Montes que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Cámping e outros tipos de hospedaxe de curta duración	1
Restaurantes	3
Establecementos de bebidas	7
Comedores colectivos e provisión de comidas preparadas	1

Fonte: central de balances. IGE

O tamaño que soen ter estas empresas é reducido posto que ningunha delas pasa dos dous empregados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 93,31% das mesmas están en mans de autónomos e soamente hai unha que teña a forma de sociedade limitada.

### Comercio polo miúdo

O subsector do comercio polo miúdo engloba as actividades de venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor, comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, así como, a reparación de efectos persoais e utensilios domésticos.

Durante o período 1999-2003 o subsector estivo perdendo empresas, pasando de 15 a 11, o que supuxo un retroceso do 26,66%. Isto fixo que o subsector fose o causante de que o crecemento experimentado no número de empresas do sector terciario fose moito menor, posto que o resto de



subsectores tiveron un comportamento positivo (hostalaría e outros servizos) ou estable (transportes).

As empresas de Fornelos de Montes que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Mantemento e reparación de vehículos de motor	1
Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	5
Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	1
Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	3
Comercio polo miúdo non realizado en establecementos	1

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que a totalidade das mesmas poden ser catalogadas como microempresas, posto que ningunha pasa dos 2 asalariados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que todas teñen a consideración de autónomos, polo que se podería dicir que o autoemprego constitúe a característica básica deste subsector.

### Transporte

O subsector do transporte engloba as actividades de transporte terrestre, transporte por tubos, transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores, transporte aéreo e espacial, actividades anexas aos transportes, actividades de axencias de viaxes, e actividades de correos e telecomunicacións. Este subsector conta con tan só dúas empresas e mantivo unha estabilidade total no censo empresarial durante o período 1999-2003, posto que non variou en nada o número de empresas.

As empresas de Fornelos de Montes que compoñen este subsector no ano 2002 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Outros tipos de transporte terrestre	2

Fonte: central de balances. IGE

As entidades que están dentro doutros transportes refírense a empresas que realizan transporte por estrada por medio de camións ou tráileres, polo tanto estamos a falar de empresarios autónomos



que teñen o seu propio vehículo e realizan traballos para outras empresas. Estes empresarios non soen contratar asalariados e, polo tanto, tratase dunha forma de autoemprego.

#### Outros servizos

O subsector de outros servizos engloba as actividades de intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, así como actividades de prestación de servizos persoais.

Este subsector experimentou un crecemento importante durante o período 1999-2003, posto que duplicou o seu número, pasando de haber tan só 3 empresas a 6 empresas, o que fixo que fose o subsector cun maior incremento dentro do sector terciario, contribuíndo en grande maneira ao crecemento do mesmo.

As empresas de Fornelos de Montes que compoñen este subsector repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Outras actividades empresariais	2
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	2
Actividades recreativas, culturais e deportivas	1
Actividades diversas de servizos persoais	1

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas, temos que dicir que ningunha delas pasa dos 2 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais se nos fixamos na forma xurídica das mesmas, temos que o 90,90% son autónomos e o resto sociedades limitadas.

#### 8.3. Análise dunha actividade económica de Fornelos de Montes: O Kiriko

De recente construción, a Granxa Escola O KIRIKO dedícase a fomentar o contacto dos rapaces coa natureza, a convivencia e o respecto aos animais, a través da actividades e clases orientadas por profesionais nun contorno único.

Os programas da Granxa Escola O KIRIKO van dirixidos aos grupos de rapaces de todas as idades, ofrecéndolles un conxunto de experiencias enmarcadas no ámbito rural e en contacto coa natureza, e fomentando o sentido crítico do uso dos recursos naturais e a súa preservación. As estancias poden ser de un ou varios días, incluídos fines de semana e vacacións.



Cos programas de actividades, a empresa pretende contribuír ao coñecemento do medio rural e crear conciencia ambiental, sen descoidar o aspecto lúdico, creativo e de convivencia para lograr o enriquecemento persoal dos participantes.

#### A) Localización

A Granxa Escola O KIRIKO atópase en Soutosico, Fornelos de Montes (Pontevedra). Está encadrada nun espazo natural de grandes zonas de bosque autóctono (carballeiras, bosques de ribeiras...), ao pé do embalse de Eiras, no río Oitavén, nunha paisaxe eminentemente agrícola.

#### B) Instalacións

A finca ocupa oito hectáreas e está moi ben comunicada cos núcleos de poboación máis importantes da provincia. Ademais posúe un edificio de 1.850 m<sup>2</sup>, que dispón de todos os servizos necesarios para albergar hasta 150 persoas de visita diaria ou 120 en réxime de pensión completa.

Dentro do edificio, dispónse de catro dormitorios equipados con liteiras, aseos e duchas, salón comedor, cociña, obradoiros, aula de audiovisuais, biblioteca e enfermería, tamén conta con calefacción en todas as estancias.

As instalacións se completan con zonas de xogo, deportes, piscina, e aulas adecuadas para o desenvolvemento de múltiples actividades en contacto coa natureza como son: horta, invernadoiro, zona de animais e cortes.

#### C) Persoal

O equipo humano está formado por profesionais do tempo libre e a educación, así como persoal de cociña, mantemento, limpeza e administración.



## D) Actividades

Estas son algunhas das actividades que poden realizarse na granxa escola:

OBRADOIROS	TRANSFORMACIÓN DE ALIMENTOS	O BOSQUE ANIMADO
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coiro.</li> <li>• Cestería.</li> <li>• Reciclado.</li> <li>• Tinxido de lá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Moído do gran.</li> <li>• Repostería.</li> <li>• Marmeladas.</li> <li>• Pans.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sendeirismo.</li> <li>• Rutas en carro.</li> <li>• Itinerarios de interpretación ambiental.</li> <li>• Marcas e rastros de animais.</li> <li>• Coidamos o noso contorno.</li> </ul>
A CASA DAS PLANTAS	AS VOCES DA GRANJA	DEPORTES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da horta (plantacións, recolección de froitos...).</li> <li>• Plantas aromáticas e medicinais.</li> <li>• Sementeiros no invernadoiro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coidado de animais da granxa (alimentación, manexo...).</li> <li>• Ciclo da vida animal.</li> <li>• A incubadora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Piscina.</li> <li>• Equitación.</li> <li>• Piraguas.</li> <li>• Fútbol.</li> </ul>

### TEMPO LIBRE

- Xogos populares e cooperativos.
- Gymkanas.
- Busca do Tesouro.
- Cine ao aire libre.
- Biblioteca.
- Festas temáticas.
- Veladas.





## 9. TERCEIRO SECTOR

Segundo datos facilitados polo concello de Fornelos de Montes, en outubro do ano 2005, o concello contaba con 14 asociacións inscritas no seu rexistro. Segundo a tipoloxía recollida no cadro, a maioría son “asociacións de veciños”, un total de 5, seguidas de 3 “asociacións culturais”, 2 “asociacións recreativas” e 2 de “pais de alumnos/as”. Os dous tipos “asociacións culturais e recreativas” e “consumidores e amas de casa”, contan cunha asociación representante cada unha no concello.

Tipoloxía e número de asociacións non lucrativas en Fornelos de Montes.

Ano 2005

Tipo de asociación	Nº de asociacións
Asociación cultural e recreativa	1
Asociación recreativa	2
Asociación de veciños	5
Asociación cultural	3
Asociación de consumidores e amas de casa	1
Asociación de pais de alumnos	2
TOTAL	14

Fonte: Concello de Fornelos de Montes. 2005



## 10. DAFO DE FORNELOS DE MONTES

## 10.1. Encadre territorial

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A súa localización periférica no espazo da AMV, que o caracteriza por un certo illamento con respecto aos principais núcleos poboacionais da AMV</li> <li>• Caracter montañoso de parte do seu territorio</li> <li>• Dispersión nos asentamentos de poboación</li> <li>• Escasa valoración do rural por parte da poboación local en favor da vida na cidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A presión poboacional de Vigo e áreas urbanas próximas</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Situación xeográfica próxima á cidade de Vigo, Pontevedra, e outras áreas urbanas</li> <li>• Conservación do entorno rural e das súas características (paisaxes, xentes, tranquilidade, etc.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posibilidade de transformarse nun espazo de ocio e contacto coa natureza para a poboación urbana da AMV</li> <li>• Posibilidade de converterse nunha zona residencial da área de Vigo</li> <li>• Integración na futura AMV</li> </ul>



## 10.2. Recursos naturais

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Condicións climáticas adversas con veráns temperados, invernos fríos e precipitacións frecuentes todo o ano e abondosas canto máis ao Leste. As xeadas e néboas tamén son frecuentes entre outono e primavera</li> <li>• Inexistencia de boas comunicacións que permitan acceso aos recursos naturais</li> <li>• Escasa valoración dos recursos naturais por parte da poboación local</li> <li>• Falta de actividades sostibles de aproveitamento do monte por parte das comunidades de montes</li> <li>• Abandono dos solos tradicionalmente aproveitados para uso agrario</li> <li>• Redución considerable das actividades gandeiras vinculadas ao pastoreo e ao gando ceibe, que axudaban á conservación do monte</li> <li>• Falta de relevo xeracional nas actividades agrogandeiras</li> <li>• Dificultade do acceso á terra para as persoas que queren iniciar unha actividade agropecuaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A demanda de recursos forestais que levan a aproveitamentos non sostibles do territorio</li> <li>• Ocupación dos pasteiros abandonados por especies foráneas e de crecemento rápido, coa conseguinte degradación do solo</li> <li>• Aumento considerable do número de incendios forestais</li> <li>• A mala explotación dos recursos xeolóxicos que afectan de maneira directa á conservación da flora e fauna da zona</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Certa diversificación do aproveitamento dos solos: forestal, cultivos anuais, viñedos, mato-pasteiro, que permitiu a conservación das características rurais do territorio.</li> <li>• Abondosa superficie forestal (80% do concello)</li> <li>• Rede hidrográfica importante e ben conservada que se estende por todo o territorio</li> <li>• Pertenza á Serra do Suído, importante área de montaña da provincia é da comunidade autónoma</li> <li>• Existencia de recursos naturais de interese: Fraga do Couñago, Carballeira do Couso, Encoro de Eiras, Carballeiras do Barragán</li> <li>• Certa diversificación e riqueza na flora e fauna autóctona</li> <li>• Existencia da rede de camiños e pistas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escaseza de espazos naturais conservados no conxunto da área de Vigo e a provincia dedicados ao ocio da poboación urbana</li> <li>• Demanda de espazos de interior no conxunto da área, onde predominan os recursos marítimos</li> <li>• Cambio de tendencia por parte das administracións, na potenciación de espazos naturais de interior para diferentes aproveitamentos: recursos forestais, protección dos recursos naturais, etc.</li> <li>• Proximidade a núcleos de poboamento máis densamente habitados e con escaseza de espazos verdes e naturais</li> <li>• Aumento do interese e sensibilización xeral da poboación para a conservación de espazos cun importante valor natural, paisaxístico e cultural</li> <li>• Aumento da demanda de actividades relacionadas co lecer no medio natural</li> </ul>



- Existencia no concello de espazos naturais dotados de certas figuras xurídicas de protección dos espazos naturais
- O concello está dentro do proxecto de desenvolvemento rural da MAIV: PRODER II

*Propostas de actuación:*

1. Plan de conservación dos espazos naturais, existentes como parte dun plan integral que inclúa actuacións no patrimonio cultural e etnográfico, de xeito que o concello ofrezca atractivos á poboación local, á da AMV e demais visitantes. Este tipo de actuacións integrais poderían ser abordadas dende unha óptica supramunicipal, conxuntamente con municipios das mesmas características, por exemplo, Pazos de Borbén, Soutomaior, A Lama, Mondariz, Ponte Caldelas, O Covelo, etc.
2. Planificación e aproveitamento sustentábel dos recursos forestais, como a rexeneración das áreas degradadas, a repoboación e substitución das especies arbóreas foráneas por especies autóctonas
3. Repoboamento da fauna (especies cinexética e de peixes) nos montes e ríos do concello
4. Aproveitamento dos ríos e os recursos asociados aos mesmos (arquitectónicos, naturais, etc.) para usos recreativos, deportivos e culturais, por exemplo o río Barragán e as súas carballeiras, o Oitavén e o seu encoro, etc.
5. Actividades orientadas cara a sensibilización e implicación da poboación local na conservación do seu entorno
6. Aproveitamento e recuperación da intensa rede de camiños e pistas para a creación de sendeiros naturais que comuniquen os diferentes recursos
7. Recuperación de edificacións antigas para dedicalas a albergues ou algunha outra modalidade de aloxamento, hostalaría, etc.
8. Sinalización dos recursos de especial interese natural como as carballeiras do Barragán, a Serra do Suído, as zonas de baño do Oitavén, a Carballeira do Couso, a Fraga do Couñago ou as fontes do río Tea
9. Contar cun grupo organizado e estable durante todo o ano de persoas formadas e capacitadas para levar a cabo medidas de prevención e extinción de incendios forestais
10. Fomento de novas actividades que dean oportunidades de emprego á poboación moza, co fin de evitar o despoboamento do campo e garantir a conservación do medio rural e forestal (cooperativismo, actividades forestais, turismo, etc.)



11. Creación dun banco de terras que favoreza o acceso a elas ás persoas que desexen desenvolver novas iniciativas agrogandeiras
12. Desenvolvemento da concentración parcelaria para favorecer a posta en marcha de explotacións máis viábeis segundo o mercado actual afín de evitar a degradación dos solos agrarios
13. Realización de actividades de sensibilización para a poboación local en idade de xubilación, para fomentar o aproveitamento das súas terras mediante sistemas de arrendamento, parceria, cooperativismo de terras, etc., para evitar o desaproveitamento dos terreos agrarios, así axudariase á prevención de incendios e daríanse oportunidades á poboación máis nova, evitando a súa marcha cara outro lugar
14. Creación dun programa de xestión municipal para fomentar o aproveitamento dos recursos forestais, que actualmente se atopan reducidos á explotación madeireira. Por exemplo, a utilización do toxo para a creación de abonos naturais, fomento da micoloxía, etc.
15. Control das fontes de contaminación emitidas polas industrias extractivas afincadas no concello e que deterioran o medio natural así como reducen a biodiversidade



### 10.3. Recursos culturais e patrimonio

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Abandono dos recursos patrimoniais</li> <li>• Deficiente estado de conservación de parte do patrimonio</li> <li>• Difícil acceso aos recursos</li> <li>• Falta de sinalización da localización dos recursos</li> <li>• Falta de medidas para a conservación dos recursos</li> <li>• Inexistencia de diagnóstico sobre oficios tradicionais, costumes e tradicións</li> <li>• Escaso coñecemento da poboación local dos recursos existentes e do seu legado cultural</li> <li>• Escaso interese da poboación local para a conservación de determinados bens inmoebles</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presión demográfica de Vigo e outras zonas urbanas da área na busca de novos espazos urbanizables que poden ocupar superficies de especial valor paisaxístico e cultural</li> <li>• Construción de novas vías de comunicación que poden afectar á existencia e conservación dos recursos patrimoniais</li> <li>• A mala explotación dos recursos xeolóxicos que poden facer desaparecer parte do legado arqueolóxico.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Situación xeográfica próxima á cidade de Vigo e áreas industrializadas carentes de recursos patrimoniais</li> <li>• Existencia de recursos patrimoniais de interese: cidadela do monte da cidade, muíños, castro do monte da cidade, camiños, etc. enclavados en espazos de interese natural, carballeiras do Barragán</li> <li>• Existencia de patrimonio civil de interese.</li> <li>• Recursos gastronómicos de interese</li> <li>• Existencia de proxectos de desenvolvemento na Mancomunidade: PRODER</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diversificación da oferta turística da área metropolitana, centrada basicamente no turismo vinculado ao mar, ofrecendo espazos naturais de montaña con recursos etnográficos de interese</li> <li>• A demanda poboacional de turismo de calidade baseado no descanso, o contacto coa natureza, coa tradición, etc.</li> <li>• Proximidade a recursos turísticos de calidade no interior da provincia: Mondariz-Balneario</li> <li>• Existencia de Leis que garanten a conservación e velan pola defensa do patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural</li> <li>• Interese por parte da Administración Autonómica para fomentar a actividade turística nos concellos non marítimos, do interior, para descentralizar e desestacionalizar a oferta actual, baseada no turismo de sol e praia</li> </ul>

#### *Propostas de actuación:*

1. Actuacións orientadas a recuperación do patrimonio dentro dun plan integral que inclúa ademais conservación e recuperación de recursos naturais
2. Creación dun área de protección ambiental no entorno do río Barragán e Monte da Cidade orientada á conservación do seu patrimonio natural e cultural de cara á unha futura promoción de actividades vinculadas ao turismo verde ou de natureza



3. Diagnóstico sobre a existencia e posibilidades de recuperación dalgún oficio tradicional, recurso gastronómico, etc., como o forno panadeiro da parroquia de Calvos, ou a recuperación e posta en funcionamento dos muíños de auga para crear aulas de interpretación dos recursos
4. Sinalización axeitada dos recursos para acceder a eles sen complicacións
5. Creación de rutas e sendeiros aproveitando a intensa rede de camiños existente, para conectalos entre eles e poder deseñar e ofertar actividades e produtos atractivos para o visitante
6. Fomento da actividade restauradora aproveitando a riqueza e calidade dos produtos que ofrece este concello
7. Recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico (pazos, casa de indianos, casas grandes, etc.) e próximas a algún tipo de recurso para a creación de infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.)
8. Mellora do entorno da praia fluvial de Fornelos e creación dunha zona de acampada para tendas e autocaravanas co fin de poder atraer visitantes que gusten da natureza
9. Creación de material de difusión e dunha campaña de promoción dos recursos do territorio, con especial incidencia na utilización de novas tecnoloxías (internet, asistencia a feiras, etc.)
10. Posibilidade da realización dunha feira periódica no concello para a atracción de visitantes e compradores
11. Realización dunha festa gastronómica de exaltación dun produto típico do concello, para fomentar os produtos locais, a hostalaría e o comercio a través da chegada de visitantes
12. Actuacións integrais en materia de promoción do territorio e conservación dos recursos que poderían ser abordadas dende unha óptica supramunicipal xunto con outros municipios coas mesmas características como Pazos de Borbén, Soutomaior, A Lama, Mondariz, Ponte Caldelas, O Covelo, etc.
13. Creación dun museo etnográfico no entorno da capital municipal onde se recolla e amose a historia e cultura do concello a través das súas xentes e oficios xunto cos recursos que posúe
14. Creación de infraestruturas deportivas para a realización de actividades náuticas e de lecer no contorno do encoro de Eiras: escola de piragüismo e de vela, embarcadoiro, área de recreo (merendeiro, grellas, etc.), servizos básicos (duchas, vestiarios, baños, primeiros auxilios, etc.)



## 10.4. Organización do territorio, infraestruturas e equipamento

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de vertebración interna dos diferentes núcleos a través das comunicacións viarias</li> <li>• Mal estado de conservación das estradas</li> <li>• Escaseza de equipamentos de servizos sociais para a poboación: maiores, poboación infantil, etc.</li> <li>• Inexistencia de equipamento para atención á poboación maior</li> <li>• Inexistencia de centros de estudos relacionados coa agrogandería.</li> <li>• Inexistencia de oferta hostaleira e de aloxamento que se integre na oferta de turismo de natureza</li> <li>• Non aproveitamento dos edificios existentes para a creación de novos servizos en detrimento doutros de nova creación e que non se integren coa paisaxe, xerando certo feísmo urbanístico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O posible impacto negativo da futura autovía sobre os recursos naturais e patrimoniais do concello</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Situación xeográfica próxima á cidade de Vigo, Pontevedra, e outras áreas urbanas</li> <li>• Existencia de redes de camiños e pistas de montaña non aproveitados para actividades de ocio na natureza.</li> <li>• Existencia dun proxecto de mellora da estrada que conecta o concello con Pazos de Borbén e a cidade de Vigo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posibilidade de converterse nunha zona residencial da área de Vigo tras a construción da autovía que pasará polo concello pola redución de tempo de chegada a Vigo</li> <li>• O avellentamento da poboación da AMV fai prever un crecemento na demanda de servizos cara o colectivo de persoas da Terceira Idade</li> </ul>

*Propostas de actuación:*

1. Recuperación das redes de camiños existentes e orientalas á conexión dos diferentes núcleos de poboación e ao sendeirismo
2. Mellora e ampliación do firme das estradas locais que conectan os diferentes núcleos entre si
3. Dado o progresivo avellentamento da poboación do concello, poderíase levar a cabo un estudio de viabilidade para a posta en marcha dun centro de día, residencia de terceira idade que ademais poida dar servizo á poboación do conxunto da AMV, ofertando o concello como un lugar de descanso en contacto coa natureza
4. Favorecer a formación en especialidades agrogandeiras á través da oferta de cursos, especialmente dirixidos á poboación feminina e nova





5. Creación de infraestruturas deportivas no contorno do encoro de Eiras para a realización de actividades náuticas e de lecer: escola de piragüismo e vela, embarcadoiro, etc.
6. Mellora do contorno da praia fluvial de Fornelos e creación dunha zona de acampada para tendas e autocaravanas no entorno do río Parada
7. Acondicionamento das zonas verdes e áreas de ocio do concello para a poboación local
8. Mellora na recollida e xestión dos Residuos Sólidos Urbanos xerados no concello



## 10.5. Poboación e vivenda

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descenso do número de habitantes</li> <li>• Emigración da poboación nova</li> <li>• Avellentamento progresivo (o 26,11% da poboación ten mais de 64 anos de idade). Aumento significativo do índice de envelhecimento: 73,28 ano 1991, 153,33 no 2001</li> <li>• Saldo migratorio negativo</li> <li>• Baixo nivel formativo da poboación, especialmente a feminina (74,63% da poboación analfabeta é feminina)</li> <li>• Malas comunicacións por estrada</li> <li>• Escasa oferta de vivendas en aluguer</li> <li>• Escasa limpeza das rúas do concello</li> <li>• Escaseza das zonas verdes acondicionadas para a poboación local</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Crecente e continuo crecemento urbanístico doutras zonas da AMV</li> <li>• Mellor oferta de servizos básicos noutros concellos da AMV, o que produce unha fuxida da poboación local cara eles</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Retorno de poboación emigrante</li> <li>• Presenza e aumento da poboación inmigrante</li> <li>• Baixa densidade de poboación fronte a espazos urbanos da área de Vigo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posibilidade de converterse nunha zona residencial da área de Vigo</li> <li>• Previsible cambio nas política autonómica que pode favorecer o mantemento da súa poboación</li> <li>• A posible construción dunha autovía que pase preto da capital municipal reduciría o tempo de chegada ao concello dende a principal cidade e das vilas integradas dentro da AMV</li> </ul>

*Propostas de actuación:*

1. Dar prioridade á fixación e atracción de poboación nova ao concello: vivendas, emprego no ámbito agrogandeiro, etc.
2. Establecer programas formativos e de emprego nos que a poboación feminina sexa a principal beneficiaria das accións
3. Atención á poboación maior do concello a través de actividades socioculturais, axuda a domicilio, etc. Dado o progresivo avellentamento da poboación de Fornelos e do conxunto da AMV, posta en marcha dun centro de día, residencia de terceira idade, ofertando o concello como un lugar de descanso en contacto coa natureza
4. Acondicionamento das zonas verdes e áreas de ocio do concello para a poboación local



5. Mellora na recollida e xestión dos Residuos Sólidos Urbanos xerados no concello
6. Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro á xente moza
7. Mellora dos servizo xerais do concello ofertado á poboación local
8. Creación dunha liña de axudas para a reconstrución e rehabilitación das vivendas tradicionais, respectando a tipoloxía da súa edificación



## 10.6. Mercado de traballo

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Baixa taxa de actividade e ocupación, especialmente a feminina (Taxa de ocupación feminina: 13,24%)</li> <li>• As cifras de paro feminino están moi por encima das masculinas, sendo case o dobre</li> <li>• Mercado de traballo moi masculinado con poucas oportunidades de emprego para as mulleres</li> <li>• Baixa incidencia da poboación ocupada en actividades agrogandeiras</li> <li>• Altas taxas de temporalidade-estacionalidade na contratación</li> <li>• Dependencia maioritaria do sector servizos (Taxa de desemprego en decembro de 2004: 62,25)</li> <li>• Agrogandería como actividade complementaria e de autoconsumo.</li> <li>• Ausencia de poboación nova titular de explotacións (6% dos titulares teñen menos de 34 anos de idade)</li> <li>• Ausencia de estudos sobre potencialidades de produtos da zona e o seu aproveitamento</li> <li>• Inexistencia de análises sobre a existencia e posibilidades de desenvolvemento de oficios tradicionais, artesáns</li> <li>• Desaparición paulatina do comercio de proximidade</li> <li>• Posición periférica do concello respecto da AMV e as malas comunicacións que prexudican o asentamento de novas industrias que fomenten e favorezan a creación de emprego no concello</li> <li>• Escaseza de persoal técnico estable dedicado a desenvolvemento local</li> <li>• Escaso aproveitamento dos recursos de desenvolvemento existentes: mancomunidades, Xunta, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inexistencia de medidas por parte doutras administracións que favorezan a fixación de poboación activa no rural</li> </ul>



FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia do proxecto CONTA CON ELAS da Mancomunidade, dirixido á promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes</li> <li>Existencia de proxectos de desenvolvemento rural na Mancomunidade: PRODER II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Posibilidade de que se leven a cabo actuacións que favorezan o uso de terras abandonadas (banco de terras) para a fixación da poboación moza e a posta en marcha de explotacións viables</li> <li>Existencia de políticas públicas que favorecen a inserción laboral de mulleres</li> <li>Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa</li> </ul>

*Propostas de actuación:*

1. Necesidade de actividades económicas desestacionalizadas, que sexan principalmente asumidas por mulleres, dada a súa baixa taxa de ocupación (13,24%)
2. Estudos de viabilidade de posta en marcha de empresas cooperativas agrogandeiras, co obxectivo de superar tamén a temporalidade na contratación, favorecendo a incorporación de poboación nova e mulleres
3. Posibilidade de explotar o comercio de proximidade
4. Sensibilización e implicación das comunidades de montes no aproveitamento dos recursos do monte
5. Necesidade de desenvolver políticas de emprego a prol da muller a través da orientación laboral, formación, etc.
6. Reorientación das explotacións agrogandeiras cara o mercado de traballo a través de concentración das terras, fomento do cooperativismo e orientación das producións cara o mercado para favorecer o relevo xeracional no campo
7. Fomento das actividades artesanais como unha actividade alternativa a través da creación ou rehabilitación de obradoiros que fomenten o mantemento ou recuperación destes oficios tradicionais
8. Análise das posibilidades de financiamento dende diferentes administracións para as posibles propostas de actuación de desenvolvemento, etc.



## 10.7. Economía

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Agrogandería como actividade complementaria e de autoconsumo</li> <li>• Ausencia de poboación nova titular de explotacións (6% dos titulares teñen menos de 34 anos de idade)</li> <li>• Ausencia de estudos sobre potencialidades de produtos da zona e o seu aproveitamento</li> <li>• Desaparición paulatina do comercio de proximidade</li> <li>• Escasa modernización das explotacións agrogandeiras</li> <li>• Tamaño reducido das empresas do concello</li> <li>• Falta de solo industrial</li> <li>• Mala comunicación por estrada</li> <li>• Mal aproveitamento dos recursos forestais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de atractivos que favorezan a inversión empresarial no concello</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Na Mancomunidade de Vigo desenvólvese o proxecto CONTA CON ELAS da Mancomunidade, dirixido á promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes</li> <li>• Desenvolvemento de proxectos de desenvolvemento rural na Mancomunidade: PRODER II</li> <li>• Existencia de patrimonio civil de interese que pode ser aproveitado para oferta turística de hostalaría e aloxamento</li> <li>• O concello conta con recursos forestais importantes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posibilidade de que se leven a cabo actuacións que favorezan o uso de terras abandonadas (banco de terras) que favorezan a fixación da poboación moza e a posta en marcha de explotacións viables</li> <li>• Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento a instalación de empresas no concello</li> <li>• Boa consideración por parte da poboación galega de cara a celebración e asistencia a feiras e romarías</li> </ul>

*Propostas de actuación:*

1. Promoción de plans de ordenación do monte para conseguir un maior aproveitamento dos recursos forestais e unha maior profesionalización das comunidades de montes
2. Estudos de viabilidade de posta en marcha de empresas cooperativas agrogandeiras, co obxectivo de superar tamén a temporalidade na contratación, favorecendo a incorporación de poboación nova e mulleres
3. Reorientación das explotacións agrogandeiras cara o mercado de traballo a través de concentración das terras, fomento do cooperativismo e a reorientación das producións para favorecer o relevo xeracional no campo



4. Estudio de viabilidade de creación dunha pequena área industrial no concello
5. Promoción para a creación de empresas orientadas ao desenvolvemento de actividades turísticas e de tempo libre
6. Fomento da actividades artesanais como unha actividade alternativa a través da creación ou recuperación de obradoiros
7. Estudio das posibilidades de implantación de actividades relacionadas cos servizos sociais (atención a persoas maiores, poboación infantil, etc.)
8. Fomento da creación de comercios para a distribución e promoción dos produtos típicos do concello
9. Estudio da posibilidade da realización dunha feira no concello de carácter mensual para a fixación do mercado local, fomento dos produtos autóctonos e atracción de visitantes e compradores
10. Análise da posibilidade de realización dunha festa gastronómica de exaltación dun produto típico do concello, para fomentar os produtos locais, a hostalaría e o comercio
11. Favorecer o asociacionismo empresarial no concello a través da creación dunha asociación de empresarios e outras fórmulas
12. Recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico (pazos, casas de indianos, casas grandes, etc.) e próximas a algún tipo de recurso para a creación de infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.)
13. Facilitar a chegada e asentamento de empresas foráneas a través de incentivos e facilidades administrativas para que se establezan no concello e xeren postos de traballo
14. Aproveitamento das políticas autonómicas para o desenvolvemento de programas de formación e emprego (casa de oficio, obradoiros de emprego, escolas obradoiros, programas experimentais de emprego etc.)



## 10.8. Terceiro sector

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escasa incidencia e desenvolvemento do terceiro sector</li> <li>• Falta de promoción do asociacionismo</li> <li>• Escasa diversificación do tecido asociativo, sendo maioritariamente de veciños e culturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escasa densidade demográfica do concello e a presión que exercen outros espazos</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de proxectos de desenvolvemento na Mancomunidade: PRODER II que axudan ao asociacionismo local</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Integración na futura AMV</li> </ul>

*Propostas de actuación:*

1. Análise do tecido asociativo, posibilidades de actuación conxunta na identificación e posta en marcha de iniciativas: culturais, de servizos á comunidade, de conservación e valoración dos recursos
2. Crear liñas de axudas destinadas ás asociacións e ao desenvolvemento das súas actividades





## 10.9. Análise DAFO xeral

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localización periférica do concello respecto do resto dos da AMV</li> <li>• Mal estado das vías comunicacións de acceso ao concello e dentro del</li> <li>• Crise das actividades agrarias</li> <li>• Escaso aproveitamento dos recursos patrimoniais e naturais</li> <li>• Falta de motivación da poboación local para a conservación dos bens naturais e patrimoniais do concello</li> <li>• Escaseza de equipamentos e de servizos sociais para a poboación</li> <li>• Escasa oferta hostaleira e hoteleira</li> <li>• Avellentamento continuo e perda de poboación, escaseza de poboación nova residente</li> <li>• Saldo migratorio negativo</li> <li>• Baixa taxa de actividade e ocupación, especialmente feminina</li> <li>• Excesiva dependencia do sector servizos</li> <li>• Altas taxas de temporalidade e estacionalidade no emprego</li> <li>• Relevo xeracional non garantido no agro municipal</li> <li>• Tamaño reducido das explotacións e empresas</li> <li>• Desaproveitamento dos recursos endóxenos, forestal, agrícola, gandeiro, turístico</li> <li>• Escaso asociacionismo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presión demográfica que exerce a cidade de Vigo e a súa área metropolitana máis próxima</li> <li>• Explotación irracional dos recursos xeolóxicos e forestais e aumento dos incendios</li> <li>• Impacto negativo na construción de infraestruturas viarias</li> <li>• Inexistencia de medidas por parte das administracións que favorezan a fixación de poboación nova no rural</li> <li>• Falta de interese por parte do sector empresarial e industrial de fora do concello para investir nel</li> </ul>



FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proximidade a núcleos urbanos de elevada densidade demográfica dentro da provincia de Pontevedra</li> <li>• Conservación dos espazos rurais e das súas características</li> <li>• Existencia de espazos naturais de especial valor ecolóxico e ambiental</li> <li>• Existencia dunha intensa rede de camiños e pistas de monte desaproveitadas para uso de actividades de contacto coa natureza</li> <li>• Existencia de recursos patrimoniais ben conservados e de especial interese cultural e arqueolóxico (foxo dos lobos, Monte da Cidade, mámoas, sendeiros, etc.)</li> <li>• Existencia de proxectos de mellora das vías de comunicación que levan cara o concello</li> <li>• Existencia de programas de desenvolvemento rural PRODER II</li> <li>• Existencia do proxecto CONTA CON ELAS da MAIV dirixido a mellorar a inserción laboral da muller</li> <li>• Baixa densidade demográfica fronte a outras áreas máis urbanizadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posibilidade de converterse nunha zona residencial da área de Vigo</li> <li>• Integración na futura Área Metropolitana de Vigo</li> <li>• Cambio na demanda das actividades de lecer por parte dos visitantes, primando cada vez máis as relacionadas coa natureza e o tempo libre</li> <li>• Diversificación da oferta turística da área metropolitana, centrada basicamente no turismo vinculado ao mar, ofrecendo espazos naturais de montaña con recursos etnográficos de interese</li> <li>• Existencia de Leis que garanten a conservación e velan pola defensa do patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural</li> <li>• Escaseza de espazos de especial interese natural e cultural no conxunto da Área Metropolitana de Vigo, dedicados ao lecer e tempo libre</li> <li>• Cambio na orientación das políticas desenvolvidas na Administración Autonómica primando as relacionadas co desenvolvemento rural sostible</li> <li>• Existencia de políticas públicas que favorecen a inserción laboral de mulleres</li> <li>• Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa</li> <li>• Posibilidade de que se leven a cabo actuacións que favorezan o uso de terras abandonadas para favorecer a fixación da poboación moza e a posta en marcha de explotacións viables</li> </ul>



*Propostas e actuacións:*

1. Mellora e ampliación do firme das estradas locais que conectan os diferentes núcleos entre si
2. Desenvolvemento da concentración parcelaria para favorecer a posta en marcha de explotacións máis viábeis segundo o mercado actual afín de evitar a degradación dos solos agrarios
3. Creación dun banco de terras que favoreza o acceso a elas ás persoas que desexen desenvolver novas iniciativas agrogandeiras
4. Realización dun plan de conservación dos espazos naturais para o entorno do río Barragán e na Serra do Suído, como parte dun plan integral que inclúa actuacións no patrimonio cultural e etnográfico, de xeito que o concello ofrezca atractivos á poboación local, á da AMV e demais visitantes. Este tipo de actuacións integrais poderían ser abordadas dende unha óptica supramunicipal, conxuntamente con municipios das mesmas características, por exemplo, Pazos de Borbén, Soutomaior, A Lama, Mondariz, Ponte Caldelas, O Covelo, etc.
5. Planificación a través dos plans de ordenación do monte e a profesionalización das comunidades de montes que leven a un aproveitamento sustentábel dos recursos forestais, á rexeneración das áreas degradadas polos incendios forestais e a actuación humana, á repoboación e substitución das especies arbóreas foráneas por especies autóctonas, con especial incidencia nas áreas protexidas
6. Creación dun programa de xestión municipal para fomentar o aproveitamento dos recursos forestais, que actualmente se atopan reducidos á explotación madeireira
7. Realización dunha campaña de sensibilización dirixida á poboación local para promover a revalorización dos recursos propios
8. Un estudio de viabilidade para a posta en marcha dun centro de día, residencia de terceira idade que ademais poida dar servizo á poboación do conxunto da AMV, ofertando o concello como un lugar de descanso en contacto coa natureza
9. Recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico (pazos, casas de indianos, casas grandes, etc.) e próximas a algún tipo de recurso para a creación de infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.)
10. Estudio da posibilidade da realización dunha feira no concello de carácter mensual para a fixación do mercado local, fomento dos produtos autóctonos e atracción de visitantes e compradores
11. Análise da posibilidade de realización dunha festa gastronómica de exaltación dun produto típico do concello, para fomentar os produtos locais, a hostalaría e o comercio
12. Sinalización dos recursos de especial interese patrimonial e natural



13. Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro á xente moza
14. Creación dunha liña de axudas para a reconstrución e rehabilitación das vivendas tradicionais, respectando a tipoloxía da súa edificación
15. Establecer programas formativos e de emprego nos que a poboación feminina sexa a principal beneficiaria das accións
16. Contar cun grupo organizado e estable durante todo o ano de persoas formadas e capacitadas para levar a cabo medidas de prevención e extinción de incendios forestais
17. Fomento das actividades e oficios artesanais como unha actividade alternativa a través da creación ou recuperación de obradoiros
18. Reorientación das explotacións agrogandeiras cara o mercado de traballo a través de concentración das terras, fomento do cooperativismo e orientación das producións cara o mercado para favorecer o relevo xeracional no campo
19. Favorecer o asociacionismo empresarial no concello a través da creación dunha asociación de empresarios e outras fórmulas
20. Estudio de viabilidade de creación dunha pequena área industrial no concello
21. Aproveitamento e recuperación da intensa rede de camiños e pistas para a creación de sendeiros naturais que comuniquen os diferentes recursos
22. Mellora do entorno da praia fluvial de Fornelos e creación dunha zona de acampada para tendas e autocaravanas co fin de poder atraer visitantes que gusten da natureza
23. Creación de infraestruturas deportivas para a realización de actividades náuticas e de lecer no contorno do encoro de Eiras: escola de piragüismo e de vela, embarcadero, área de recreo (merendeiro, grellas, etc.), servizos básicos (duchas, vestiarios, baños, primeiros auxilios, etc.)
24. Creación de material de difusión e dunha campaña de promoción dos recursos do territorio, con especial incidencia na utilización de novas tecnoloxías (internet, asistencia a feiras, etc.)
25. Creación dun museo etnográfico no entorno da capital municipal onde se recolla e amose a historia e cultura do concello a través das súas xentes e oficios xunto cos recursos que posúe

